



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 260
20 de xaneiro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 27994 (11/POP-004143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o impacto da covid-19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galicia ao respecto

[98948](#)

Admisión a trámite e publicación

I 27189 (11/POP-003938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta xente nova

[98953](#)

I 27191 (11/POP-003939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos datos referidos ao uso problemático das novas tecnoloxías por parte da mocidade recollidos no informe realizado por Unicef España

[98955](#)

I 27193 (11/POP-003940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as causas dos atrasos na apertura do Centro de Saúde de Bouzas

[98958](#)

I 27195 (11/POP-003941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os informes elaborados polo Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

[98960](#)

I 27204 (11/POP-003942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda pública de Galicia segundo o Banco de España

[98963](#)



I 27211 (11/POP-003943)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego para atallar o perigo que supón o estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

[98966](#)**I 27218 (11/POP-003944)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento

[98970](#)**I 27230 (11/POP-003945)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións correctoras da política económica que vai impulsar o Goberno galego para afrontar as debilidades e incertezas no cadro macroeconómico de comezos de 2022

[98973](#)**I 27238 (11/POP-003946)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**

Sobre a licitación das obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense, sen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

[98976](#)**I 27242 (11/POP-003947)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o cumprimento do obxectivo de desestacionalizar a oferta turística da estación de montaña

[98979](#)**I 27248 (11/POP-003948)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre a dotación de persoal nas quendas de noite nas residencias de maiores

[98983](#)**I 27267 (11/POP-003950)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre as axudas para a compensación de danos producidos polo lobo

[98985](#)**I 27275 (11/POP-003951)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia

[98989](#)

I 27285 (11/POP-003952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061

[98992](#)

I 27295 (11/POP-003953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafuizamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela

[98996](#)

I 27297 (11/POP-003954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a retomar a atención presencial do servizo de paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña

[98998](#)

I 27298 (11/POP-003955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a consideración por parte do Goberno galego do cumprimento do protocolo de actuación covid-19 na aula de sexto de infantil do Colexio Gregorio Sanz, de Ribadeo

[99000](#)

I 27299 (11/POP-003956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa implantación dunha fábrica de fibras téxtiles na Mariña de Lugo

[99002](#)

I 27325 (11/POP-003957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723A, relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura

[99004](#)

I 27354 (11/POP-003958)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

[99005](#)

I 27355 (11/POP-003959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca [99006](#)

I 27362 (11/POP-003960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as negociacións da Xunta de Galicia para que se recoñeza a singularidade dos pastos arbustivos e baixo arboredo como admisible na súa totalidade [99007](#)

I 27364 (11/POP-003961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que pensa tomar o Goberno galego para que a produción ecolóxica de carne galega poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custos de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora [99010](#)

I 27366 (11/POP-003962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021 [99013](#)

I 27370 (11/POP-003963)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as incorporacións de mozos e mozas aos plans de mellora da actividade agrogandeira [99015](#)

I 27372 (11/POP-003964)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre a situación da muller no rural [99019](#)

I 27377 (11/POP-003966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para que as empresas do sector viveirista do Baixo Miño poidan beneficiarse dos fondos Leader e de non ser posible habilitar unha liña de axudas [99022](#)

I 27384 (11/POP-003967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a toma en consideración pola Xunta de Galicia da revisión do actual Plan de formación continuada impartido na CFEA de Monforte [99025](#)



I 27386 (11/POP-003968)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a previsión por parte da Xunta de Galicia de deseñar un plan integral de interacción coas universidades para que poida acudir o alumnado a facer prácticas e intercambiar coñecementos con outros centros experimentais na Finca Robles

[99028](#)**I 27392 (11/POP-003969)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para impedir a proliferación de lumes ao remate deste verán e durante o próximo outono

[99031](#)**I 27394 (11/POP-003970)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás marxes das liñas de alta e media tensión das estradas nacionais e mais das liñas de ferrocarril

[99038](#)**I 27397 (11/POP-003971)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia tendentes a comprometer orzamentariamente o importe necesario para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para o desenvolvemento dos servizos básicos e fixar poboación no rural no período da PAC 2023-2027

[99038](#)**I 27402 (11/POP-003972)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo

[99041](#)**I 27404 (11/POP-003973)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o balance da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero desde 2009

[99044](#)**I 27405 (11/POP-003974)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre a cantidade á que ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como



a mulleres que resultaron gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero [99046](#)

I 27406 (11/POP-003975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero [99048](#)

I 27407 (11/POP-003976)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas coas que conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas [99050](#)

I 27409 (11/POP-003977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acordo do 1 de xaneiro de 2022 entre os ministros de Pesca de España e Portugal [99052](#)

I 27413 (11/POP-003978)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba [99054](#)

I 27419 (11/POP-003979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrencia o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda [99057](#)

I 27427 (11/POP-003980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade [99059](#)

I 27428 (11/POP-003981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para impedir o avance da deterioración e abandono das instalacións portuarias e para mellorar a prestación de servizos [99063](#)

I 27429 (11/POP-003982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que levou e vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que o recente e futuros acordos entre a UE e o Reino Unido non sigan redundando na perda de dereitos e posibilidades de pesca para a frota galega.

[99068](#)**I 27430 (11/POP-003983)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a supresión de centros públicos e a redución de persoal neles

[99074](#)**I 27431 (11/POP-003984)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido en relación co *Brexit*

[99079](#)**I 27432 (11/POP-003985)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

[99084](#)**I 27434 (11/POP-003986)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a situación de temporalidade e precariedade das persoas traballadoras no ente público Portos de Galicia

[99087](#)**I 27435 (11/POP-003987)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a afectación da frota artesanal galega polo regulamento de control da pesca recentemente aprobado polo Parlamento Europeo

[99092](#)**I 27436 (11/POP-003988)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impedir que a Unión Europea inclúa o sector marisqueiro galego na nova normativa de control da pesca

[99097](#)**I 27437 (11/POP-003989)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación do polbo nas costas galegas

[99100](#)**I 27438 (11/POP-003990)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da Reserva de Axuste ao *Brexit* proposta pola Comisión Europea no relativo ao sector pesqueiro

[99103](#)**I 27439 (11/POP-003991)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a rexeneración e recuperación dos bancos e do sector marisqueiro afectados polas inclemencias meteorolóxicas do pasado mes de febreiro

[99107](#)**I 27440 (11/POP-003992)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto de reparación da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes

[99111](#)**I 27441 (11/POP-003993)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social

[99114](#)**I 27442 (11/POP-003994)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que os cursos exixidos aos traballadores do mar de mantemento da competencia poidan levarse a cabo en centros públicos e gratuítos

[99118](#)**I 27443 (11/POP-003995)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación de mortalidade de moluscos derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra

[99121](#)**I 27444 (11/POP-003996)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do persoal docente do instituto de ensinanza secundaria da Pobra do Caramiñal

[99125](#)**I 27449 (11/POP-003997)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para reparar a deficiente atención educativa no Centro de Educación Infantil e Primaria de Arzúa

[99129](#)

I 27451 (11/POP-003998)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para cumprir o acordo da Cámara en relación co plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia [99131](#)

I 27455 (11/POP-003999)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida [99136](#)

I 27467 (11/POP-004000)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos [99139](#)

I 27469 (11/POP-004001)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre o balance da primeira edición do Programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas [99141](#)

I 27470 (11/POP-004002)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego [99144](#)

I 27471 (11/POP-004003)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento [99147](#)

I 27472 (11/POP-004004)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022 [99150](#)

I 27473 (11/POP-004005)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas [99153](#)



I 27487 (11/POP-004006)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o incumprimento da lei na denominación toponímica oficial galega

[99156](#)**I 27502 (11/POP-004007)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría

[99159](#)**I 27504 (11/POP-004008)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a cobertura das prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela

[99162](#)**I 27506 (11/POP-004009)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre a cita presencial nos centros de saúde de Galicia

[99165](#)**I 27508 (11/POP-004010)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para instalar unha nova EDAR en Oia

[99168](#)**I 27510 (11/POP-004011)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para elaborar un novo plan galego de I+D+i no 2022

[99171](#)**I 27512 (11/POP-004012)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do executivo autonómico para convocar cursos de formación en protocolo covid para o persoal da hotalaría

[99174](#)**I 27514 (11/POP-004013)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da achega de recursos económicos para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador, en Vigo

[99176](#)**I 27517 (11/POP-004014)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas da Xunta para reactivar as artes escénicas en Galicia

[99178](#)

I 27518 (11/POP-004015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para reforzar con máis persoal o Instituto Galego de Consumo

[99181](#)

I 27520 (11/POP-004016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no mapa actual de xeodestinos

[99184](#)

I 27522 (11/POP-004017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre os atrasos nas obras da ampliación do Instituto Feiral de Vigo

[99187](#)

I 27524 (11/POP-004018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia para ampliar e reformar a nave de redeiras de Cangas

[99189](#)

I 27526 (11/POP-004019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para apoiar o desenvolvemento turístico da cidade de Vigo

[99192](#)

I 27528 (11/POP-004020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para desafectar a vivenda dos mestres do concello de Nigrán para darlle uso social

[99194](#)

I 27529 (11/POP-004021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para incrementar o orzamento no programa 751A, de ordenación, regulación e promoción do comercio interior

[99197](#)

I 27531 (11/POP-004022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para modificar as condicións do servizo de *catering* nos comedores escolares de Moaña

[99199](#)

I 27533 (11/POP-004023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as prazas vacantes de facultativos de atención primaria do centro de saúde de Vilaboa

[99202](#)**I 27535 (11/POP-004024)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía da limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo-A Guarda

[99205](#)**I 27537 (11/POP-004025)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade da parcela número 7 da travesía do Porto, en Burela, a dominio municipal

[99208](#)**I 27538 (11/POP-004026)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo

[99211](#)**I 27539 (11/POP-004027)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade do miradoiro da Limosa, de Burela, a dominio municipal

[99213](#)**I 27543 (11/POP-004028)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións necesarias no porto seco de Monforte de Lemos

[99216](#)**I 27544 (11/POP-004029)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a reindustrialización da Mariña lucense

[99218](#)**I 27545 (11/POP-004030)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 512B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación de estradas

[99220](#)**I 27547 (11/POP-004031)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 513A no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación portuaria [99221](#)

I 27548 (11/POP-004032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 514A no segundo trimestre do ano 2021, relativa a infraestruturas pesqueiras [99222](#)

I 27549 (11/POP-004033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a execución orzamentaria da partida 723B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca [99223](#)

I 27550 (11/POP-004034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a execución orzamentaria da partida 723C no segundo trimestre do ano 2021, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca [99224](#)

I 27551 (11/POP-004035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto [99225](#)

I 27552 (11/POP-004036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para implantar no vindeiro curso académico, na Mariña lucense, ciclos formativos da familia náutico-pesqueira que formen patróns de litoral e mecánicos navais [99227](#)

I 27553 (11/POP-004037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia [99229](#)

I 27554 (11/POP-004038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre os pasos dados pola Xunta de Galicia para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá [99231](#)

I 27555 (11/POP-004039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por acción do Goberno central [99233](#)

I 27557 (11/POP-004040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia para lograr que as medidas fiscais para 2023 inclúan a bonificación das taxas portuarias destas embarcacións [99235](#)

I 27558 (11/POP-004041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por acción do Goberno central [99239](#)

I 27560 (11/POP-004042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para o acceso profesional a un ben de dominio público como é o auditorio do monte do Gozo [99240](#)

I 27562 (11/POP-004043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o reforzo da demanda cultural e os Bonos Cultura [99243](#)

I 27564 (11/POP-004044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no plan anual de formación do profesorado [99246](#)

I 27575 (11/POP-004045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña [99249](#)

I 27576 (11/POP-004046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do plan director de saneamento no concello de Noia [99253](#)

I 27595 (11/POP-004047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o convenio colectivo de Xeal

[99258](#)

I 27606 (11/POP-004048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra

[99263](#)

I 27621 (11/POP-004049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

[99267](#)

I 27626 (11/POP-004050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

[99271](#)

I 27631 (11/POP-004051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a necesidade de darlle continuidade ao proxecto de investigación CovidBens

[99274](#)

I 27632 (11/POP-004052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre o acordo marco para que os hospitais privados rebaixen a listas de espera da Área Sanitaria de Vigo

[99277](#)

I 27633 (11/POP-004053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza

[99281](#)

I 27634 (11/POP-004054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para evitar o desafiuzamento de familias de vivendas en mans da SAREB no concello de Silleda

[99284](#)

I 27636 (11/POP-004055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre

[99288](#)



I 27638 (11/POP-004056)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre o coñecemento das accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria

[99291](#)**I 27643 (11/POP-004058)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal

[99294](#)**I 27645 (11/POP-004059)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galicia

[99297](#)**I 27647 (11/POP-004060)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria

[99300](#)**I 27648 (11/POP-004061)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a necesidade dun Plan de Mellora da Atención Primaria con recursos humanos e orzamento

[99304](#)**I 27649 (11/POP-004062)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria

[99306](#)**I 27650 (11/POP-004063)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dos galego falantes na Consellaría de Sanidade

[99309](#)**I 27654 (11/POP-004064)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafoque aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial

[99312](#)**I 27657 (11/POP-004065)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre a axilización da integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago

[99315](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xaneiro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27994 (11/POP-004143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o impacto da covid-19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galicia ao respecto

Admisión a trámite e publicación

- 27189 (11/POP-003938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta xente nova

- 27191 (11/POP-003939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos datos referidos ao uso problemático das novas tecnoloxías por parte da mocidade recollidos no informe realizado por Unicef España

- 27193 (11/POP-003940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as causas dos atrasos na apertura do Centro de Saúde de Bouzas

- 27195 (11/POP-003941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os informes elaborados polo Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

- 27204 (11/POP-003942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda pública de Galicia segundo o Banco de España



- 27211 (11/POP-003943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego para atallar o perigo que supón o estado de ruína do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

- 27218 (11/POP-003944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da proposta remitida polo Goberno central do novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento

- 27230 (11/POP-003945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións correctoras da política económica que vai impulsar o Goberno galego para afrontar as debilidades e incertezas no cadro macroeconómico de comezos de 2022

- 27238 (11/POP-003946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a licitación das obras de humanización da rúa Concordia, de Ourense, sen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- 27242 (11/POP-003947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o cumprimento do obxectivo de desestacionalizar a oferta turística da estación de montaña de Manzaneda

- 27248 (11/POP-003948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a dotación de persoal nas quendas de noite nas residencias de maiores

- 27267 (11/POP-003950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre as axudas para a compensación de danos producidos polo lobo

- 27275 (11/POP-003951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o prezo da luz a comezos de 2022 e as medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galicia



- 27285 (11/POP-003952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo de emerxencias do 061

- 27295 (11/POP-003953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa orde de desafiuzamento das vivendas do edificio sito no número 6 da rúa Mar Cantábrico, de Burela

- 27297 (11/POP-003954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a retomar a atención presencial do servizo de paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña

- 27298 (11/POP-003955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a consideración por parte do Goberno galego do cumprimento do protocolo de actuación covid-19 na aula de sexto de infantil do Colexio Gregorio Sanz, de Ribadeo

- 27299 (11/POP-003956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa implantación dunha fábrica de fibras téxtiles na Mariña de Lugo

- 27325 (11/POP-003957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723A, relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura

- 27354 (11/POP-003958)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

- 27355 (11/POP-003959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 27362 (11/POP-003960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as negociacións da Xunta de Galicia para que se recoñeza a singularidade dos pastos arbustivos e baixo arboredo como admisible na súa totalidade

- 27364 (11/POP-003961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que pensa tomar o Goberno galego para que a produción ecolóxica de carne galega poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custos de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora

- 27366 (11/POP-003962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre os expedientes tramitados e os proxectos presentados ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021

- 27370 (11/POP-003963)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as incorporacións de mozos e mozas aos plans de mellora da actividade agrogandeira

- 27372 (11/POP-003964)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre a situación da muller no rural

- 27377 (11/POP-003966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia para que as empresas do sector viveirista do Baixo Miño poidan beneficiarse dos fondos Leader e de non ser posible habilitar unha liña de axudas

- 27384 (11/POP-003967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a toma en consideración pola Xunta de Galicia da revisión do actual Plan de formación continuada impartido na CFEA de Monforte



- 27386 (11/POP-003968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a previsión por parte da Xunta de Galicia de deseñar un plan integral de interacción coas universidades para que poida acudir o alumnado a facer prácticas e intercambiar coñecementos con outros centros experimentais na Finca Robles

- 27392 (11/POP-003969)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para impedir a proliferación de lumes ao remate deste verán e durante o próximo outono

- 27394 (11/POP-003970)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás marxes das liñas de alta e media tensión das estradas nacionais e mais das liñas de ferrocarril

- 27397 (11/POP-003971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia tendentes a comprometer orzamentariamente o importe necesario para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para o desenvolvemento dos servizos básicos e fixar poboación no rural no período da PAC 2023-2027

- 27402 (11/POP-003972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o cumprimento da Xunta de Galicia da proposición non de lei aprobada en pleno respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo

- 27404 (11/POP-003973)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero desde 2009

- 27405 (11/POP-003974)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a cantidade á que ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultaron gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero



- 27406 (11/POP-003975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero

- 27407 (11/POP-003976)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas coas que conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas

- 27409 (11/POP-003977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do acordo do 1 de xaneiro de 2022 entre os ministros de Pesca de España e Portugal

- 27413 (11/POP-003978)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba

- 27419 (11/POP-003979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda

- 27427 (11/POP-003980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

- 27428 (11/POP-003981)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para impedir o avance da deterioración e abandono das instalacións portuarias e para mellorar a prestación de servizos

- 27429 (11/POP-003982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre as actuacións que levou e vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que o recente e futuros acordos entre a UE e o Reino Unido non sigan redundando na perda de dereitos e posibilidades de pesca para a frota galega

- 27430 (11/POP-003983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a supresión de centros públicos e a redución de persoal neles

- 27431 (11/POP-003984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido en relación co *Brexit*

- 27432 (11/POP-003985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

- 27434 (11/POP-003986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a situación de temporalidade e precariedade das persoas traballadoras no ente público Portos de Galicia

- 27435 (11/POP-003987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a afectación da frota artesanal galega polo regulamento de control da pesca recentemente aprobado polo Parlamento Europeo

- 27436 (11/POP-003988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impedir que a Unión Europea inclúa o sector marisqueiro galego na nova normativa de control da pesca

- 27437 (11/POP-003989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación do polbo nas costas galegas

- 27438 (11/POP-003990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da Reserva de Axuste ao *Brexit* proposta pola Comisión Europea no relativo ao sector pesqueiro

- 27439 (11/POP-003991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a rexeneración e recuperación dos bancos e do sector marisqueiro afectados polas inclemencias meteorolóxicas do pasado mes de febreiro

- 27440 (11/POP-003992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do proxecto de reparación da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes

- 27441 (11/POP-003993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social

- 27442 (11/POP-003994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que os cursos exixidos aos traballadores do mar de mantemento da competencia poidan levarse a cabo en centros públicos e gratuítos

- 27443 (11/POP-003995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación de mortalidade de moluscos derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra

- 27444 (11/POP-003996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do persoal docente do instituto de ensinanza secundaria da Pobra do Caramiñal

- 27449 (11/POP-003997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para reparar a deficiente atención educativa no Centro de Educación Infantil e Primaria de Arzúa



- 27451 (11/POP-003998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para cumprir o acordo da Cámara en relación co plan de arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia

- 27455 (11/POP-003999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida

- 27467 (11/POP-004000)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos

- 27469 (11/POP-004001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o balance da primeira edición do Programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas

- 27470 (11/POP-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego

- 27471 (11/POP-004003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento

- 27472 (11/POP-004004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022

- 27473 (11/POP-004005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas



- 27487 (11/POP-004006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o incumprimento da lei na denominación toponímica oficial galega

- 27502 (11/POP-004007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría

- 27504 (11/POP-004008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a cobertura das prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela

- 27506 (11/POP-004009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a cita presencial nos centros de saúde de Galicia

- 27508 (11/POP-004010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para instalar unha nova EDAR en Oia

- 27510 (11/POP-004011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para elaborar un novo plan galego de I+D+i no 2022

- 27512 (11/POP-004012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do executivo autonómico para convocar cursos de formación en protocolo covid para o persoal da hotalaría

- 27514 (11/POP-004013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da achega de recursos económicos para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador, en Vigo

- 27517 (11/POP-004014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas da Xunta para reactivar as artes escénicas en Galicia



- 27518 (11/POP-004015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para reforzar con máis persoal o Instituto Galego de Consumo

- 27520 (11/POP-004016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no mapa actual de xeodestinos

- 27522 (11/POP-004017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre os atrasos nas obras da ampliación do Instituto Feiral de Vigo

- 27524 (11/POP-004018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia para ampliar e reformar a nave de redeiras de Cangas

- 27526 (11/POP-004019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para apoiar o desenvolvemento turístico da cidade de Vigo

- 27528 (11/POP-004020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para desafectar a vivenda dos mestres do concello de Nigrán para darlle uso social

- 27529 (11/POP-004021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para incrementar o orzamento no programa 751A, de ordenación, regulación e promoción do comercio interior

- 27531 (11/POP-004022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para modificar as condicións do servizo de *catering* nos comedores escolares de Moaña

- 27533 (11/POP-004023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir as prazas vacantes de facultativos de atención primaria do centro de saúde de Vilaboa

- 27535 (11/POP-004024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía da limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo-A Guarda

- 27537 (11/POP-004025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade da parcela número 7 da travesía do Porto, en Burela, a dominio municipal

- 27538 (11/POP-004026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo

- 27539 (11/POP-004027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade do miradoiro da Limosa, de Burela, a dominio municipal

- 27543 (11/POP-004028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións necesarias no porto seco de Monforte de Lemos

- 27544 (11/POP-004029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a reindustrialización da Mariña lucense

- 27545 (11/POP-004030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 512B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación de estradas

- 27547 (11/POP-004031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 513A no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación portuaria

- 27548 (11/POP-004032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da execución orzamentaria da partida 514A no segundo trimestre do ano 2021, relativa a infraestruturas pesqueiras

- 27549 (11/POP-004033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a execución orzamentaria da partida 723B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca

- 27550 (11/POP-004034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a execución orzamentaria da partida 723C no segundo trimestre do ano 2021, relativa ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 27551 (11/POP-004035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto

- 27552 (11/POP-004036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para implantar no vindeiro curso académico, na Mariña lucense, ciclos formativos da familia náutico-pesqueira que formen patróns de litoral e mecánicos navais

- 27553 (11/POP-004037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia

- 27554 (11/POP-004038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre os pasos dados pola Xunta de Galicia para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá

- 27555 (11/POP-004039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por acción do Goberno central



- 27557 (11/POP-004040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia para lograr que as medidas fiscais para 2023 inclúan a bonificación das taxas portuarias destas embarcacións

- 27558 (11/POP-004041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da chegada de avances e melloras nas infraestruturas de Galicia por acción do Goberno central

- 27560 (11/POP-004042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para o acceso profesional a un ben de dominio público como é o auditorio do monte do Gozo

- 27562 (11/POP-004043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o reforzo da demanda cultural e os Bonos Cultura

- 27564 (11/POP-004044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no plan anual de formación do profesorado

- 27575 (11/POP-004045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña

- 27576 (11/POP-004046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do plan director de saneamento no concello de Noia

- 27595 (11/POP-004047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o convenio colectivo de Xeal

- 27606 (11/POP-004048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra

- 27621 (11/POP-004049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a creación dunha oficina de control orzamentario adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia

- 27626 (11/POP-004050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento

- 27631 (11/POP-004051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a necesidade de darlle continuidade ao proxecto de investigación CovidBens

- 27632 (11/POP-004052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre o acordo marco para que os hospitais privados rebaixen a listas de espera da Área Sanitaria de Vigo

- 27633 (11/POP-004053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza

- 27634 (11/POP-004054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as medidas a tomar para evitar o desafiuamento de familias de vivendas en mans da SAREB no concello de Silleda

- 27636 (11/POP-004055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre

- 27638 (11/POP-004056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o coñecemento das accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria



- 27643 (11/POP-004058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal

- 27645 (11/POP-004059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galicia

- 27647 (11/POP-004060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria

- 27648 (11/POP-004061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a necesidade dun Plan de Mellora da Atención Primaria con recursos humanos e orzamento

- 27649 (11/POP-004062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria

- 27650 (11/POP-004063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dos galego falantes na Consellaría de Sanidade

- 27654 (11/POP-004064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a capacidade do Goberno galego de afrontar un cambio de modelo en Atención Primaria que desafoque aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial

- 27657 (11/POP-004065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a axilización da integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o impacto da Covid19 nas residencias de maiores e as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar canto antes o alcance do impacto da Covid19 nas residencias de maiores así como as medidas que adoptou a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explosión de casos positivos de Covid19 no conxunto da sociedade galega durante a sexta onda da pandemia (finais de 2021 – comezos de 2022) está a ter o seu impacto tamén nas residencias de maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se algo aprendemos durante os últimos anos é que a transmisión comunitaria fóra dos centros fai que a Covid19 entre nas residencias contaxiándose tanto o persoal que traballa nelas como as persoas usuarias.

Certo é que a campaña de vacinación mudou radicalmente as consecuencias da pandemia nas residencias de maiores porén, non se pode baixar garda e as medidas de prevención e control deben reforzarse.

Neste senso, recentemente a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX) propuña intensificar as probas de detección da Covid19 entre o persoal das residencias con maior asiduidade e tamén entre as persoas usuarias co obxectivo de

Así mesmo, é imprescindible que o Goberno galego vixíe o reforzo dos cadros de persoal nas residencias en que se producen contaxios e que as empresas e entidades propietarias e/ou xestoras de centros residenciais cubren as baixas que se producen entre as traballadoras/es para garantir a calidade asistencial.

Nos últimos días rexistráronse gromos en varios centros residenciais galegos nos que entidades que representan a familiares de persoas usuarias, como REDE ou Vellez Digna, denunciaron diversas irregularidades e falta de transparencia por parte da administración e das empresas. Especialmente graves foron as denuncias trasladadas publicamente nas residencias DomusVI de Bembrive e A Raiola (Compostela).

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas está a adoptar o Goberno galego en materia de prevención, detección e control da covid-19 nas residencias nesta sexta onda da pandemia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2022 13:12:39

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 13:12:55

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 13:13:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 13:13:16

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 13:13:27

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 13:13:36

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 13:13:44

María González Albert na data 17/01/2022 13:13:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/01/2022 13:14:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2022 13:14:11

María del Carmen Aira Díaz na data 17/01/2022 13:14:19

Daniel Castro García na data 17/01/2022 13:14:32

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2022 13:14:41

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 13:14:52

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 13:15:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2022 13:15:17

Rosana Pérez Fernández na data 17/01/2022 13:15:26

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 13:15:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2022 13:15:47



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da Covid-19 afectou de xeito moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación ou laboral.

Este mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nas e nos máis mozos que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Ante esta situación, compre poñer sobre a mesa todo tipo de medidas para ofrecer ás mozas e os mozos galegos oportunidades no plano laboral, no acceso á unha vivenda digna pero ao mesmo tempo ofrecer de xeito inmediato solucións en materia de transporte. Neste contexto de crise, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova. Agora que son xa máis de 100.000 as usuarias e usuarios da mesma, e nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega, compre dar sentido ás políticas en materia de transporte público e mocidade.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta Xente Nova detallado por provincias, concellos e anos dende o seu inicio no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/01/2022 17:53:36





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27189
Data envío: 07/01/2022 18:13:59.698

Julio Torrado Quintela na data 07/01/2022 17:53:46

Marina Ortega Otero na data 07/01/2022 17:53:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Pleno**.

Catro de cada dez adolescentes reconece que recibe mensaxes de contido erótico ou sexual a través de redes, chats, internet ou videoxogos, mentres que polo menos un de cada dez reconece que lle teñen chegado proposicións sexuais por parte dunha persoa adulta. O uso masivo das novas tecnoloxías deriva así mesmo en episodios de ciberacoso segundo o informe realizado por Unicef España que representa ata o momento o maior estudo sobre esta temática ata a data no noso.

O responsable do estudo, o profesor de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio Rial Boubeta, advirte que estamos ante un dos grandes desafíos como sociedade da década, ou do século, porque para as nosas e nosos mozos usar a tecnoloxía é vivir.

Case o 60 % de adolescentes levan o móbil a clase todos os días e oito de cada dez están rexistrados en tres redes, pero a súa vez seis de cada dez teñen varios perfís na mesma rede social, un deles ‘branco’ para que vexan aos seus pais. Entre as conclusións máis salientables deste informe atopamos as seguintes:

- Sexting taxas realmente preocupantes: o 8% manifesta enviar fotos ou vídeos persoais de carácter erótico ou sexual (sexting activo) e máis do triplo (o 26,8 %) manifesta recibilos (sexting pasivo).
- Grooming: o 57,2 % aceptou algunha vez a un descoñecido nunha rede social e o 21,5 % chegou a quedar en persoa con xente que coñeceu exclusivamente a través de Internet. Un de cada dez adolescentes recibiu unha proposición sexual por parte dunha persoa adulta na internet. Un de cada 3 (35,4 %) accedeu a webs de contido pornográfico.

A Dark Web posúe un alto grao de popularidade entre os adolescentes: o 44,4 % di saber o que é e o 4,7 % afirma mesmo acceder a esta nalgunha ocasión, maioritariamente mozos.



Cífrase nun 33 % a porcentaxe de adolescentes que estarían a desenvolver un uso problemático da internet e as redes sociais. Esta porcentaxe é maior entre as mozas e incrementase de xeito significativo en 3.º e 4.º de ESO.

Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida son sempre inferiores entre as e os adolescentes que presentan un uso problemático da internet. A taxa de depresión é máis do triplo. Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida, son inferiores entre quen presenta unha posible adicción aos videoxogos. A taxa de depresión grave é case o triplo.

Á vista dos resultados do informe, a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso debe ser unha prioridade, debido a que se detectaron taxas de vitimización sensiblemente máis altas que as que ofrecen as estatísticas oficiais. É necesario tamén tomar medidas para reducir as preocupantes cifras de sexting, contacto con descoñecidos ou posibles casos de grooming, así como abordar o uso problemático das redes sociais e posibles adiccións a videoxogos.

Gobernos, familias, institucións, mestras e mestres, empresas e a sociedade en xeral temos diante de nós a responsabilidade de fomentar unha boa hixiene dixital.

Actualmente un gran número de soportes tecnolóxicos convertéronse en imprescindibles para os e as adolescentes, pero se hai unha ferramenta que destaca sobre as demais, esa é Internet, xa que tanto desde un soporte informático como desde a telefonía móbil ten unha presenza cada vez máis alta en todos os ámbitos da nosa sociedade.

Internet posúe unha infinidade de posibilidades pero do mesmo xeito unha serie de riscos, xa que aínda que é certo que pode ser unha gran ferramenta de comunicación e información, tamén é certo que constitúe un espazo no que un uso inadecuado pode dar pé a manifestacións de violencia.

Requírese por tanto unha maior formación e información tanto desde os centros educativos como desde os pais e nais, non nas cuestións puramente tecnolóxicas, senón naqueles espazos educativos que poidan garantir unha boa interacción entre os/ as usuarios/ as e Internet. Como dicíamos as posibilidades que ofrece a rede son moitas e é necesario adquirir aprendizaxes que garantan un desenvolvemento ético-moral que permita utilizalas de forma adecuada.



A violencia existiu desde sempre pero as manifestacións e canles para levala a cabo cambiaron e evolucionaron co tempo. Actualmente coa existencia das TIC apareceron novas formas de violencia como, Grooming; acoso sexual a menores través da rede, Sexting, envío de imaxes (fotografías ou vídeos) con contido sexual por medio do móbil, a pornografía infantil, delitos informáticos, fraudes, seitas, cyberbullying (acoso entre iguais na rede).

Neste contexto, en Galicia a nivel educativo contamos cun protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso ou a Guía sobre identidade dixital de 2017 elaborada por persoas expertas no marco da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020. Tendo en conta que o uso das novas tecnoloxías aumentou de xeito exponencial en tempo e por idade de iniciación, e polo tanto estes riscos que reflicta o informe de Unicef, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos arredor do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade que reflicte este estudo?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Luis Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/01/2022 17:56:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2022 17:56:26

Noa Susana Díaz Varela na data 07/01/2022 17:56:36



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No barrio de Bouzas viven máis de 5.500 persoas que levan anos agardando pola posta en marcha do centro de saúde na vila. Este ano, as veciñas e veciños asistiron a innumerables visitas de responsables do Goberno da Xunta que un tras outro foron dando falsos prazos sobre a apertura da infraestrutura e cambiando á baixa as previsións de persoal e de cupo. Despois de moitos atrasos e incumprimentos, o conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña anunciaba que o centro de saúde estaría finalizado en abril e abriría antes deste verán. Ao mesmo tempo, Comesaña trasladaba que o centro de saúde tería tres consultas médicas con capacidade para tres facultativos pola mañá e outros tres pola tarde, cunha posibilidade de atención de 3.900 pacientes en cada quenda.

Poucos meses despois, foi a conselleira de Infraestruturas a que atrasaba as previsións e situaba cara finais de verán a apertura do centro.

Finalmente e co verán practicamente rematado, as novas que reciben dende o Sergas na Asociación Veciñal apuntan a novos atrasos e a un novo recorte no cupo e nos profesionais que atenderán o centro, situando nun único médico a previsión de apertura

Ante os reiterados anuncios incumplidos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que se deben os novos atrasos nas datas anunciadas de apertura do centro de saúde de Bouzas?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/01/2022 17:58:26

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/01/2022 17:58:37

Julio Torrado Quintela na data 07/01/2022 17:58:44

Marina Ortega Otero na data 07/01/2022 17:58:51



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A crise económica e social xerada pola pandemia afectou de xeito moi directo e preocupante á mocidade, entre outros nos procesos de emancipación ou laboral que xa viñan sendo preocupantes abondo.

O pasado mes de agosto, UGT-Galicia co gallo do Día da Xuventude presentaba unha radiografía do mercado laboral galego que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Case 320.000 mozas e mozos entre 15 e 34 anos vense na obriga de ter que vivir cas súas familias, son case o 67 % da poboación nesa franxa de idade. Estamos ante o dato máis alto desde que hai rexistros segundo a enquisa continúa de fogares do INE.

No contexto da Unión Europea recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás organizacións xuvenís, así como aos consellos da xuventude, locais, autonómicos e nacionais, para promover o seu necesario papel na democracia. O Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimía o Consello da Xuventude de Galicia (Conxuga), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta de Galicia.

O Consello veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando por campañas de prevención e sensibilización, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e tamén internacional.

A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, creou o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia anunciado a bombo e prato como a nova e definitiva ferramenta para aumentar



esa participación, pero por desgraza a realidade é que pouca ou case nula actividade e contido lle teñen dado.

No DOG do 28 de maio de 2014 publícase o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia que terá os seguintes fins:

- a) Representar a xuventude galega a través da súa condición de membro de pleno dereito no Comité Galego de Políticas de Xuventude.*
- b) Emitir os informes que afecten a xuventude e lle sexan solicitados polo Comité Galego de Políticas de Xuventude ou polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.*
- c) Emitir informe sobre o impacto na xuventude dos proxectos de disposicións normativas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten a mocidade.*
- d) Analizar, con carácter permanente, a situación da xuventude en Galicia, facilitando así a toma de decisións, e especialmente as problemáticas que incidan maiormente na xuventude galega, a través do Observatorio Galego da Xuventude.*
- e) Elevar anualmente ao Parlamento unha memoria en que se reflicta a situación da xuventude como grupo social e, ao tempo, propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.*
- f) Contribuír á institucionalización do movemento asociativo xuvenil de Galicia, consolidando, por un lado, o xa existente e, por outro, promovendo a creación de asociacións xuvenís de distinta natureza.*
- g) Garantir a participación activa e dinámica da xuventude en todas as ordes da vida social, educativa, laboral, política, económica, deportiva, de lecer, de tempo libre e cultural de Galicia.*
- h) Representar a xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, así como noutros organismos de ámbito estatal, europeo e internacional*
- i) Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros consellos da xuventude do Estado.*
- j) Elevar propostas de acción á consellería competente en materia de xuventude.*
- k) Defender os intereses da xuventude presentando ante os organismos públicos e privados correspondentes as medidas tendentes a facer efectivos os intereses que corresponden á xuventude.*

Sete anos e medios despois da súa aprobación e ante os incumprimentos e a ausencia de contido e actividade do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, as deputadas de deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:



Que informes ten elaborado o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/01/2022 18:16:54

Marina Ortega Otero na data 07/01/2022 18:17:01

Julio Torrado Quintela na data 07/01/2022 18:17:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último dato dispoñíbel do Protocolo de déficit público do Banco de España, do terceiro trimestre de 2021, a débeda pública de Galiza sitúase en 11.259 millóns de euros, case triplicando a débeda existente no ano 2009, de 4.859 e cerca do máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, que lle dedican un 10% do seu total para o ano 2022 malia a redución dos tipos de xuro, cuestión coxuntural dos mercados que non é mérito do goberno galego.

Aínda que no contexto de contracción económica xerado pola covid-19 a débeda é unha ferramenta para poder sortear as dificultades derivadas das necesidades de recursos extraordinarios, ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 6.400 millóns de euros. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa sen que iso tivese un correlato no fortalecemento dos servizos públicos, afectados polas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas aplicadas polo Partido Popular, tal e como se pode ver con ocasión da pandemia da covid-19.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medraba en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, con estes antecedentes e coa previsión, xa anunciada por Bruxellas, polo Estado e polos propios Orzamentos de 2022 da Xunta, de volta á senda do déficit, esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego do impacto para os orzamentos públicos dos últimos datos de débeda segundo o Banco de España?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 09:43:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 09:49:48

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 09:50:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado ruína da antiga Cámara Agraria de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de A Milagrosa de Carballo é un dos máis senlleiros do casco urbano da vila Bergantiñá. Nesta zona celébrase o segundo, cuarto e quinto domingo de cada mes o popular mercado do Campo da Feira, que complementa a feira de produtos do agro que se segue a celebrar no centro da vila, na Praza do Concello

Tradicionalmente, este barrio foi punto de encontro social e de negocios relacionados co agro e a gandería nos días de feira. A día de hoxe, mantense o “mercadiño” no cruce das Rúas Compostela e Fisterra e nas inmediacións do Edificio Fórum. Máis de 170 postos de venda de calzado, roupa, complementos, cousas do fogar ou incluso maquinaria agrícola, instálanse alí na actualidade e, alén da oferta comercial, constitúen un elemento de dinamización e promoción de Carballo polas numerosas persoas de fóra do concello que se ata alí se achegan.

Neste mesmo barrio radícase o complexo municipal Fórum, enfocado á prestación de servizos á formación e dinamización do emprego no ámbito do municipio de Carballo e da Costa da Morte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Milagrosa tivo e ten un papel protagonista na estratexia de humanización e reorganización urbana que se leva a cabo polo goberno local dende fai anos, que ademais da potenciación e promoción do mercadiño, buscou a revitalización e dinamización da zona elixindo esa ubicación para o Edificio Fórum ou apostando por este barrio para testar no ano 2017 o proxecto piloto na Galiza “Ti Tes A Chave”, de recollida de residuos sólidos urbanos en colectores específicos.

Continuando con esa estratexia urbana que busca facer de Carballo un lugar atractivo para vivir e mellorar a vida das persoas, dende o executivo local abríronse áreas de estacionamento no barrio, e fai ben pouco rematáronse as obras do Centro Social da Milagrosa (antiga escola), cos que se acondicionou o interior e exterior da edificación para dotalo de mellores condicións de habitabilidade e accesibilidade, levándose a cabo tamén tarefas de urbanización exterior.

Pois ben, no corazón mesmo do barrio, ao lado do Centro Social, na zona mesma onde se instalan os postos do mercadiño e a carón da Capela da Milagrosa, a Xunta de Galiza dispón na Avenida da Milagrosa dun inmovible que prestou, en tempos pasados, os servizos de Cámara Agraria.

Edificio que leva anos sen ser empregado por parte da administración titular do mesmo e que se atopa a día de hoxe nunha situación ruín, amosando un aspecto exterior de absoluto abandono como consecuencia do desuso, a acción do paso do tempo, os usos impropios aos que se viu sometido ou mesmo a actos puntuais de vandalismo.

Un edificio que rompe coa estratexia de revitalización urbana e social e de dinamización económica que se leva a cabo por parte do goberno local nesa zona, e que na actualidade constitúe un auténtico risco para a seguridade e a integridade física dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viandantes pola posibilidade de desprendemento e caída de partes da edificación, como cascotes, cristais ou tellas, que xa levou ao Concello a precintar a contorna para evitar males maiores.

Xa no ano 2013 adoptouse un acordo polo Pleno Municipal no que se solicitaba a transferencia ao Concello de Carballo da propiedade deste edificio de titularidade da Xunta de Galiza, que a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio non contemplou ao entender que as únicas opcións para que o Concello puidese adquirir a propiedade do inmovible eran a compra ou a permuta. Comprometéndose esa Secretaría a facer unha valoración económica do inmovible e facerlla chegar ao goberno local. Cousa que, ata día de hoxe, non aconteceu.

Tiveron que pasar dez anos para que un técnico da Xunta xirase visita para valorar o estado do edificio. Constatándose polo técnico o estado ruinoso do mesmo, que faría que non fose economicamente rendíbel a súa rehabilitación, ao supoñer esa opción un investimento moi superior ao valor patrimonial do edificio.

O estado lamentábel da edificación contrasta, dende o punto de vista do feísmo urbanístico, coas actuacións de mellora acometidas polo goberno local nos últimos anos na contorna, pero o verdadeiro problema radica, nos últimos tempos, no problema de seguridade para os viandantes que supón o estado no que se atopa o inmovible.

Por ese perigo certo para a seguridade das e dos veciños, faise perentoria a actuación da Xunta de Galiza, para atallar en primeiro lugar ese perigo certo para integridade física das veciñas, pero tamén para eliminar o “lunar” urbanístico que supón este edificio nun ámbito que a actuación do goberno local conseguiu revitalizar, humanizar e dinamizar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprensíbel que un edificio de titularidade autonómica se atope na actual situación de desleixo, máxime cando máis aló da cuestión de feísmo urbanístico, existe un claro perigo para a integridade física das persoas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego actuar de xeito inmediato para atallar o perigo que supón o estado do inmovible para a seguridade e integridade física das persoas?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:20:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 10:20:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de decembro de 2021 a ministra de Facenda e Función Pública, María Jesús Montero, remitía a todas as Comunidades Autónomas de réxime común e ás Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla un documento para iniciar o debate sobre a reforma do financiamento autonómico achegando unha proposta de novo cálculo da poboación axustada, elemento central do sistema ao ser unha das variábeis centrais.

Días antes, o 23 de novembro de 2021, Feijóo convocaba unha reunión, o denominado Foro de Santiago, na que participaron tamén os presidentes de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Aragón, Castela-A Mancha, Estremadura e Castela e León. En dita reunión presentouse publicamente un documento xenérico con diversas propostas sen soporte numérico e unha apelación a que se teña en conta o custo real dos servizos, como a sanidade ou a educación e os factores que os encarecen como a dispersión ou o avellentamento, ter en conta a crise demográfica ou a necesidade de atinar no reparto dos fondos europeos. Cuestións todas elas nas que en abstracto existe un amplo consenso.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que a proposta presentada polo goberno central como para financiar máis a “España vaciada” beneficia ás autonomías que secundaron o cumio do Presidente da Xunta e, porén, prexudica a Galiza. Esta cuestión evidencia que a estratexia do goberno galego unha vez máis é errática ao rexeitar negociar de forma directa e bilateral co goberno central e nunha posición acorde coa situación de nacionalidade histórica.

En resumo, coa proposta do goberno do Estado as nosas necesidades de gasto por habitante ficarían reducidas nun -2,7% a respecto das consideradas polo sistema actual principalmente debido ao incremento de peso da poboación en idade educativa, ao criterio de reparto dos custos fixos, e ao novo cálculo da dispersión poboacional.

As Comunidades Autónomas teñen ata finais do vindeiro mes de xaneiro para enviar ao Ministerio as súas valoracións. Polo tanto, con independencia da confianza no funcionamento da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta de Galiza diante da reforma do sistema de financiamento é necesario coñecer cal é a valoración da Xunta e as novidades ao respecto.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego da proposta de novo cálculo da poboación axustada no sistema de financiamento remitida polo goberno central?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 10:39:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 10:39:41

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 10:39:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do cuarto trimestre de 2021 e das rebaixas de previsión de crecemento anunciadas polo Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de decembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do cuarto e último trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Desta forma o Foro apunta a unha consolidación na recuperación do cadro macroeconómico, lixeiramente superior á do ámbito estatal.

Por outra banda, o Informe sinala entre os aspectos máis relevantes o feito de que a produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española. Así mesmo, malia que o impacto da covid na actividade produtiva en Galiza no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só o noso país e a Comunidad Valenciana





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

Canto á situación no mercado laboral, o Informe abonda na tendencia xa sinalada noutros de consolidación da precariedade, especialmente nos ámbitos da mocidade e do emprego feminino. Así mesmo, incrementa a temporalidade e Galiza mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa).

Complementariamente, é necesario sinalar que a finais de decembro de 2021 o Banco de España rebaixaba a súa previsión de crecemento do PIB estatal para 2021, pasando do 6,3% ao 4,5% e para 2022, reducíndoo do 5,9% ao 5,4%. Estas cifras fican lonxe do 6,5% e 7% que proxectaba o goberno central para estes mesmos anos.

A estas cuestións hai que engadir como o remate de 2021 e o comezo de 2022 están marcados pola continuidade da crise de suba de prezos, singularmente os enerxéticos, e por unha expansión sen precedentes da pandemia da covid-19 que, aínda cun menor impacto de casos graves, acompaña un alto volume de persoas contaxiadas e confinadas, o cal tamén impacta na economía e nas súas previsións.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións correctoras de política económica vai impulsar o goberno galego para afrontar as debilidades e incertezas no cadro macroeconómico de comezos de 2022?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:16:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:16:56

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:17:07



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 14 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local da cidade de Ourense, aprobaba o expediente para a contratación do proxecto de humanización da rúa da Concordia. Trátase dun proxecto para dotar de sete ramplas mecánicas e a humanización completa da rúa.

Proxecto que non conta co visto bo da Intervención Municipal que fiscaliza de desconformidade a proposta elaborada para a licitación de Concordia, ao entender que non se respecta o principio de proporcionalidade nos criterios de adxudicación, que ve inxustificadas e que vulneran os principios de transparencia e igualdade para os licitadores.

Por outra banda tampouco conta coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. A aprobación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio é imprescindible por canto afecta a unha zona con edificios catalogados, xusto no lado da vía na que o Concello de Ourense pretende instalar pasarelas mecánicas.

Esta obra foi incluída na modificación orzamentaria dos 65 millóns de € aprobada polo Goberno municipal, no Plan de Cooperación Provincial da Deputación de Ourense, e para a execución da mesma tamén se anunciou que se incluíra na solicitude de fondos europeos de mobilidade sostible para o Concello de Ourense, da que recentemente coñecemos que non se aceptara ningunha proposta por parte do Ministerio.

O Grupo Municipal Socialista a medio de escrito presentado por rexistro ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Ourense, puxo en coñecemento da Consellería de Cultura que con data de 14 de outubro de 2021 publicouse no Perfil do Contratante do Concello de Ourense a licitación da intervención na contorna dos Edificios Catalogados que se relacionan no mesmo, sen autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, tal e como é preceptivo.



Concretamente no ámbito sobre o que se licita a intervención de instalación de diversas ramplas mecánicas existen sete edificios catalogados e incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo os artigos 30.1 e 31.4 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia

O Catálogo na súa introdución di:

“... se establece un ámbito de protección o respeto, que, como norma general, alcanza al frente de la manzana donde se ubica el edificio protegido, y allí donde este criterio no pueda cumplirse, el equivalente a cinco veces la longitud de su fachada principal hacia ambos lados, espacio donde se produce una especial sensibilidad en la relación con los edificios colindantes y que condicionará las futuras actuaciones que puedan desarrollarse en dicho ámbito, y donde deberán componer sus fachadas en intimísima relación con las del ámbito y en especial con sus adjuntas, generadoras de ese ámbito de protección o respeto.

Si bien, este criterio puede ser discutido, constituye la vía para establecer la condición de conseguir la consonancia de las futuras intervenciones con el contexto, adecuándose al conjunto de los elementos protegidos, que deberán tener en cuenta ese recinto, para lo que, la C.T.M.P.B.C., así como la Administración Autonómica competente en materia de Patrimonio Cultural, informarán las licencias que se concedan en este sentido, para comprobar la adecuación de dichas intervenciones con los edificios catalogados.”

A Intervención proxectada en base ao catálogo precisa de informe técnico municipal e ditame da CTMPBC e da Dirección Xeral de Patrimonio.

En resumen, a Xunta de Goberno Local do municipio de Ourense resolvía aprobar o proxecto das obras de humanización da rúa Concordia, cun orzamento global de 4.646.435,97 euros (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE) cun orzamento de execución material de 3.226.915,74 euros e o procedemento prescinde do trámite esencial nesta Intervención que é a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e se encadra na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que o Concello de Ourense procedera a licitación das obras de humanización da rúa concordia sen a preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural?

Pazo do Parlamento, 7 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2022 13:19:37

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 13:19:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:19:57

Noa Susana Díaz Varela na data 10/01/2022 13:20:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:20:18



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Con data de 31 de decembro o Consello de Administración de Manzaneda Estación de Esquí S.A. (Meisa) acordaba adxudicar a xestión da estación de montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo S.L., unha empresa creada 10 meses antes da adxudicación do contrato. Inicialmente unha empresa sen ningún tipo de experiencia algunha na xestión que motiva adxudicación.

Unha adxudicación, ademais, efectuada sen concurso público de ningún tipo, dun xeito total obscurantista e carente da máis mínima transparencia.

Lembramos que Meisa está participada maioritariamente pola Xunta de Galicia dende maio do ano 2020. Neste senso, a esa data, o reparto accionarial quedaba do seguinte xeito; a Administración autonómica contaba co 49.65 % das accións, o 49,45 % eran titularidade da Deputación de Ourense; o 0,62 % de Oca Hotels; o 0,14 % do Concello de A Pobra de Trives e o 0,14 % do Concello de Manzaneda.

Segundo consta publicado nos medios de comunicación a Mesa de Contratación tivo en consideración para a súa adxudicación a ampla proposta de usos e actividades que se prevén desenvolver para impulsar e desestacionalizar o xeodestino Manzaneda - Trevinca.

Pois ben, neste senso, a estación de montaña de Manzaneda iniciou a tempada de neve o sábado 27 de novembro. Nesa data, as balsas do sistema de innivación artificial non estaban nin á metade da súa capacidade. De haberse dado as condicións térmicas axeitadas, non habería auga suficiente para innivar a superficie da estación coas condicións previstas no proxecto dado que a Confederación Hidrográfica autorizou un caudal concesional máximo anual de 174.960 metros cúbicos, e as balsas poden acopiar 38.000 metros cúbicos entre as dúas existentes na estación de Manzaneda.

Neste senso, en agosto do ano 2016 foi redactado pola empresa Diagrama Ingeniería Galicia S.L. o proxecto de execución de obra denominado: “innivación artificial en la estación de esquí de Manzaneda”.



Dito proxecto serviu de base para a execución das obras nas que se instalaron os 29 canóns innivadores e se construíron as dúas balsas con capacidade para 13.000 metros cúbicos e 25.000 metros cúbicos.

Segundo a Memoria do Proxecto de execución da obra, “ *La capa superior de tierra vegetal se retirará previamente y será acopiada en las inmediaciones de la zona de obras, para ser reutilizada en las mismas como cobertura de la zona excavada y terraplenada. De esta manera se garantizará la rápida regeneración de la vegetación y se minimizará el impacto que estos movimientos de tierras pudieran producir sobre el medio ambiente*”

Segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, relativo ó estudo de impacto ambiental, a execución da obra de innivación considerábase viable establecendo, entre outras, as seguintes medidas:

- a) Nos movementos de terras, deberase preservar o horizonte orgánico superficial para a recuperación das zonas de desmonte e terraplén. As zonas deberán ser revexetadas con materiais de preproducción propios da mesma procedencia local.
- b) Para os materiais sobrantes da escavación deberase presentar documentación complementaria con cartografía con suficiente grao de detalle para poder determinar as afeccións sobre os valores naturais do espazo e a súa posterior autorización.

No proxecto de execución da obra había unha partida para aporte e estendido de terra vexetal, destinada a rexenerar 10.480 M2 de terreos.

Na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, de data 17 de abril de 2017, establécense como preceptivas as seguintes condicións ambientais para a execución da obra:

- Protección do solo e infraestruturas: os sobrantes de terras que se producirán nas obras deberán ser xestionados axeitadamente para minimizar as afección ao medio e dispoñer, en todo caso, dos correspondentes permisos para o seu depósito. Neste senso deberán elaborar un estudo detallado da súa xestión no que figurará a cantidade, destino, cartografía das zonas de depósito (temporais e definitivos), grao de afección aos valores presentes nesa zona de acordo co indicado no epígrafe:



- Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais desta DIA.

A día de hoxe as zonas perimetrais ás balsas como unha zona de aproximadamente 1 hectárea, entre a pista denominada Paso Perdices e as pistas Fontefría e Xabarín, atópase totalmente descuberta, coa súa superficie conformada polos áridos extraídos dos movementos de terras das obras, sen manto de terra vexetal e sen vexetación algunha, nun avanzado proceso de erosión.

Tamén se depositou un importante volume de rochas de gran tamaño no espazo situado entre a zona de pistas do pluviómetro e a pista do Regato, supoñendo un perigo engadido para os esquiadores que circulen por esa zona.

Así mesmo, previo ao inicio das obras, o promotor debería entregar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para a súa aprobación, entre outras, a seguinte documentación:

- a) Proxecto definitivo, Cartografía detallada da localización dos depósitos dos sobrantes das terras procedentes das escavacións.
- b) Plan de recuperación das zonas afectadas polas obras e das medidas compensatorias.
- c) Plan de restauración e integración paisaxística.

Do mesmo xeito, para asegurar a naturalización dos muros de contención das balsas de auga, en lugar de confiar na revexetación espontánea, deberán levar a cabo plantacións ou sementeira das especies autóctonas correspondentes, feito este que non se produciu posto que os muros de contención das balsas están tal e como quedaron ó remate da obra, sen ningún tipo de tratamento.

Igualmente, tanto na fase de obras como na de explotación, o promotor deberá levar a cabo, a través de entidade acreditada o plan de seguimento do nivel de ruído proposto no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA).



Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a estación de montaña de Manzaneda de titularidade de Meisa está a cumprir os obxectivos de ofertar unha oferta turística desastacionalizada de acordo cos criterios que serviron de base para a súa adxudicación a empresa Artabria Turismo?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/01/2022 13:22:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2022 13:22:24



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que



sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia suficiente o número de traballadoras ou traballadores das residencias actualmente para as quendas de noite?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:42:33

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:42:42

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:42:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**., ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que “a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos” para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de setembro, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que aínda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encerrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofoobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de “canto peor mellor”, a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluídas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta incrementar as axudas para compensación de danos producidos polo lobo e mellorar a súa tramitación?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:56:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:56:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao prezo da luz a comezos de 2022 e ás medidas que debe impulsar e demandar a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Despois dun ano 2021 de récord do prezo da enerxía eléctrica, 2022 comezou na mesma liña. É necesario recordar que o mes de decembro pechou cun prezo medio mensual no mercado maiorista eléctrico de 239,1 euros, o más alto da historia tras superar en máis de 39 euros os 200 euros/MWh de outubro de 2021.

O día no que se reiniciaba o curso escolar, o 10 de xaneiro, o prezo medio da electricidade no mercado maiorista volvía incrementar e facíao de forma espectacular, cun aumento do 82,2% con respecto ao domingo 9 de xaneiro, volvendo superar os 200 euros por megavatio hora. Desta forma, acadaba o prezo medio de 217,26 euros/Mwh cun prezo máximo entre as 19.00 horas e as 20.00 horas, con 294,98 euros/Mwh. Con respecto a hai un ano, o prezo do 'pool' para este día foi un 227,8% máis caro que o 10 de enero de 2021, de tan só 66,27 euros/MWh, coincidindo ademais coa borrasca Filomena.

É necesario poñer esta situación nun contexto económico marcado pola pandemia da covid-19, a inflación xeral dos prezos e a situación concreta dos enerxéticos, disparados polos altos prezos do gas nos mercados e nos dereitos de emisión de CO₂, tamén en máximos históricos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, esta situación acontece amosando as debilidades estruturais dun sistema tarifario obsoleto e sobrecargado de elementos alleos ao sistema eléctrico, sen resolver polas medidas conxunturais adoptadas polo goberno do Estado. Así mesmo, isto acontece nun contexto no que segundo os datos que vén de facer públicos Rede Eléctrica Española (REE) sobre a xeración eléctrica no primeiro semestre de 2021 Galiza exportou no primeiro semestre do pasado 2021 o 35% da electricidade producida, destinándose a outros territorios que non soportan os custos ambientais e sociais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar o goberno da Xunta para situar Galiza nunha posición forte diante do grave incremento dos prezos da enerxía eléctrica?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 17:40:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 17:40:25

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 17:40:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

Exposición de motivos

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias, e se a incorporación dunha ambulancia de reforzo á flota da comarca do Morrazo, pode axudar a axilizar e garantir un servizo fundamental en tempo e forma.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante a necesidade de mellorar as condicións de traballo e o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza e en que prazos sen van efectivizar?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 18:39:03

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 18:39:06



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 8 de xaneiro de 2004 cualificábase o edificio n.º 6 da rúa Mar Cantábrico de Burela como de protección autonómica (vivenda protexida de propiedade privada), cunha duración da protección de 25 anos, finalizando o período de protección autonómica en xaneiro de 2029.

En xaneiro de 2021 a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) emitiu unha orde de desafiuamento das vivendas deste edificio, na que instaba aos inquilinos destas vivendas de protección autonómica que están en réxime de alugueiro a que as deixen libres no prazo dun ano. Prazo este que remata o vindeiro mes de febreiro.

Son varias as familias afectadas por esta decisión da Sareb. Nun principio 16 familias, algunhas das cales xa se cambiaron da vivenda ante a falla de noticias tanto da Sareb como da propia Xunta de Galicia. A día de hoxe seguen sen ter noticias e non saben se ao final terán que abandonar ou non as súas vivendas. A pesares de estar ao corrente nos pagos dos seus alugueiros e de se faceren ademais cargo dos gastos comúns do edificio, á Sareb non lles aporta solucións, nin sequera nos supostos de querer mercar as vivendas.

Non podemos pasar por alto de que se trata de familias que teñen vivendas en alugueiro de protección autonómica, e que se supón que a Xunta de Galicia debe de velar por esta vivenda protexida. Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Vai mediar o IGVS para evitar estes desafiuamentos?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:58:52
Nº Rexistro: 27295
Data envío: 11/01/2022 09:58:52.396

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:02:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:02:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O servizo de HADO ofrece unha alternativa asistencial á hospitalización convencional, para atender entre outros a doentes oncolóxicos, infecciosos, con cirurxías complexas, crónicos ou en estado terminal. O obxectivo é que eses doentes reciban nas súas casas o conxunto de atencións e coidados médicos e de enfermería de complexidade hospitalaria.

O servizo de Paliativos/Hospitalización a Domicilio do hospital da Mariña creouse no seu momento xa dun xeito deficitario con 3 facultativos médicos, que prestaban atención de luns a venres pola mañás, e 5 profesionais de enfermería en quendas de mañá e tarde todos os días da semana.

Dende hai máis de 6 meses só hai dous médicos no servizo e incluso algúns días chegou a haber só un. Ademais os permisos e as baixas do persoal de enfermería non se están a cubrir, recaendo esas quendas de ausencias nos outros compañeiros do servizo.

Ante esta situación o Sergas adoptou a solución de que desaparecese na maior parte dos concellos da Mariña de Lugo a atención presencial que ata hai algo máis de 6 meses se viña a dar dende o servizo de paliativos/HADO dependente do Hospital da Mariña. O Sergas eliminou o servizo presencial en 10 dos 14 concellos da Mariña, quedando, polo tanto, máis do 60 % da súa poboación sen servizo presencial. Agora os doentes destes 10 concellos da Mariña que non teñen servizo presencial de HADO, entre os que se atopan enfermos crónicos ou terminais, o Sergas derivaos aos servizos de Atención Primaria, que como estamos a ver, e levan moito tempo denunciando os seus profesionais, están excedidos e saturados.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cando vai o Goberno galego retomar a atención presencial do servizo de Paliativos/HADO na totalidade dos concellos do distrito sanitario da Mariña?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 09:59:16
Nº Rexistro: 27297
Data envío: 11/01/2022 09:59:16.005

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:22:19

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:22:33



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado día 21 de decembro de 2021 aparecía un caso de covid-19 entre o alumnado de infantil do colexio Gregorio Sanz de Ribadeo. Ao día seguinte, o centro educativo comunicaba a apertura deste positivo a través da aplicación informática, cargaba os datos na aplicación, informaba aos servizos covid e tamén se lles indicaba ás familias que os alumnos (22) debían de ser confinados á espera da chamada do persoal de control e rastrexo do Sergas.

As familias do alumnado confinado, nenos e nenas de cinco anos da aula de 6º de infantil do Colexio Gregorio Sanz de Ribadeo, estiveron a chamar dende o día 23 de decembro ao Servizo de Control, Detección e Rastrexo de Casos covid-19, e contestábaselle que alí non constaban como contactos estreitos, que non figuraba expediente, nin tampouco alerta.

O día 26 de decembro, o centro educativo volvía a comunicar a apertura dun novo expediente polo positivo de alumno, xa que en todo este tempo ninguén do Sergas se puxera en contacto coas familias dos alumnos confinados nin para realizarlles seguimento, nin para facerlles probas PCR, nin para indicarlles o que deberían de facer.

O día 27 de decembro nais destes nenos e nenas confinadas denunciaban nos medios de comunicación que 23 nenos deste colexio levaban 6 días confinados sen noticias do Sergas. Denunciaban que se estaba a incumprir o protocolo de control a raíz do positivo dun alumno de infantil do Colexio Gregorio Sanz de Ribadeo. Pedían responsabilidade e rigor no cumprimento dos protocolos e esixían compromiso por parte da Administración galega no control e seguimento destes casos.

O mesmo día que saía a denuncia das nais nos medios de comunicación, o Sergas, pola noite, citaba aos afectados para realizar a PCR ao día seguinte, 28 de decembro. Probas das cales saíron, polo menos, 4 casos positivos máis.



Por iso, a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que no caso dos alumnos e alumnas da aula de sexto de infantil do colexio Gregorio Sanz de Ribadeo se cumpriu o protocolo despois dun positivo nesa aula?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:47:20

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:47:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 12:47:43



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A principios de outubro do ano pasado coñeciamos que a industrial portuguesa Altri estaba a buscar un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción.

A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos *Next Generation*.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri de que a comarca da Mariña lucense era a primeira opción da multinacional papeleira para a súa futura planta de produción de fibras téxtiles de orixe forestal, alcaldes e alcaidesas da comarca reclamaban que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia prima pero non ten a industria que a complementa e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propondrá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. De feito o noso grupo parlamentario propúxolle ao Grupo Parlamentario do PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiasse a posibilidade de que a dita planta de Altri se instalar na Mariña lucense e o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou.



A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia na que lle solicitaba unha reunión de cara a poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, de colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca e ofrecer a mellor situación posible para que este proxecto se poida materializar, que se for así suporía arredor dos 2000 postos de traballo directos. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propoñer, se é viable, que a fábrica de fibras téxtiles se emprace na Mariña de Lugo?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 13:51:28

Martín Seco García na data 10/01/2022 13:51:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2022 13:51:56



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:07:55

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:08:07



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:37:33

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:37:47



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do 3º trimestre do ano 2021 da partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 11:50:23

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 11:50:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería extensiva forma parte importante da gandería galega, o extensivo abrangue animais pertencentes ao bovino, ovino e cabrún. Todos contribúen de xeito importante a manter a maleza baixo control pastando en zonas baixo arborado e de pastos arbustivos. Nin que dicir ten que o benestar animal está garantido con este tipo de gandería, así como a biodiversidade e outros valores que son apreciados pola sociedade neste momento.

Tamén é coñecido por parte das presentes que a Política Agraria Comunitaria infiltra as nosas actividades agropecuarias, e outras moitas relacionadas co rural. Ela é a que pretende facer unha Europa libre de fitosanitarios e con diversidade de cultivos de modo que a maneira de producir nos protexa do deterioro do planeta e do cambio climático.

A PAC no seus plans estratéxicos menciona un concepto que vai ser o que nos ocupe que é a Superficie admisible, isto só significa que non toda a superficie vai ser catalogada aos efectos de cobro da PAC, polo tanto moitas das poucas hectáreas coas que conta a Galiza quedan sen recibir as axudas da PAC.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta superficie considerada admisible parece que non ten en conta o valor que aporta aos nosos montes o pasto arbustivo e baixo arboredo, como control para o lume, como mantedor da paisaxe, como garante da pervivencia do modo tradicional de produción gandeira e de pastoreo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Fixo ou vai entablar a Xunta as negociacións precisas para que se recoñeza a singularidade dos pastos arbustivos e baixo arboredo de modo que se poida considerar esta superficie como admisible na súa totalidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:23:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 11/01/2022 12:23:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:23:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a páxina do CRAEGA á produción de carne ecolóxica de becerro na Galiza dedícanse en torno a 150 granxas con certificación.

É sabido que a gandería en ecolóxico leva apareladas unha serie de exixencias que non ten a gandería tradicional. Non só as referidas ao cumprimento das normas marcadas nos distintos decretos europeos e estatais, senón tamén aos trámites burocráticos para acceder á certificación aos que acompañan numerosos gastos para pago de taxas, ou o uso do selo.

Poderíamos achacar á pandemia a baixada de prezos da carne convencional, certificada ou certificada en ecolóxico, mais isto sería pouco achegado á realidade.

Hai un problema xeneralizado a respecto dos prezos da carne que vén dende hai 20 ou 30 anos, xa que se incrementaron os custes de produción sen que isto repercutira no prezo dos becerros que viñan pagándose ao mesmo prezo durante demasiados anos, a COVID o único que veu foi a deixar en evidencia a febleza deste mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao explicado no parágrafo anterior debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os pensos ecolóxicos teñen un custe de 20 ou 30 cts. máis por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo.

Queda evidenciado que a produción en ecolóxico vai unida a unha serie de concepcións vitais de respecto ao medio ambiente, mínima pegada de carbono, mantemento da paisaxe, loita contra o cambio climático e a prol da biodiversidade.

Isto non quita para que unha parte das granxas de produción de carne ecolóxica topen con dificultades importantes ante a falta de posibilidades de comercialización específica para este tipo de carne tendo que saír do circuíto ecolóxico para vender no mercado convencional. En ambos casos o prezo da carne é o mesmo, non hai polo tanto diferenciación económica que retribúa o esforzo produtivo en ecolóxico, dándose casos nos que o prezo da carne convencional é superior ao da ecolóxica.

As canais dos becerros criados en ecolóxico teñen menos peso e menos graxa que o resto, co cal aos prezos máis elevados dos pensos hai que sumarlle menor volume e peso e menos graxa de modo que todo o conxunto repercute na mingua do prezo/kg, dándose o paradoxo de que o esforzo feito leva aparellada unha perda de valor económico non canto de ser ao revés, debido a que a clasificación da calidade da canal se centra no peso, na conformación e no estado de engraxamento e non contempla as desviacións derivadas dos parámetros nutricionais da cría en ecolóxico.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:25:57

María González Albert na data 11/01/2022 12:26:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:26:09



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No DOG do 11 de xaneiro de 2021 publicábase o extracto da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas polo FEMP e a súa convocatoria para o ano 2021.

As axudas tiñan como finalidade:

1. Proxectos innovadores, entendendo por tales os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.
2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos que reduzan os efectos da pesca sobre o medio ambiente, en particular mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sostible dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos depredadores protexidos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que se cumpriron as expectativas desta orde?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2022 12:28:11
Nº Rexistro: 27366
Data envío: 11/01/2022 12:28:11.802

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:08:09

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:08:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as incorporacións de mozos e mozas e os plans de mellora da actividade agrogandeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido o rural galego sofre un despoboamento grave que tamén é compartido por outros territorios, tanto europeos como do resto do estado español.

É fundamental pois, a incorporación de mulleres e homes xoves no tecido rural e para iso compre orientar, asesorar e tutelar o plan emprendedor de asentamento e destas empresas no sector primario cun marcado carácter agropecuario.

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra a súa labor administrativa case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou o Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través de la transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, “encorsetado” e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, as/os xoves tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

técnico-económica da empresa e toda este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e “perdurabilidade” no tempo do proxecto empresarial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno da Xunta de Galiza arbitrar os mecanismos programáticos e orzamentarios precisos para dotar tanto ás OAC como as delegacións provinciais do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural, do persoal suficiente para facer un asesoramento e seguimento das novas explotacións e da súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:46:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 12:46:22

María González Albert na data 11/01/2022 12:46:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da muller no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da muller no rural galego mudou ao longo dos anos quedando aínda moitísimo para que haxa garantía de que poida vivir en igualdade.

Con motivo do 8 de marzo saen á luz un sen número de datos e todos subliñan que a muller en xeral cobra menos por facer os mesmos traballos, a falta de corresponsabilidade nos coidados incrementa a xornada laboral non asalariada para a muller... sendo isto un mal que tarda en demasía en resolverse.

No rural agrándanse as dificultades, a dobre xornada convértese en tripla porque o traballo soe estar no mesmo lugar que a casa, a posibilidade para conciliar límitase por ausencia de servizos básicos no rural o que limita as posibilidades de que unha muller se quede ou incorpore ao tecido produtivo rural.

Tristemente hai unha ausencia crónica de políticas públicas que fomenten unha vertebración do rural, e que permitan que a vida da súa xente se desenvolva dun xeito digno, nomeadamente para as mulleres, que é o tema que nos ocupa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que políticas públicas ten planificadas o Goberno galego para que sexa posible un avance cualitativo para a igualdade de mulleres e homes no rural no marco da negociación da nova PAC e da chegada dos fondos Next Generation?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Carmen Aira Díaz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2022 12:55:14

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 12:55:26

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2022 12:55:35





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 12:55:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas comarcas galegas con gran concentración de viveiros de planta e flor, como no caso do concello de Tomiño, estes negocios empregan a gran número de persoas, sobre todo mulleres, cun efecto moi positivo sobre a fixación de poboación e sobre a economía da zona.

Veñen sendo empresas medianas dedicadas a un sector produtivo que ten un importante volume de negocio relacionado coas exportacións que fan que a comarca se manteña viva en tódolos ámbitos e que contribúen como as que máis ao enriquecemento do PIB da Galiza.

Estas empresas están excluídas das axudas dos fondos Leader, porque se encadran dentro das grandes empresas na normativa administrativa que as regula, ao ter en conta o número de traballadoras totais cando estas pasan de 50.

O GDR Suroeste Eurural xa enviou alegacións ao respecto á AGADER no período 2014-2020 sen que isto tivera transcendencia práctica algunha. Tampouco a consellería de Medio Rural saca ningunha axuda neste senso, co cal a desprotección é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máxima, aínda que a súa contribución á riqueza demográfica, económica e social a través da creación de emprego sexa óptima.

Atópanse en terra de ninguén, excluídas das axudas da PAC por non ser produción primaria (alimentación) e das axudas do Leader por exceder de traballadoras. En ámbolos dous casos, o sector dos viveiros (en especial as pequenas empresas) son esquecidas pola consellería.

Só quedan dúas opcións, unha é poñer a cuestión no mapa na negociación sobre os fondos Leader, porque parece que na actividade agraria non é adecuada a consideración de gran empresa e, polo tanto, podería abrir unha excepcionalidade, outra sería poñer na prioridade da Consellería esta actividade e habilitar unha liña de axudas compensatorias específicas para o sector...

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza atender a demanda do sector viveirista proponendo a apertura dunha excepcionalidade para que poida beneficiarse dos fondos Leader, e non caso de non ser posible habilitando unha liña de axudas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
María González Albert
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:12:33

María González Albert na data 11/01/2022 13:12:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:12:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cursos de aptitude empresarial agraria, encadrados dentro da formación
esixible no Plan de formación continua da Consellería do Medio Rural, é o método máis
habitual para a acreditación da capacitación agraria, sendo esta unha condición
necesaria para a cualificación dunha explotación como prioritaria ou como requisito
indispensable para o acceso ás axudas de incorporación de mozas e mozos á actividade
agraria (medida 6.1 PDR) e tamén para as axudas para o apoio as inversións nas
explotacións agrícolas que son os chamados “plans de mellora” (medida 4.1 PDR), é
requisito indispensable para que as novas incorporación á actividade agraria poidan
aspirar á percepción de axudas da PAC.

As políticas relativas aos modelos e sistemas para impartir esta especialidade de
formación foron mudando ao longo do tempo, aparentemente dun xeito errático.

Pasou de ser pública e impartida de forma presencial nos Centros de Formación
e Experimentación Agroforestal a ser impartida nun único centro, o CFEA de Monforte
de Lemos e de xeito semipresencial, pasando por ser e telemática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contempla o alumnado, agora mesmo, tres problemas importantes, un deles o feito de centralizala na cidade de Monforte na CFEA.... o cal causa trastorno á hora de vir de calquera punta da Galiza atender á clase presencial e facer o exame final de cada módulo.

Outro problema atópase no mesmo deseño dos módulos formativos que non están orientados á multiplicidade e emprendemento agropecuario existente. E por último a formación telemática, se queremos que as novas incorporacións sexan reais e con perspectiva de futuro non chega un pdf na pantalla dun ordenador... precisaríase doutro tipo de ensinanza presencial e cunha importante carga práctica, cousa que entendemos que este sistema formativo non logra.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza ter en consideración a revisión do actual plan de formación continuada impartido na CFEA de Monforte para facelo útil para establecer e afortalar o vínculo do emprendemento da xuventude de cara ao sector agropecuario?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:25:09

María González Albert na data 11/01/2022 13:25:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:25:20





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada Finca Robles, pertencente á Xunta de Galiza e sita no lugar da Veiga no concello de Pobra do Brollón, no sul da provincia de Lugo; foi a primeira experimental de toda Galiza, e tamén a primeira en facer inseminacións artificiais no gando vacún, sendo pois a pioneira na Galiza e probablemente en España.

A propiedade conta con 25 ha. situadas nun terreo privilexiado, ocupando unha veiga con regadío provinte dunha presa no río Cabe. Chegou un momento no que contaba con 30 ou 40 persoas traballando, o que fixo medrar a poboación na que se ubica, sendo o motor de desenvolvemento económico da zona, de xeito que viviu unha época de esplendor.

Agora mesmo contan con gando de raza rubia galega e experimentan con distintos tipos de forraxes cun resultado que demostra que poderíamos depender pouco de insumos externos.

Comezouse a destinar algo de fondos á reparación de distintas dependencias e alprendes que forman parte da granxa, incluíndo un deles que sufriu un incendio hai ben pouco.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contan con edificacións históricas e cunha casa que está nun estado de conservación delicado e por riba conta cun mobiliario de moito interese.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten intención a Xunta de Galiza de deseñar un plan integral de interacción coas universidades para que poidan acudir alumnos/as a facer prácticas e intercambiar coñecementos con outros centros experimentais na Finca Robles?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:31:17

María González Albert na data 11/01/2022 13:31:21





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:31:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

Exposición de motivos

Neste verán de 2021 na Galiza levamos un número menor de incendios que outros veráns por contar este con temperaturas menos elevadas e con choivas periódicas nalgúns puntos que impediron que se provocaran lumes.

Así mesmo, levamos unha superficie queimada que non é chamativa a comparanza de outros anos, derivada da mesma cuestión.

A medida que o verán estacional vai rematando as temperaturas estanse incrementando como tamén o fai o nivel de seca, e é aquí cando os lumes van aparecendo progresivamente.

Recentes lumes foron os de Sobradelo, con afectación de case 200ha e unha gran mobilización de recursos humanos e materias e motivado segundo as investigacións da consellería de Medio Rural por unha chispa da catenaria do ferrocarril ao paso pola zona, nesta zona non foi o único sendo o outro de menor entidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén houbo afectación por lumes en concellos como Rois, con 20ha, Guitiriz e Vilalba coa suma de 1,3 ha de superficie e incluso un en Quiroga próximo á superficie queimada por outro lume que ameazou hai uns meses a Serra de Courel, este afectou a unha superficie de 500m2.

Esta mesma fin de semana desatouse outro lume no concello de Negueira de Muñiz con afectación de 25ha, que ao momento desta iniciativa xa poderían ser máis, mentres en Ourense se ven comprometidas 30ha por varios incendios simultáneos en distintos concellos, que poden ser máis ao remate da fin de semana.

Vese claro que o número de incendios está nun claro incremento como así tamén a superficie afectada. Aqueles lumes que se controlaron con pouca afectación no terreo puideron ter máis.

Unha vez máis a ausencia de políticas axeitadas para a prevención de lumes, incidir na extinción como única vía de solución non protexe o territorio nin ás persoas, seguimos na Galiza a depender da climatoloxía para a prevención dos lumes.

Año tras ano tras ano o goberno da Xunta deixa que se repitan pasivamente as mesmas ausencias de políticas contra o lume sen tomar medidas para conducir ao un deseño territorial que protexa aos núcleos de poboación e ao propio territorio, xa que se crearían franxas de protección natural a través das cales sería ben dificultoso que se propagara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No canto disto, as medidas que se toman son esperar a que veña un verán chuvioso e logo si, culpar ás persoas de ser incendiarias e investir un orzamento sen límite na extinción.

Dende o BNG consideramos esta política culpabilizadora que inviste no que dá máis negocio que é a extinción, no canto de investir na ordenación do territorio para a prevención, é nefasta e todas e cada unha das épocas cálidas o demostra.

Por isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o goberno da Xunta para impedir a proliferación de lumes ao remate deste verán e durante o próximo outono?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 11/01/2022 13:43:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:43:13

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:43:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Exposición de motivos

Este verán de 2021 estívose a caracterizar pola súa pluviosidade e baixas temperaturas polo que o número e impacto dos lumes que se ocasionaron foi limitado.

Nos que se produciron podemos notar menor afectación de superficie sendo ata o momento o lume de Sobradelo o que provocou que se queimara unha superficie máis extensa con cerca de 200 Has. Nas 48 horas que o monte baixo e arborado estivo ardendo a mobilización de recursos para a súa extinción foi máxima: 8 avións, 9 helicópteros, 30 axentes forestais, 52 brigadas, 25 motobombas e 2 palas escavadoras, isto elevou a máis de 326.000€ o custe da súa extinción.

Observamos un ano máis que o modelo de planificación e prevención de incendios segue a ser o tradicional da Xunta baseado na climatoloxía para a prevención e na macromobilización de efectivos para a extinción a pesares do custo económico que supón e da pouca efectividade que ten a curto e longo prazo para suprimir definitivamente esta perigosa lacra.

Repíte o Goberno da Xunta reiteradamente que somos un país de incendiarios e que a maioría son inevitables porque son provocados, en cambio dende o BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debemos sinalar que hai numerosos incumprimentos de organismos responsables e a Xunta de Galiza permanece calada e pasiva.

Podemos nomear de novo o lume de Sobradelo onde Medio Rural estima que a causa foi unha chispa da catenaria do ferrocarril ao seu paso polo lugar. Adif presentou o seu plan de prevención de incendios 2021-2022 o ano pasado este lume é a mellor constatación de que non o cumpre, non só nesta zona senón en xeral, podemos asegurar que as marxes das vías do ferrocarril non están adecuadamente mantidas e limpas.

Tampouco o Ministerio de Fomento está a facer o adecuado mantemento das estradas nacionais galegas. Esta limpeza faise tarde, de xeito lento e parcial ou non se fai, o cal pon en grave risco de que se poida provocar lumes. Límpanse 1 ou 2 metros de marxes ao carón da vía pero non os terrapléns, incluso esta limpeza se está a facer con Glifosato que logo aparece nos informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co cal unha vez máis a Galiza soporta a carga de contaminación ao tempo que o risco de incendio se mantén.

En ambos casos hai que subliñar que a limpeza ao seu paso por núcleos urbanos é igual de deficitaria que por zonas menos poboadas.

Para rematar sinalamos que non estaría de máis que a limpeza das franxas das liñas de alta e media tensión fora máis exhaustiva

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta tomar as medidas oportunas para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marxes das liñas de alta e media tensión, das estradas nacionais e das liñas de ferrocarril?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

María González Albert

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 11/01/2022 13:46:11

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:46:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:46:23

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:46:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O futuro do rural galego pasa por un desenvolvemento rural serio que permita fixar poboación e polo tanto poida manter o medio e o territorio vivo e con capacidade para albergar poboación que poida desenvolver a súa vida persoal e laboral en condicións de total igualdade coas zonas máis poboadas.

O BNG entende por fixar poboación ir máis alá de establecer un epígrafe de tal nome nos orzamentos anuais. Para que a poboación retorne e se quede no rural precisa dunha serie de servizos mínimos, básicos, que é precisamente o que se están perdendo a pasos de xigante no rural.

Pode parecer increíble que aínda queden lugares sen electrificar no noso rural, pero tamén o é que aínda existan parroquias sen traída de augas. No século XXI isto é o máis básico posible, e máis é unha asignatura pendente.

Tampouco existe saneamento en casi ningún núcleo do rural, polo menos nas zonas do interior de Lugo e de Ourense, incluso ao pé de cursos de auga o cal provoca un efecto nefasto no medio ambiente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Poderíamos seguir relatando un sin número de situacións relativas ás comunicacións tanto terrestres como no relativo á cobertura dixital e outras moitas cuestións que teremos a oportunidade de enumerar na exposición desta iniciativa.

O Goberno da Xunta fía o desenvolvemento rural ao II pilar da PAC e por isto é moi importante que estableza unhas prioridades para levar adiante no plan de desenvolvemento rural que de xeito global permita fixar poboación e reverter a tendencia demográfica actual seriamente e isto só pode acontecer cando os servizos básicos para a vida diaria teñen boa saúde.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta comprometer orzamentariamente o importe necesario para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para o desenvolvemento dos servizos básicos e fixar poboación no rural no período da PAC 2023-2027?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2022 13:52:13

María González Albert na data 11/01/2022 13:52:17

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2022 13:52:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández e do deputado **Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento da Xunta de Galiza da proposición non de lei aprobada en pleno a respecto das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 10 de decembro aprobábase no pleno deste Parlamento a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo”.

Após máis de vinte anos de demanda social continuada en demanda da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo que permita recuperar un espazo natural medioambientalmente saudábel e economicamente produtivo como o foi hai anos, sendo unha moi importante alternativa de riqueza e creación de postos de traballo para a comarca da Coruña.

O Grupo Parlamentar do BNG trouxo a esta cámara ao longo desta lexislatura en varias ocasións un problema moi importante ao que a día de hoxe aínda non se lle procurou solución: garantir o pagamento de compensacións económicas aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariscadores da Ría do Burgo que durante máis de dous anos non van poder realizar a súa actividade profesional e, polo tanto, soste os seus postos de traballo e ingresos correspondentes.

A aprobación da proposición non de lei arriba mencionada, a instancias do PP, e sen atender as propostas de emenda do BNG, volve constatar, por unha banda, a negativa da Xunta a participar no pagamento das compensacións económicas aos mariscadores e mariscadoras durante o tempo que se vexan obrigados á inactividade, e, pola outra, a non abrir un proceso de negociación inmediato co goberno do Estado para velar polos intereses dos traballadores da Ría do Burgo, reforzando o desleixo mantido todos estes anos coa recuperación da ría.

Nos últimos días do pasado 2021 a empresa adxudicataria das obras, a unión temporal de Acciona e Matías Arrom Bibiloni, apenas iniciou os traballos previos de replanteo, mais os 80 mariscadores e mariscadoras afectadas nada saben da calendarización do inminente comezo das obras de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, da data de finalización dos plans de marisqueo autorizados pola Xunta de Galiza nin tampouco da achega dunha solución económica compensatoria por parte das diferentes administracións afectadas: a Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en pesca e marisqueo, e mais o goberno do Estado, titular da obra.

O goberno do Estado, en resposta ás preguntas do deputado do BNG Néstor Rego no Congreso, afirmou recentemente que os mariscadores poden presentar reclamacións xudiciais se consideran que as obras prexudican o seu patrimonio. Unha resposta improcedente pois non ten ningún sentido obrigar os traballadores da ría a abriren custosos procedementos de defensa xurídica para demostrar o que é ben evidente: durante o tempo das obras non poderán mariscar.

A resposta rotunda dos mariscadores xa foi feita pública: negaranse a retirar a cría dos bivalvos mentres non haxa un compromiso pechado por parte das dúas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións responsábeis. Unha obra adxudicada en 32,2 millóns de euros de fondos europeos ben pode asumir, por parte da Xunta e do Estado, un plan social de 700.000 euros por ano.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións leva realizado a Xunta para facer cumprir a proposición non de lei aprobada no pleno do pasado 10 de decembro de 2021?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 13:57:13

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 13:57:16

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2022 13:57:27



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización das Nacións Unidas (ONU) fixou para o período 2015-2030 os coñecidos como Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), que teñen como meta superar os principais retos que se presentan a nosa sociedade. Entre eles, destaca o obxectivo número 5 que consiste en acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas, que representan a metade da poboación mundial e, polo tanto, tamén a metade do noso potencial.

Sen embargo, a desigualdade de xénero persiste hoxe en todo o mundo e limita o progreso social, xerando dinámicas de discriminación e exclusión. En consecuencia, a violencia de xénero constitúe o reflexo máis cruel desta desigualdade e un dos ataques máis flagrantes contra a dignidade persoal e o benestar social, que esixe unha actuación contundente por parte das administracións públicas a todos os niveis.

Neste sentido, a atención psicolóxica resulta fundamental para a prevención, recuperación e adquisición de habilidades que permitan lograr a autonomía e a reincorporación á vida en sociedade das vítimas, rachando así coas situacións de violencia. Nesta liña, o Consello da Xunta vén de renovar o convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como aos seus familiares.

Para conseguilo, ponse a disposición das persoas que viven, ou viviron, situacións de violencia de xénero, unha rede de profesionais da psicoloxía especializada nesta atención. Así mesmo, este convenio contempla actuacións para a atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar.

En concreto, a través do programa Abramos o círculo, os participantes reciben recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia. Trátase dunha colaboración que, desde o 2009, ofrece unha resposta global á violencia de xénero proporcionando, por unha banda, recursos para ás mulleres vítimas es as súas familias e, por outra, a



homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, que queiran mellorar a súa conducta polo ben da súa familia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é o balance da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero desde 2009?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 11/01/2022 14:10:30

María Corina Porro Martínez na data 11/01/2022 14:10:55

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 11/01/2022 14:11:32

Noelia Pérez López na data 11/01/2022 14:11:50

López Sánchez, Rosalía na data 11/01/2022 14:12:06

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 11/01/2022 14:12:14

José Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2022 14:12:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2022 14:12:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero establece entre os seus principais eixos de actuación a necesidade de intensificar a asistencia e protección dos menores e sinala que a “protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas a súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

Facendo propios os compromisos acadados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta de Galicia artellou indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Durante o pasado ano o Goberno autonómico concedeu indemnizacións a tres mulleres vítimas da violencia de xénero que resultaron gravemente feridas e a dous descendentes que quedaron orfos a causa desta lacra. As contías ascenderon a 7.000 euros de indemnización e completáronse cunha asistencia integral a todos eles, no marco das medidas que a Comunidade brinda para apoiar a mulleres e aos menores na súa recuperación.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

– A canto ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 11/01/2022 14:05:37

María Corina Porro Martínez na data 11/01/2022 14:05:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/01/2022 14:06:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2022 14:06:57

José Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2022 14:07:27

Noelia Pérez López na data 11/01/2022 14:07:38

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/01/2022 14:07:51

López Sánchez, Rosalía na data 11/01/2022 14:08:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispoñendo no seu artigo 39 apartado 1 que “a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e máis a tentar axudalas a romper coa situación de violencia”. Por outra banda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste sentido, a Xunta vén de publicar a convocatoria 2020-2021 das axudas periódicas de entre 200 e 800 euros mensuais coas que o Goberno autonómico apoia ás vítimas da violencia de xénero co obxecto de que gañen independencia económica dos seus agresores e consigan saír da situación de perigo. Ademais, anunciáronse as axudas de pago único para apoiar ás vítimas con especiais dificultades para a busca de emprego e a liña destinada a garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero e/ou os menores ou persoas dependentes delas, perciban as indemnizacións que lles corresponden polos danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia, decretada mediante sentenza xudicial.

Todos estes instrumentos perseguen garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contan cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, e deste xeito poidan rachar o círculo da violencia de xénero.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Cales son as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende seu importe?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 11/01/2022 13:58:29

María Corina Porro Martínez na data 11/01/2022 13:59:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/01/2022 13:59:35

López Sánchez, Rosalía na data 11/01/2022 13:59:54

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 11/01/2022 14:00:03

José Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2022 14:00:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2022 14:00:29

Noelia Pérez López na data 11/01/2022 14:00:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A loita contra a violencia de xénero debe marcar a folia de ruta da acción política dos diferentes poderes públicos do noso país e da nosa comunidade. Neste sentido destaca o firme compromiso da Xunta de Galicia demostrado coa posta en marcha de diferentes medidas de detección, prevención e acompañamento, en ámbitos como o sanitario, económico ou laboral, entre outros, todas elas, encamiñadas a erradicar esta lacra social.

Un dos eixos fundamentais desta actuación é a procura da independencia económica das vítimas, xa que esta é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero logren unha maior estabilidade persoal, social e laboral, podendo romper deste xeito co círculo da violencia.

Para impulsar á estabilidade económica destas mulleres, a Consellería de Emprego e Igualdade vén artellando actuacións como as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades), no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

– Con que medidas conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 11/01/2022 14:15:50

María Corina Porro Martínez na data 11/01/2022 14:16:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/01/2022 14:16:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2022 14:16:39

López Sánchez, Rosalía na data 11/01/2022 14:16:53

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/01/2022 14:17:03

José Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2022 14:17:18

Noelia Pérez López na data 11/01/2022 14:17:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os acordos anteriores sobre as condicións de exercicio da actividade da flota española e portuguesa nas augas interiores de ambos países supuxo durante moitos anos unha importante desvantaxe competitiva para a flota española, como así o levaba denunciando o sector dende hai tempo.

A flota galega e do resto do Cantábrico reivindicaba a necesidade de acadar a reciprocidade para acabar coas diferencias, xa que mentres a nosa flota amarraba por descanso as fins de semana os lusos podían faenar, e así, cando o luns partía a flota galega dos portos, aqueles que operaban con pavillón portugués xa dispuxeran para a súa venda en lonxa o produto capturado, mentres os barcos galegos estaban amarrados.

Ademais tampouco xogaban coas mesmas condicións técnicas, xa que as embarcacións lusas podían empregar o chamado “tren de bolos”, complementario do arrastre, pero os arrastreiros galegos tiñan unhas condicións restritivas para o seu emprego.

Polo tanto, espazo de traballo e mercado o mesmo, pero con distintas regras do xogo, moi desfavorables para a pesca galega.

Dende o pasado 1 de xaneiro deste ano, e grazas ás negociacións e acordo entre os ministros de Pesca español e portugués, ponse fin ao agravio comparativo que durante os últimos 35 anos denunciaban os arrastreiros galegos e do resto do Cantábrico, xa que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana fronte a España e vender antes que eles as súas capturas nos mercados españois. Froito do acordo entre Portugal e España os portugueses non poderán faenar as fins de semana en augas españolas, xa que deberán de respectar os horarios establecidos na actividade e só poderán descargar en España a partir da medianoite do martes, ao igual que os españois no país veciño. Ademais tampouco poderán empregar o “tren de bolos”.

Todas estas medidas, recollidas no acordo luso-español, dan resposta ás demandas do sector español, especialmente da flota de arrastre do noroeste



español e das do cerco e arrastre do golfo de Cádiz, que reivindicaban un acordo estable, duradeiro e en igualdade de condicións que a flota do país veciño. Este acordo ten en principio unha duración de 5 anos prorrogable por 2 máis e marca as novas condicións para os pesqueiros españois e portugueses que faenan nas augas limítrofes dos dous países.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego o acordo entre os ministros de Pesca de España e Portugal que pon fin ao agravio comparativo que denunciaban os arrastreiros galegos polo que se permitía que os barcos portugueses podían faenar as fins de semana e vender as súas capturas nos mercados españois antes que os galegos, así como empregar o chamado “tren de bolos”?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 12:49:33

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 12:49:45



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado, Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do SERGAS.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual. Algúns dos casos, ademais, son situacións que veñen arrastrándose dende antes da situación pandémica, na que xa se viñan evidenciando os problemas de xestión para cubrir os cupos de profesionais necesarios no sistema de atención primaria.

O caso de Vilalba e a súa contorna de Terra Chá é paradigmático desta situación, existindo problemas tanto no centro de saúde da localidade como no PAC que da servizo a este concello e aos de Abadín, Cospeito, Muras e Xermade.

Vilalba, con máis de 14.000 habitantes, conta con 11 cupos de profesionais facultativos de medicina de familia e comunitaria, dos que soamente están sendo cubertos 8 tendo que redistribuír, entre eles, os outros 3 cupos de pacientes o que sitúa a súa ratio real en máis de 1700 pacientes por profesional. Isto provoca un aumento de carga asistencial entre os profesionais, que teñen que asumir xornadas máis longas ou concentración de asistencia no mesmo espazo de tempo. A maiores desta situación non resolta os 2 cupos de profesionais de pediatría están sendo cubertos por profesionais de familia e comunitaria, e a atención especializada que existía anteriormente estase a perder (oftalmoloxía ou reumatoloxía).



En Xermade, concello veciño, ocorre unha situación semellante, pois dos 3 cupos existentes hai non moito tempo agora a asistencia sanitaria de atención primaria está cuberta por un profesional, variable e que non está fixado ao centro de saúde.

O PAC que atende aos concellos citados sofre tamén as dificultades dunha xestión incompleta que dende o área sanitaria non consegue dar a cobertura de persoal que o centro necesita. Este escenario deixa con dificultades de cobertura a unha poboación de case 25.000 persoas (en torno a 1.800 en idade pediátrica)

A fixación de poboación en contornos máis rurais precisa duns servizos públicos que garantan calidade, e de maneira especial no caso do servizo sanitario, polo que é necesario desenvolver políticas de discriminación positiva cara o rural que garantan os seus servizos e a atención ás necesidades fundamentais da poboación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cando pensa o Goberno galego reponer o completo dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2022 13:44:12

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2022 13:44:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2022 13:44:32





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27413
Data envío: 11/01/2022 16:32:22.615

Marina Ortega Otero na data 11/01/2022 13:44:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-Dz0JGTdZ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Logo dun procedemento fallido de licitación en libre concorrência do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda de titularidade de Meisa (Manzaneda Estación de Esquí S.A), a Xunta de Galicia conxuntamente coa Deputación Provincial de Ourense, en canto que máximos accionistas, decidiron colocar ao fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo SL.

Unha empresa constituída 10 meses antes e, a priori, sen ningunha experiencia na xestión deste tipo de instalacións.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Enxeñería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 euros que se establecían nas plicas.

Segundo a Xunta de Galicia, así o manifestou a Sra. Nava Castro, directora xeral de Turismo na súa comparecencia diante da Comisión 3.^a deste Parlamento, a adxudicación a Artabria Turismo SL era unha solución transitoria e temporal.

Así mesmo, tras 40 anos de presenza, o Consello de Administración de Meisa adoptou, entre outras medidas, a expulsión do mesmo dos dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña: A Pobra de Trives e Manzaneda. Expulsando aos alcaldes destes dous concellos, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione e que xere actividade e riqueza, se está evitando que os maiores interesados teñan tan sequera voz para defender os intereses da comarca, conculcando os principios de transparencia que a Xunta de Galicia e a propia Deputación de Ourense deberían impulsar como regra fundamental de funcionamento da propia Meisa.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten reclamado neste Parlamento que se lle faga entrega do Contrato de Adxudicación da estación de Montaña de Manzaneda asinado coa empresa Artabria Turismo, amén doutra documentación, sen que a día de hoxe se teña remitido absolutamente nada.



Así mesmo, nestes últimos anos, dende o PSdeG-PSOE, tanto na Deputación de Ourense coma no Parlamento de Galicia, lévanse rexistrado varias peticións solicitando diversa información sobre a xestión de Meisa e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda.

Entre outras respostas, neste caso dada por parte do Sr. presidente da Deputación de Ourense aos deputados provinciais socialistas, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se lle indica o PSdeG - PSOE que o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa.

Con data 25 de setembro de 2020, o Grupo Socialista na Deputación, dirixiu un escrito ao Consello de Administración de Meisa coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado dito escrito ao correo oficial desta Deputación da secretaria de dito Consello de Administración.

Logo de 15 meses e de despois de que se celebrase algunha xuntanza do Consello de Administración de Meisa, o expediente segue sen ser remitido os representantes socialistas, xa sexa na Deputación ou neste Parlamento.

Diante desta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que prazos manexa a Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrência o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/01/2022 17:23:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2022 17:23:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galiza a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Integración Social do Minusválido (LISMI) do ano 1982 define por primeira vez os Centros Especiais de Emprego (CEE) no seu artigo 42:

1. Os Centros Especiais de Emprego son aqueles cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores minusválidos; á vez que sexa un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

2. A totalidade do persoal dos Centros Especiais de Emprego estara constituída por traballadores minusválidos, sen prexuízo das prazas en persoal do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

Esta lei desenvolveuse no RD 2273/1985, de 4 de decembro, que repite no artigo 1 a mesma definición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa publicación desta lexislación e a concesión de axudas e subvencións para a integración laboral das persoas non discapacidade fixo medrar o número de Centros Especiais de Emprego e, como consecuencia, o número de persoas con discapacidade empregadas.

No ano 2013 apróbase a Lei de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social (LGD) que derroga da LISMI.

Tanto a LISMI como a nova Lei Xeral de Discapacidade (LGD) sinalan como obxectivo principal dos CEE o de proporcionar ás persoas traballadoras con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado, adecuado ás súas características persoais, e que facilite a integración laboral destes no mercado ordinario de traballo.

Os obxectivos dos CEE segundo a LISMI son claros e seguen vixentes na actualidade:

1.- Proporcionarlle unha alternativa de emprego as persoas traballadoras que non alcancen o obxectivo principal das políticas de emprego para as persoas con discapacidade, é dicir, o emprego ordinario.

2.- Asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiren os seus traballadores/as.

3.- Ser o medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal.

A LGD prescinde totalmente do obxectivo número tres da LISMI “Ser un medio de integración do maior número de minusválidos ao réxime de traballo normal, é dicir,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego ordinario”, e fai referencia no seu texto a que “*O emprego protexido será, sempre que sexa posible, estable*”, causa que non contempla a LISMI.

Estes cambios facilitan que algunhas CEE se estean a converter en empresas finalistas de prestación de servizos en lugar de actuar como ponte ao mercado ordinario das persoas con discapacidade, tal e como o indica un informe do Ministerio de Traballo, o obxectivo destas CEE xa non é a inserción laboral das persoas traballadoras senón o negocio empresarial, competindo con vantaxe co resto das empresas.

Este é o caso de *Ilunion Servicios Industriales*, un centro especial de emprego da ONCE que na actualidade ten 620 persoas traballadoras que prestan servizos no sector da automoción e están a padecer unha situación de precariedade laboral e están sometidos a altos ritmos de traballo que non se axustan á finalidade para a que foron constituídos os CEE.

As persoas empregadas en *Ilunion* están ocupando postos de traballo sen apoios nin adaptacións ás circunstancias da persoa traballadora, ese traballo era realizado antes por persoas sen discapacidade e agora nas mesmas condicións faino unha persoa con discapacidade.

Ilunion Servicios Industriales recibiu nos anos 2020 e 2021 da Xunta de Galiza axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e segundo a orde que regula estas axudas “*a Consellaría de Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa*”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que mecanismos de control, avaliación e seguimento levou a cabo a Consellaría de Emprego e Igualdade da Xunta de Galiza das axudas outorgadas a *Ilunion Servicios Industriales* co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 17:25:25

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 17:25:29

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2022 17:25:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López, Paulo Ríos Santomé e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con 122 portos de titularidade autonómica e cun ente público, Portos de Galiza, que os xestiona.

No Informe de Xestión do ente relativo ao 2019 (último que figura na súa páxina web), contrastan dun xeito moi elocuente os case 18 millóns de euros de ingresos correntes recadados por taxas e prestación de servizos portuarios cos algo máis de 10.700.000 euros de gastos en bens correntes e servizos.

Mais ese contraste nas cifras refléxase moito máis cruamente na realidade diaria dos peiraos e no clamoroso descontento dos seus usuarios e usuarias.

As queixas sucédense decotío, tanto polo cobro de taxas excesivas como pola falla de mantemento e de servizos nos portos e tamén pola falla dos subministros máis básicos para desenvolver as actividades pesqueiras e/ou deportivas nas instalacións portuarias.

Trátase dunha actuación cicatera e de presión continua que se leva a cabo sen ningún tipo de consideración cos profesionais que todos os días realizan o seu traballo nos peiraos e que pagan un prezo moi alto por ter acceso a uns servizos que, en moitos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

casos, son deficientes e, noutros, ata inexistentes, e forma parte dun xeito de actuar, o de Portos de Galiza, que nada ten a ver con “grande empeño” de que “os portos sexan un elemento facilitador da vida diaria tanto dos profesionais do mar como dos cidadáns ...” que manifesta a súa propia presidenta tamén na páxina web do ente.

Todo o contrario, a política de Portos véñse levando a cabo non só sen contar co sector do mar senón mesmo despreciándoo e poñéndolle obstáculos a diario que impiden a realización do seu traballo nunhas mínimas condicións de normalidade e ata de seguridade.

Non se entende, por exemplo, como nun porto de indudábel importancia pesqueira como o de Bueu ou o deportivo da mesma localidade, o de Beluso, veñan de cortarse “definitivamente” os subministros imprescindíbeis de auga e luz sen máis mediación que unha nota de aviso pendurada na porta dun pantalán.

Que explicación pode ter que se aluda a que se cortan “por falta de abono” cando os usuarios veñen pagando e continúan a pagar polo fornecemento deses servizos, tal e como amosan os “avisos de cargo” que reciben periodicamente de Portos de Galiza.

Ou como se concibe, por exemplo, que no porto de Corme leven anos sen apenas poder facer uso dos pantaláns polo seu mal estado de mantemento e conservación ou non existan dispositivos en funcionamento que podan evitar os roubos e danos que podan acontecer e os seus usuarios paguen e continúen a pagar taxas abusivas por servizos que non se lle prestan.

A nefasta xestión dos portos acumúlase dun extremo a outro do país e os seus usuarios padecen día tras día as consecuencias. Nestes días unha máis: Están a recibir as notificacións de cobro de taxas pendentes dende o mes de xaneiro e a facer fronte a un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

período de 6 meses nun só pago, nun máis que evidente funcionamento pésimo da Administración.

E tamén en datas recentes, véñse de prohibir taxativamente a “manipulación ou reparación de buques ou medios flotantes de calquera tipo nas explanadas e espazos portuarios” nos que se viña facendo dende sempre e sen ningún tipo de incidente. É o caso do porto de Corcubión e tamén do mesmo Corme onde véñse de eliminar esa posibilidade sen ofrecer alternativas, sen manter diálogo co sector e sen procurar habilitar zonas para as varadas.

En definitiva, unha serie de actuacións sen xustificación que empeoran gravemente a calidade dos servizos portuarios, que impiden o desenvolvemento da actividade diaria e que poñen de manifesto un abandono extremo dos portos, que, en palabras da súa presidenta, son “infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento das zonas costeiras” e “o seu idóneo funcionamento é o gran obxectivo de Portos de Galiza xa que é tamén unha das chaves para o avance da comunidade”.

O obxectivo é, efectivamente, moi loábel, mais a realidade e a actuación diaria de Portos de Galiza nos 122 peiraos que xestiona amosan claramente que van na dirección contraria da súa consecución e pon cada vez máis de manifesto que o seu verdadeiro obxectivo é o de recadar a toda costa e por servizos que non se prestan.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para impedir o avance manifesto do deterioro e abandono das instalacións portuarias e para mellorar a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prestación de servizos polas que os usuarios seguen a pagar altas taxas nos portos da súa titularidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 18:08:11

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 18:08:20

Daniel Pérez López na data 11/01/2022 18:08:29

Paulo Ríos Santomé na data 11/01/2022 18:08:38





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 11/01/2022 18:08:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o pacto de decembro entre a UE e o Reino Unido (RU), que estaba prorrogado dende marzo ata o 31 de xullo, vén de coñecerse recentemente o acordo definitivo das primeiras cotas post-brexit para as especies compartidas.

Foi a primeiros do mes de xuño cando todo o sector pesqueiro da UE enterábase, por medio dun chío do comisario de Pesca e dun curto comunicado de prensa da Comisión Europea, do acordo ao que viñan de chegar a UE e o RU sobre os TAC e cotas ata finais deste ano 2021.

Sen máis noticias, o MAPA e a Secretaría Xeral de Pesca saíron inmediatamente a cualificar o chío do de “boa noticia” e de “boa” negociación.

Máis dunha semana despois, cando aínda o sector seguía sen coñecer a concreción dese acordo, o ministro de Pesca deulle o seu visto e praxe no Consello da UE, o 11 de xuño, e novamente cualificouno de “positivo”, felicitou á Comisión e asegurou que “a frota que faena no Gran Sol manterá as súas cotas de captura para este ano no cado da pescada, o rape e a meiga”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E non foi ata despois desa reunión de ministros europeos cando o sector puido comezar a comprobar que nin o acordo nin as valoracións “positivas” do Ministerio eran tales. É máis, os datos que deu dos TAC e cotas nos primeiros momentos para distintas especies, estaban moi lonxe dos cálculos que fixera o sector e isto obrigouno a convocar unha reunión para aclaralas. Finalmente, os datos do sector foron os correctos e confirmábase que a UE e o Estado español perdían opcións e posibilidades de pesca a favor do RU.

Unha vez máis, un acordo que o MAPA se apresuraba a aplaudir entusiastamente, empeoraba aínda a situación xa existente antes do brexit para Galiza, tal e como auguraba o propio sector após os resultados do Consello de Ministros europeos do pasado mes de marzo.

Así, o reparto para o Estado español volve mermar e, como consecuencia, tamén as principais especies de interese para a frota galega, que rexistra o 70% das capturas da frota que operan en augas do Gran Sol e británicas:

- A redución da pescada no Gran Sol foi dun 14,43%, pasando de 18.667 T. no 2020 a 15.974 no 2021. No stock do Sur, zonas VIIIabde, Golfo de Biscaia e augas de Francia, o recorte é do 12,6%, pasando de 12.995 T. no 2020 a 11.355 no 2021.

- A meiga redúcese en augas de Irlanda, Mar Céltico, un 8,27%, pasando de 5.620 T. no 2020 a 5.155 no 2021. Na zona VI, oeste de Escocia, a diminución é dun 21,46%, pasando de 671 T. a 527 e tan só se produce un leve aumento, o 3,22%, no Golfo de Biscaia.

- O peixe sapo, aínda que se incrementa na zona VII nun 3,7% e na do Golfo de Biscaia, un 13,49%, redúcese dun xeito importante na zona VI, nun 29,64%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O reparto pesqueiro non só volve ser prexudicial para a frota galega, cunha perda de dereitos e posibilidades de pesca cada vez maior, senón que tamén senta un precedente de incerteza para os catro anos que quedan por diante ata o 2026 que impiden ao sector planificar o seu futuro e condiciona fortemente os seus investimentos.

Cómpre lembrar ademais que este recorte prodúcese enriba do que xa se acordou aplicar para o 2021 no Consello anual de Ministros da UE, en decembro pasado, e que supuxo unha rebaixa do 5% para a pescada, do 7% para a meiga, do 12% para o peixe sapo, do 20% para o abadeixo e do 15% para a cigala.

E, por outra banda, o Comité Especializado de Pesca, creado após a sinatura do acordo entre a UE e o RU tampouco cumpríu ata o de agora o seu cometido, xa que aínda ten pendente de fixar o intercambio de cotas entre países.

Queda pois, de novo en entredito o tan cacarexado obxectivo da PPC sobre a salvagarda dos aspectos sociais e económicos. Mais non só, xa que tamén a capacidade de cada Estado nunhas negociacións nas que só se lles deu o papel de rubricar o acordado pola Comisión.

E se o cometido dos Estados nestas negociacións quedou reducido unicamente á sinatura das mesmas, o das distintas Comunidades Autónomas nin sequera existe.

Na Galiza, a Xunta tomou distintas decisións após da sinatura do acordo do brexit que non foron máis alá dunha grande operación propagandística co obxectivo de neutralizar o malestar do sector pesqueiro. A efectos prácticos, descoñécese resultado algún da aplicación dos informes encargados a expertos. Tampouco a efectivización da postura elaborada polo Grupo de Traballo post-brexit -que quedou constituído no Consello Galego de Pesca no pasado mes de marzo- que debía manter a Xunta nas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociacións entre a UE e o RU, negociacións que están vetadas ás Comunidades Autónomas, incluso para aquelas altamente dependentes da pesca, como a nosa.

O acordado unanimemente polo Parlamento Galego o pasado 10 de febreiro a iniciativa deste Grupo parlamentario, e que sen dúbida podería ser a medio prazo o que trouxera consecuencias verdadeiramente positivas para o sector pesqueiro galego, segue tamén inexplicabelmente agardando a que o goberno galego se decida a levalo a efecto.

- Aprobamos, por unanimidade, que a Xunta de Galiza leve a cabo sen dilación todos os trámites necesarios diante do goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca, para dar protección ao sector e para mellorar o seu acceso ás cotas de pesca e ao financiamento da súa actividade produtiva.

- Aprobamos por unanimidade que a Xunta de Galiza demande do goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover a revisión do chamado 'principio de estabilidade relativa' no seo da UE, como garantía dun reparto equitativo e axustado ás capacidades produtivas de cada país, que hoxe non existe.

- Aprobamos por maioría, só coa abstención do Grupo Socialista, que a Xunta de Galiza inste ao goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza, da súa participación e consentimento naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira.

- Aprobamos por unanimidade que a Xunta de Galiza programe e leve a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e para as zonas máis afectadas polo brexit, que palíen as consecuencias máis inmediatas do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O resultado destas últimas negociacións entre a UE e o RU, pero tamén das anteriores, deixan ben ás claras que o acordado ten consecuencias moi negativas para a nosa pesca, agora e no futuro, e que as medidas a tomar deben encamiñarse a remover os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación de partida da nosa frota dentro da UE. Polo tanto, a inacción clamorosa ata o de agora amosada polo goberno galego non ten cabida e cómpre actuar con decisión se realmente se quere reverter a situación actual.

Por estes motivos formúlase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou e vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar que o recente e futuros acordos entre a UE e o RU non sigan redundando na perda de dereitos e posibilidades de pesca para a frota galega?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 11/01/2022 18:10:04

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 18:10:10

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 18:10:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito educativo, a pandemia puxo de manifesto a improvisación constante e a irresponsabilidade das autoridades educativas en gran parte do curso 2019-20 e en todo o curso 2020-21. E isto trouxo gran preocupación ás familias e importante tensión nos centros no comezo do curso, á hora da organización do mesmo.

As confusas e cambiantes instrucións da Consellaría de Educación fixeron realmente difícil poñer en marcha un curso que, durante máis de nove meses requiriu dun sobreesforzo por parte de toda a comunidade educativa e dunha gran implicación por parte dos centros.

Todo elo aínda a pesar de que os medios non foron os suficientes, sobre todo no comezo, e de que os recursos hum anos foron escatimados pola Xunta de Galiza sen ter en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e, o que é máis grave, as necesidades do alumnado máis vulnerábel.

Así, con moita adicación, esforzo e empeño por parte das familias, das direccións dos centros, do profesorado e do propio alumnado vén de rematar o curso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento que a Consellaría estivo agardando para asestar un novo golpe ao ensino público galego.

O primeiro de xullo, co curso rematado e a maioría do profesorado fóra dos centros, a Xunta de Galiza vén de tomar graves decisións de cara ao ano académico 2021-22 que xa están a afectar a moitos centros do país. Nomeadamente, nas comarcas da Barbanza e Muros-Noia veñen de ser tres centros, tres, os que xa sofren a política de recortes e de falla total de sensibilidade que a Consellaría de Educación nunca abandonou, nin sequera durante os peores meses da pandemia, e que agora intensifica de novo.

Por un lado, a grave decisión do peche do colexio de Pino do Val, no concello de Mazaricos, que xa se intentou hai uns anos e que agora se viste dende a Xunta como unha “reorganización de unidades” que non contempla sequera mantelo un curso máis tendo en conta a situación sanitaria actual. É, sen dúbida a proba que deixa en evidencia que a falaz promesa de especial atención ao rural non é outra cousa máis que unha operación de propaganda que nada ten a ver coa política real que se aplica decotío.

No camiño de seguir desmantelando o ensino público, tamén no rural, póñense igualmente en marcha importantes reducións de persoal no único CEIP que queda no concello de Outes, após o peche definitivo hai apenas tres anos do “Emilio Navasqües”. Unha actuación que a propia Consellaría anunciou como unha “fusión” entre os dous centros e que non foi máis que unha escusa para pechar de novo un centro alegando razóns de mellora no outro que agora sofre as verdadeiras consecuencias daquela decisión: A supresión de tres docentes e un coidador/a, cando a matrícula varía tan só en catro alumnos respecto do curso que remata.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, dunha decisión antipedagóxica que tampouco ten en conta a existencia de comedor e as sete horas que os nenos e nenas pasan diariamente no centro, en grupos burbulla, nin ao alumnado con necesidades educativas especiais, nalgúns casos graves.

Tamén o CEIP de Palmeira, no concello de Ribeira, vén de ser advertido da eliminación de dúas das cinco unidades actuais de educación infantil. Un centro que tampouco reduce alumnado significativamente con respecto ao curso anterior, só 4 persoas, que atende ao alumnado non só da parroquia de Palmeira senón tamén doutras zonas do concello de Ribeira e que ten un importante número de nenos e nenas con necesidades educativas diagnosticadas, razón pola que teñen solicitado un coidador/a máis que que aínda descoñecen se terán.

Neste caso cómpre subliñar que este curso realizáronse investimentos no centro por máis de 570.000 euros, e esa mellora nas instalacións para un total de 294 alumnos e alumnas non se ve correspondida agora coa mellora de recursos e do persoal necesario para atendelos.

Nos tres casos, o modus operandi da Consellaría foi sempre o mesmo e igual de inxustificábel: Falla de respecto, ocultamento e promesa de manter, e incluso aumentar, a dotación do persoal actual. Non entanto, a realidade é a aplicación de decisións consumadas e comunicadas, sen opción a réplica, xa rematado o curso e tentando eliminar calquera atisbo de resposta ou mobilización, a falla de diálogo cos centros e o menosprezo absoluto pola participación e a opinión dos representantes dos pais e nais.

Polo tanto, os pasos dados pola Consellaría pretenden cortar de raíz calquera tipo de reacción, comprometen ás direccións e tratan de impedir que se dote a estes centros educativos cando menos co mesmo persoal co que contaron este ano, poñendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

así en risco o seu correcto funcionamento con menos persoal e ratios máis altas xustamente nun momento no que a pandemia segue viva e no que o que se require é o contrario: Reducir as ratios para evitar a incidencia da pandemia e sobre todo para atender mellor a diversidade e poder contar cun ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta que a supresión de centros públicos e a redución de persoal nos mesmos contribúe á mellora da calidade educativa do ensino público galego, garante a atención á diversidade e á equidade e beneficia á poboación, nomeadamente á que se asenta nos núcleos rurais de Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 18:11:16





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 18:11:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación ao Brexit.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo acadado entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit o pasado 24 de decembro non só confirmou os peores temores do sector pesqueiro galego senón que abriu unha mancha de interrogantes e incertezas sobre un futuro da pesca galega a medio e longo prazo que, cando menos, conta con todos os ingredientes para consideralo moi preocupante.

A medida que van pasando os días e se van coñecendo cada vez máis detalles do acordo máis inxustificábeis nos resultan as declaracións dos primeiros momentos realizadas polas principais autoridades europeas e do goberno de España, que celebraron o acordo e que mesmo o cualificaron de “xusto e equilibrado”. Declaracións que, dende o punto de vista dos intereses do sector pesqueiro galego e da entidade que este ten no conxunto da economía do noso país, resultan mesmo irrespetuosas e amosan, claramente, o nulo valor que para a UE e o goberno do Estado teñen a pesca e a economía galega e, o que é máis grave aínda, a escasísima importancia e falla de peso político que ten Galiza para esas institucións.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha relevancia que tampouco o propio goberno galego foi quen de poñer enriba da mesa con contundencia dende o mesmo momento en que a cidadanía do Reino Unido tomara a decisión de non seguir formando parte de UE e esixindo o que nos corresponde como principal produtor pesqueiro dentro do Estado e un dos principais dentro da UE.

Independentemente das cifras, dos parámetros e das valoracións que tomemos como referencia, resulta evidente que o resultado do acordo ten consecuencias moi negativas para a nosa pesca, agora e no futuro, e que, chegados a este punto, as medidas a tomar para tratar de reverter a situación non poden ser meramente conxunturais e limitárense a compensacións puntuais senón que deben ir moito máis alá, á cerna do problema e encamiñadas a remover os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación de partida da nosa flota dentro da UE.

En primeiro lugar. Faise indispensable traballar politicamente en todas as institucións co obxectivo claro de iniciar un proceso de revisión da noción, ata o de agora ríxida e inamovíbel, de ‘rexión altamente dependente da pesca’, inspirada no seu momento, entre outros, polo propio Reino Unido.

Galiza ten elementos suficientes como para ser recoñecida como tal porque a actividade pesqueira inflúe económica, laboral e socialmente de tal xeito no conxunto que as graves dificultades que o sector pesqueiro vén acumulando dende hai anos contribúen en alto grao na redución da actividade económica total e na perda de emprego, de maneira que o tecido socioeconómico vese gravemente afectado.

En segundo lugar. O coñecido como ‘principio de estabilidade relativa’ (PER) é cuestionado a día de hoxe dende ámbitos políticos, económicos, xurídicos e científicos e, precisamente, as negociacións sobre o Brexit eran o momento considerado por moitos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como o idóneo para intentar negociar un novo status para a frota galega que puidese evitar a súa continua desaparición.

Agora, asinado o acordo entre a UE e o Reino Unido, e vistos os resultados do mesmo, esa posibilidade ten que cobrar forza e reunir todos os esforzos para poder levala a cabo e conseguir que a UE derroque o PER definitivamente.

A aplicación deste ‘principio’ -polo cal se asigna unha porción fixa de total admisíbel de capturas, TAC, a cada estado membro da UE para unha determinada poboación de peixes en función do rexistro de capturas históricas de cada flota- mantense dende os anos 80 e, a pesar de ser cada vez máis discutíbel e discutido, resultou intocábel nas sucesivas reformas da política pesqueira común. Galiza foi a grande perdedora desas decisións e sofre especialmente as consecuencias deste mecanismo ano tras ano dende a adhesión do Estado español á UE co reparto discriminatorio dos TACs e as cotas que se establecen, e a día de hoxe as súas posibilidades de pesca son moi inferiores á súa capacidade.

En terceiro lugar. Faise urxente abordar tamén a participación de Galiza na defensa dos seus intereses e na toma de decisións que lle afectan de xeito tan directo para o que cómpre recoñecerlle capacidade de negociar directamente e que as cuestións en materia de pesca ou outras que afecten ás súas competencias non podan ser adoptadas sen contar co seu consentimento e aceptación.

Por razóns obvias, a consecución destes tres obxectivos non é tarefa doada nin vai ser inmediata a súa materialización e, polo tanto, cómpre poñer en marcha outro tipo de medidas a curto prazo que sirvan para paliar as consecuencias puntuais máis inminentes que se van derivar da redución do 25% das cotas de pesca para a frota galega en augas británicas. Así, as repercusións económicas e sociais que implica o acordo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tomado requiren, tanto no económico como no social, axilidade na súa programación e efectividade na súa aplicación. A resposta e o soporte do goberno galego non pode quedar á marxe de prever medidas de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas máis afectadas.

Por outra banda, non parece ter lóxica que diante dun tema de tal envergadura os grupos políticos representados no parlamento galego non teñan máis mecanismos de participación e de aportación que un tempo moi reducido nunha comisión ou no pleno. Mesmo a propia conselleira de Mar propuxo nunha súa comparecencia no pleno, no mes de maio de 2017, “realizar cada semestre unha sesión monográfica, na Comisión 8ª, na que se dea conta da información dispoñíbel e se proceda a analizar e complementar os informes e argumentos”. Sesións que nunca se levaron a cabo dende aquela e que a día de hoxe fanse imprescindíbeis á hora de que os grupos políticos teñan todos os datos, coñezan polo miúdo os detalles do acordo, participen nos debates e contribúan coas súas aportacións nas decisións dos pasos a dar de cara ao futuro.

Tamén, o artigo 21 do Decreto 123/2011, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, contempla que “poderán asistir ás reunións do Pleno ou das comisións sectoriais, con voz pero sen voto, as persoas, representantes de organismos, institucións e entidades públicas ou privadas que, polas súas actividades, coñecemento ou experiencia, a presidencia considere oportuno por razón dos asuntos que se vaian tratar. Respecto da Comisión sectorial de política social e seguridade da frota, a presidencia poderá invitar ás súas reunións un representante de cada un dos grupos con representación no Parlamento de Galicia”.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para protexer e asegurar o desenvolvemento futuro consonte ás súas capacidades de pesca do sector pesqueiro galego após o recente acordo entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2022 18:12:33

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2022 18:12:42

Daniel Castro García na data 11/01/2022 18:12:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xestión por parte da Xunta de Galiza do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de se aprobaren os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Froito dunha emenda presentada polo BNG no Congreso e asinada conxuntamente por varios grupos parlamentarios representantes de comunidades con lingua propia dentro do Estado, incorporouse aos orzamentos para 2022 a creación dun fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais por un importe de 10,5 millóns de euros.

A incorporación desta emenda aos Orzamentos Xerais do Estado propón a recuperación dun fondo que xa funcionaba entre 2009 e 2011, que logo foi eliminado, co obxectivo de promover a produción de filmes en linguas cooficiais diferentes do castelán no estado español e respectar, asemade, a diversidade lingüística e cultural.

A aprobación desta emenda e incorporación da partida mencionada aos Orzamentos Xerais do Estado implica a transferencia deste fondo a través de convenios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos organismos competentes das comunidades autónomas con lingua propia diferente do castelán co obxectivo de fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en linguas cooficiais como o galego.

Unha vez rematado o trámite de aprobación dos orzamentos xerais do estado cómpre activar desde o goberno galego a fórmula que permita que a industria audiovisual galega que está a crear na nosa lingua propia e oficial poida dispor deste fondo para avanzar no seu proxecto creativo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como se vai efectivizar por parte da Xunta a distribución do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2022 22:41:56

Daniel Castro García na data 11/01/2022 22:41:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2022 22:42:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ente público Portos de Galiza ten encomendadas por lei as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e mellora das 122 instalacións portuarias de titularidade autonómica, para o que conta cun cadro de persoal de 109 traballadores e traballadoras a 31.12.19, segundo a súa propia Memoria de 2019.

Dese total, 48 pertencen aos servizos centrais en Santiago de Compostela e 61 aos servizos periféricos. Unha estrutura que ao longo dos anos foi medrando exponencialmente nos primeiros e diminuindo nos segundos, sen que as advertencias do Consello de Contas, xa no ano 2004, surtiran efecto algún na política de persoal do ente público.

Daquela, o informe do Consello de Contas xa recollía que “destaca a concentración de competencias, efectivos e dotacións nos servizos centrais en detrimento dos servizos periféricos (xefaturas de zona) con escasos medios persoais e sen unha delimitación clara das súas funcións. Esa centralización tradúcese en especiais carencias para as instalacións portuarias, que, sendo os escenarios nos que se desenvolve a actividade tanto investidora coma comercial, son as máis desprovistas de medios para o seguimento e control da mesma. Nesa estrutura centralizada existe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ademais unha certa inflación de cargos ou postos directivos que non se xustifica con relación ao conxunto do persoal existente e que fai máis visíbel as necesidades reais de efectivos en persoal de base para as instalacións portuarias.”

A situación descrita xa hai tantos anos polo Consello de Contas continúa, é perfectamente coñecida por Portos e é a principal responsábel das circunstancias actuais nas que están moitas das instalacións portuarias e, dende logo, das condicións nas que traballa o insuficiente persoal que desenvolve as súas funcións nelas.

Esas condicións abranguen dende o escaso número de traballadores e traballadoras ata unha precariedade laboral que en Portos é de case un 40%. Arredor de 43 persoas teñen contratos temporais nas distintas categorías laborais, persoas que cun contrato de interinidade ocupan prazas estruturais na maioría dos casos en fraude de lei por abuso da temporalidade, incumpríndose sistematicamente a normativa establecida no Estatuto Básico do Empregado Público, no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro e 2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei da Función Pública e na Directiva Comunitaria 1999/70/CE, do 28 de xuño de 1999, relativa ao traballo de duración determinada.

Son traballadores e traballadoras que levan 20, 18, 15, 13 anos cun contrato temporal de interinidade e cunhas idades superiores aos 45 anos en moitos casos, persoas que no suposto de perderen o seu posto de traballo dificilmente poderían reincorporarse ao mercado laboral e que, no seu momento, accederon ao posto mediante convocatoria pública e superando procesos selectivos onde se valorou o mérito e a capacidade.

A Xunta de Galiza ten a obriga legal de convocar as prazas transcorridos tres anos dende a contratación, obriga que nin a administración en xeral nin Portos de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nomeadamente está a cumprir e que xa foi recollido tamén nos informes do Consello de Contas.

O proceso de estabilización que regularice a situación actual deste persoal que é vítima dese abuso de temporalidade debería ser unha prioridade para Portos de Galiza. Do mesmo xeito que debера selo a mellora do conxunto da súa política laboral a través da que se lle veñen negando dereitos ao persoal en canto a flexibilidade, solicitudes de modificación de horarios, impago de indemnización de custos por desprazamentos, realizacións de funcións de superior categoría, recoñecementos da antigüidade ... e que están a supoñer cada vez maior conflitividade laboral e que máis traballadores e traballadoras acudan aos tribunais de xustiza a reclamar os dereitos que a propia administración lles veta.

E, mentres se escatima co persoal propio e cos seus dereitos, chama a atención a facilidade coa que aumentan progresivamente as privatizacións de servizos: Emprego abusivo de asistencias técnicas que se acaban transformando en servizos permanentes, privatización das lonxas asumindo Portos multitude de gastos como a limpeza, as reparacións ou o mantemento, privatización da xestión de multas, privatización da vixilancia e da seguridade portuaria que suplanta as funcións dos celadores gardapeiraos como axentes da autoridade, etc., etc.

Neste momento, despois de máis dun ano no que Portos de Galiza anunciou a elaboración dunha RPT, por certo a través dunha asistencia técnica contratada, descoñécese a súa evolución mais a realidade é que non houbo negociacións sobre a mesma cos traballadores e traballadoras aos que só se lles entregou ata o de agora un simple organigrama.

No mes de xaneiro deste ano, o Partido Popular afirmou na Comisión de Pesca que Portos “está ultimando a relación de postos de traballo cos representantes dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores, co obxectivo de que estea en vigor nas próximas semanas”. A día de hoxe, os representantes dos traballadores e traballadoras non teñen coñecemento da RPT nin, moito menos, foi negociada con eles.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o número de traballadores e traballadoras do ente público Portos de Galiza e da situación de temporalidade e precariedade de preto do 40% dos mesmos mentres aumentan cada ano as contratacións externas de servizos pola súa parte?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:07:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:07:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2022 09:07:18

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:07:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do Regulamento de Control da pesca que vén de aprobarse recentemente polo pleno da eurocámara, é a penúltima estocada ao sector pesqueiro galego e, nomeadamente, á súa frota artesanal.

É a única norma da Política Pesqueira Común (PPC) que estaba pendente de actualización e xa vén sendo dende o ano 2010 un dos seus eixos centrais para levar a cabo o monitoreo e a inspección das actividades pesqueiras nas augas comunitarias.

A modificación agora aprobada, que aínda non é definitiva e que se prevé que non entre en vigor antes do ano que vén, inclúe, entre outras, medidas como as seguintes:

- Establece cámaras a bordo para controlar as capturas e o cumprimento dos descartes para buques de máis de 12 metros. Serán, en principio, voluntarias agás para os buques que "probabelmente non cumpran" ou que representen un "grave risco de incumprimento". Conceptos que non son claros e que quedan agora á espera de que o Consello fixe os criterios exactos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aqueles buques que adopten esta medida voluntariamente terán “incentivos”, como por exemplo a asignación de cotas adicionais ou a eliminación dos puntos de infracción. Unha orientación claramente capciosa que pretende converter a “voluntariedade” en clara obriga.

- Impón a xeolocalización permanente de toda a frota de máis de 4 metros, incluída a recreativa, co pretexto da seguridade da mesma.

- Obriga a levar un diario electrónico de pesca (DEA) a bordo a todos os buques de máis de 4 metros para que notifiquen dende o barco as súas capturas.

Esta normativa volve ignorar por completo a realidade da frota galega e a súa singularidade: O tamaño dos seus barcos, as zonas onde habitualmente faenan, a duración das mareas, o xeito de faenar e mesmo a operativa da venda do produto.

Galiza, malia ás sucesivas normativas da Unión Europea e do Estado español, segue a contar cunha das principais frots de Europa e a primeira do Estado. Posúe preto de 4.000 barcos de artes menores, dos que a inmensa maioría son de menos de 12 metros de eslora, pesca maioritariamente nas rías e, por tanto, con mareas inferiores a 24 horas, de xeito agrupado no caso dos miles de mariscadores e mariscadoras a frote e onde o propietario coincide case sempre co patrón, que tamén é a persoa que realiza as capturas e que, logo, ponnas á venda en lonxas onde se pesan e rexistran.

Unha frota, pois, que non ten parangón e que aínda así segue a insistirse en equiparala a outras pola obsesión normativizadora e uniformizadora da Unión Europea que, mesmo a día de hoxe, segue considerando aos buques de eslora maior a 12 metros ou con artes non consideradas artesanais como industrial.

Un despropósito que só ten en conta os metros de eslora para encadrar a pesca en artesanal ou industrial e que, de novo, non atende ás peticións do sector pesqueiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego de contemplar tamén outros criterios como a distancia do caladoiro, a duración máxima das mareas, a utilización de artes de pesca sostíbeis ou o número máximo de tripulantes a bordo.

Este Regulamento é, en definitiva, unha nova norma que incide en presentar a todo un sector como sospeitoso permanente, como presunto delincuente habitual e como depredador dos propios recursos que lle dan sustento. Doutro xeito non se entende a lamentábel actuación da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e de Pesca (DG Mare), organismo que precisamente é o encargado de velar polos intereses da frota europea, ao tentar interferir no sentido do voto dos eurodeputados por medio dunha “nota aclaratoria” que criticaba abertamente a posición adoptada previamente pola Comisión de Pesca e tratando de endurecela aínda máis.

As decisións da UE trouxeron sistematicamente non só a redución da frota e do número de empregos no sector senón tamén a desaparición paulatina dun modelo propio do noso país. A hiperregulación aplicada só vén beneficiando á grande pesca industrial e agora o Regulamento de Control é un elo máis da cadea que realmente ten como pano de fondo o sometemento da frota artesanal a TACs e cotas das principais especies das que depende (xarda, xurelo, pescada, raio, abadeixo, sardiña ...) e que non lle garante un mínimo para a supervivencia.

Coa excusa de manter a actividade pesqueira e contribuír á sostibilidade ambiental, económica e social das comunidades costeiras a longo prazo, a PPC ignora precisamente a súa escasa incidencia medioambiental e a súa grande importancia como xeradora de emprego nas poboacións costeiras das rexións altamente dependentes da pesca, como é o caso de Galiza.

As medidas deberían ir xustamente no sentido contrario e dende todas as administracións, nomeadamente dende a galega que sobre esta última decisión da UE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nin sequera se pronunciou explicitamente malia a ter as competencias en augas interiores e, por tanto, poder desenvolver plans de xestión para a frota artesanal que permitan a diversificación da actividade e a xestión dos recursos de xeito responsábel e sostíbel, ademais de poder destinar axudas para poñer en valor esta actividade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza da afectación do Regulamento de Control da pesca recentemente aprobado polo Parlamento europeo á frota artesanal galega?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:09:11

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:09:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:09:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o comunicado feito público pola Federación de confrarías galegas esta mesma fin de semana, a afectación do Regulamento de Control da Pesca aprobado recentemente polo Parlamento europeo podería ir moito máis alá do que inicialmente estaba previsto respecto do sector pesqueiro galego.

Nunha reunión mantida o pasado venres coa Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura, do Ministerio de Agricultura e Pesca, para tratar sobre o mencionado Regulamento, foron informadas de que as persoas adicadas á pesca “sen buques” tamén terán a obriga de enviar os datos de capturas diarias de forma individual.

Como é sobradamente coñecido, o colectivo de mariscadoras e mariscadores a pé está regulado a través dos plans de explotación aprobados pola Consellería do Mar, e o marisco é pesado e controlado nas lonxas.

Unha vez máis, a lexislación de pesca europea ignora a realidade e as condicións de traballo da nosa frota artesanal e nomeadamente do colectivo de mariscadoras e mariscadores a pé, impoñendo normas ás que deben someterse mesmo traballando en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

augas interiores e, na inmensa maioría dos casos, en praias que apenas distan das lonxas, onde se pesa e se rexistra o produto.

Son as propias confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores as que levan a cabo todo tipo de actuacións de control e salvagarda do medio mariño e das especies das que viven. Están suxeitas a cotas máximas de capturas, existen puntos de control da actividade, así como vixilancia dos bancos marisqueiros por parte do propio sector.

Os bancos marisqueiros están delimitados por especie comercial, coñécense os niveis de capturas de cada unha, analízase o resultado do esforzo pesqueiro ao que están sometidas e existen períodos de autorización tendo en conta datos científicos.

En definitiva, o marisqueiro é un sector que xa conta con medidas de regulación, supervisión, comprobación, inspección e vixilancia que garanten a súa sostibilidade. É, ademais, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma e a intensificación dos controis por parte doutras administracións non é xustificábel nin razoábel.

E chama moi poderosamente a atención que a mesma Unión Europea que pon atrancos sistematicamente para recoñecer ao sector marisqueiro e ás confrarías á hora da súa inclusión en determinadas axudas de fondos europeos, sexa agora a que queira tomar parte da súa regulamentación, sen ter en conta nin ao propio sector nin ás circunstancias e condicións nas que desenvolven o seu traballo.

O goberno galego ten que levar a cabo todas as actuacións que impidan que este novo atropelo se efective e que o sector marisqueiro se vexa sometido a novas normas que só lle reportarían maiores trámites e prexuízos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas levou, ou vai levar, a cabo o goberno galego para impedir que a Unión Europea inclúa ao sector marisqueiro galego na nova normativa de Control da Pesca?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:12:07

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:12:11

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:12:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de outubro, o Grupo Parlamentar do BNG rexistraba unha serie de iniciativas nas que trasladaba a grande preocupación de moitos mariñeiros galegos após a nefasta campaña do polbo sufrida durante o pasado verán, no que case non se chegou ao 10% das capturas dos últimos anos.

Pechado o ano 2020, a día de hoxe xa coñecemos a totalidade dos datos e estes son máis que alarmantes: As vendas nas lonxas galegas diminuíron un 60%, a facturación fíxoo nun 40% e das máis de dúas toneladas capturadas no 2019, apenas unha foi capturada no 2020.

Na resposta escrita que a Consellería do Mar enviou a este grupo no mes de febreiro, asegúrase “estar a traballar en tres liñas fundamentais: 1.- Por parte das Federacións procederíase a manter xuntanzas para presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control). 2.-Desde a Consellería procedeuse a analizar as ferramentas legais que permitan establecer paralizacións temporais e o reforzo do control. 3.-Desde a Consellería procedeuse a analizar as causas na diminución das capturas de polbo á que asistimos este ano. Amais, tense realizado un estudo sobre o estado do recurso e un dos datos importantes reside en que o valor da





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

clase máis pequena de polbo capturado (<250g) é o máis alto de tódalas campañas anteriores, e por iso hai que regular ata que medre e acade talla comercial ...”.

Na exposición de motivos da resolución do 12 de maio de 2020, pola que se aproba o Plan experimental para a xestión do polbo con nasa para a campaña 2020/21, xa se recolle que o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo sucede na primavera, e como consecuencia disto a época de recrutamento é na primavera-verán do ano seguinte.

Pois ben, estamos no mes de abril e nada en absoluto coñecemos das conclusións que se desprenderon do estudo realizado sobre o estado do recurso e as medidas que propón.

No día de onte tivo lugar a Comisión do Polbo e, segundo transcendeu, consensuouse co sector o plan do polbo e acordouse unha veda que se iniciará o 1º de maio e estenderase ata o 5 de xullo. Retómase así o paro de aproximadamente dous meses que viña sendo habitual e que tivo a súa excepción no ano 2020 no que só se mantivo durante un mes.

Con todo, hai que ter en conta que a escaseza de capturas que se produciu no último ano tivo e está a ter consecuencias económicas moi importantes para aquelas persoas que se dedican fundamentalmente a esta especie. Localidades costeiras de todo o país, onde o polbo supón arredor do 70% dos ingresos do sector, están nunha delicada situación á que hai que sumar as consecuencias, tamén negativas, que trouxo a pandemia e as súas restricións.

Cómpre, pois, que a administración galega, precisamente de quen dependen as competencias nesta materia, sexa sensíbel ao que vén acontecendo e tome as medidas que impidan un agravamento das circunstancias, xa difíciles, dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas levou, ou vai levar, a cabo o goberno galego para a recuperación do polbo nas costas galegas para impedir a merma de ingresos dos mariñeiros que se dedican á captura desta especie?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:13:33

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:13:36

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:13:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de xaneiro, o Reino Unido recuperou a soberanía das súas augas. O acordo acadado entre a Unión Europea e o Reino Unido, *in extremis*, o 24 de decembro de 2020, entregou o 25% das cotas de pesca europea ao Reino Unido a cambio do acceso ás súas augas durante 5 anos e medio.

Despois das celebracións iniciais das autoridades españolas e europeas, as valoracións máis comedidas viñeron a medida que se foron coñecendo os detalles do acordo e a afectación do mesmo no sector pesqueiro galego que xa cualificou de moi negativas as súas consecuencias, agora e no futuro.

Os resultados das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido non só quedaron en evidencia coa mesma sinatura do acordo senón tamén neste mes de marzo co fiasco que supuxo a falla de acordo definitivo sobre as cotas para o 2021, véndose obrigados de novo a prorrogalas de xeito provisional ata o mes de xullo.

A frota do Estado español que pesca en augas británicas é fundamentalmente a frota galega: Máis de 70 barcos dos 88 do Estado nos caladoiros do Reino Unido





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(arredor de 1.500 tripulantes) e 20 nas Malvinas (arredor de 400 tripulantes), aos que hai que sumar 36 de bandeira británica pero de capital galego.

As perdas estimadas dos barcos galegos que pescan nos caladoiros británicos superan os 9 millóns de euros, segundo o propio sector, só neste ano, cantidade que podería aumentar se o TAC agora provisional sofre reducións. E un informe realizado pola Universidade de Santiago de Compostela calculou que o brexit tería un impacto económico sobre a pesca galega duns 535 millóns de euros. Ademais, a metade dos sectores dos que se alimenta a economía galega acusarían as consecuencias.

Previendo, precisamente, as consecuencias do brexit, o Consello da UE acordou adoptar un paquete de axudas xa en xullo de 2020 e a proposta da Comisión foi presentada após da sinatura do acordo de saída: 5.000 millóns de euros para apoiar ás empresas e ao emprego nos sectores afectados constitúen a Reserva de Axuste Brexit (BAR).

A propia Comisión resaltou naquela presentación que con esa Reserva amosábase de novo a súa solidariedade e a cohesión como elementos clave que garantirían que aqueles máis afectados recibisen o apoio necesario.

Pouco despois soubemos que esa solidariedade e cohesión significaban que do total de 5.000 m. e. para a Reserva de Axuste, 600 estarían destinados a paliar as perdas de todo o sector pesqueiro europeo e 2,2 corresponderíanlle ao sector do Estado español. É dicir, un 0,35% do total dos fondos pesqueiros cando os datos que se teñen feito públicos sinalan que as capturas dos buques do Estado español en augas británicas representan arredor dun 1% do conxunto das da frota europea.

Os criterios de reparto empregados son o valor do peixe capturado no Reino Unido por cada Estado membro ponderado pola súa dependencia das augas británicas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Non se teñen en conta outros caladoiros fóra do Gran Sol como, por exemplo, as Malvinas ou, tampouco, a cesión da cota de bacallau de Svalbard onde a frota do Estado español perdeu parte importante das posibilidades de captura que acaparaba.

Por outra banda, a proposta prevé distribuír o orzamento total en dúas asignacións. Unha este ano, de arredor de 4.000 m. e. en forma de prefinanciación, e outra, de 1.000 m. e. a partir do ano 2024, para cubrir o gasto que supere a asignación inicial, sen ter en conta que o propio acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido remata en xuño de 2026.

En definitiva, uns criterios de reparto absolutamente cuestionábeis e discriminatorios, un orzamento para o sector absolutamente insuficiente en relación co conxunto do da Reserva de Axuste e totalmente irrisorio no caso do Estado español que afectará gravemente a Galiza de non corrixirse.

Co Regulamento da Reserva de Axuste do Brexit máis unha vez chove sobre mollado para unha frota demasiado agraviada e sobre a que xa pesa a distribución anual de Tacs da propia UE -reparto que ano tras ano é perxudicial para Galiza-, a perda de dereitos e posibilidades de pesca continuada, os altos custos da carga regulatoria que sofre, e agora a perda de novas cotas que non se van recuperar e a incerteza de quedar a expensas dunhas negociacións anuais após o 2026 que lle impiden planificar o seu futuro e que condicionan os seus investimentos.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai o goberno galego da Reserva de Axuste Brexit proposta pola Comisión Europea no relativo ao sector pesqueiro e ás repercusións que, de non modificarse, podería ter no caso de Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:14:47

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:14:50

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:14:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres,, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro varias praias da ría da Arousa, da ría de Pontevedra, da ría de Vigo, da ría de Noia e da de Camariñas víronse gravemente danadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Cabo de Cruz, Carril, Vilagarcía, Pontevedra, Poio, Arcade, Cesantes, Redondela, Vilaboa, Noia e Camariñas quedaron considerabelmente afectadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coincidiron en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, tamén se incidía directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Unha presa que carece de comportas e funciona un sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso dos Lombos do Ulla morreu o 100% do berberecho e entre o 80 e o 90% da ameixa xapónica. Na praia de Compostela recolleron máis de 500 kg. de marisco morto e os biólogos da Xunta de Galiza certificaron a morte do 100% da ameixa babosa prantada había un ano e o 80% da xapónica e do berberecho. Na ría de Pontevedra, a mortalidade afectou significativamente á ameixa xapónica, sobre todo no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

banco de Praceres e nas zonas máis baixas dos bancos. Na ría de Vigo chegou a contabilizarse máis dun 60% de ameixa morta.

En definitiva, produciuse unha situación que provocou o peche da maioría dos bancos e mantivo inactivos durante días a centos de mariscadores e mariscadoras e, ademais da moltaldade, as confrarías prevían que a produción que se salvou tería dificultades para medrar e problemas para reproducirse e, en moitos casos, consideraban moi difícil sobrevivir o resto da campaña co que quedou.

A todo isto sumábase a problemática xeral que xa tiña provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos dos traballadores e traballadoras do mar.

Profesionais que tampouco naquelas circunstancias contaron co respaldo da Consellería do Mar. As declaración da propia conselleira non contribuíron a mitigar a verdadeira angustia que vivían e remitíanse aos técnicos que “traballan no seguimento das zonas nas que se rexistrou baixa salinidade da auga e desprazamento de marisco cara as praias como consecuencia do mal tempo” e a insistir en que se podía recorrer ás convocatorias das axudas ordinarias que se realizan anualmente.

Ditas axudas foron convocadas o 5 de febreiro para a rexeneración dos bancos marisqueiros cunha dotación dun millón de euros e cun importe máximo subvencionábel de 75.000 euros. Para adquisición de semente para repoboar os bancos marisqueiros con perda de produción destináronse 300.000 euros, cun importe máximo subvencionábel de 15.000 euros. E para proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños dirixíronse 980.000 euros, dos que unha boa parte destinábanse non á rexeneración nin á repoboación senón á compensación aos mariscadores e mariscadoras pola recollida activa de lixo mariño.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante dunha pregunta deste Grupo parlamentario na sesión plenaria do pasado 9 de marzo, a conselleira non avanzou máis vías nin posibilidades para que os profesionais puideran afrontar as consecuencias do impacto dos temporais e da baixa salinidade das augas nos bancos marisqueiros. Volveu a insistir en que debía agardarse á avaliación completa dos técnicos e aos informes das confrarías para estudar o incremento das axudas.

Despois de máis de tres meses, as mariscadoras e mariscadores non dan levantado cabeza, seguen a botar de menos un apoio real da Administración e critican a inexistencia de axudas extraordinarias para afrontar un día a día no que apenas teñen traballo. Os seus ingresos diminuíron e as súas expectativas de cara ao verán non son boas. As confrarías tamén se están a ver gravemente afectadas e nalgúns casos xa contemplan prescindir de traballadores aos que se lles fai imposíbel continuar remunerando.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo o goberno galego para a rexeneración e recuperación dos bancos e do sector marisqueiro afectados gravemente polas inclemencias metereolóxicas do pasado mes de febreiro?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Daniel Pérez López
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:16:07

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:16:12

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 09:16:19

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 09:16:31

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 09:16:44





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de marzo licitáronse por parte da Xunta de Galiza as obras para a reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, por valor de 707.000 euros.

O proxecto contempla a substitución do pavimento e da varanda existente, a limpeza dos paramentos exteriores da ponte, a iluminación da calzada e a da propia ponte e a colocación de paneis informativos e de localización e na súa visita ao lugar por parte do delegado territorial da Coruña, este explicou que “se trata dunha actuación integral”.

A Ponte Nafonso é un ben de orixe medieval, dun enorme valor patrimonial, que está catalogado e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza e dende o BNG levamos anos demandando unha verdadeira actuación para rematar co estado de abandono inaceptábel no que se atopa e sobre a súa contorna.

Despois de tantos anos, o BNG parabenízase de que, por fin, a Xunta tome cartas neste asunto e vaia proceder a unha restauración que, non entanto, aínda fica lonxe de poder cualificarse como “integral”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exclúese dela a reposición do vello peitoril de pedra orixinal e tampouco se recollen actuacións na súa contorna que a revaloricen aínda máis. O proxecto contempla a substitución da actual varanda de ferro por outra semellante e non aposta pola restitución do peitoril histórico, que foi retirado no século XIX para ensanchar a ponte e permitir o paso de vehículos.

Agora, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade vén de anunciar a adxudicación das obras por un valor de 574.000 euros e nela mantense unha actuación incompleta.

A agresión patrimonial que tivo lugar coa substitución do peitoril de pedra por unha varanda de ferro non pode volver a repetirse nun dos monumentos máis importantes da comarca e a actuación que se pretende levar a cabo debe respectar non só o noso patrimonio senón a nosa historia colectiva.

É fundamental que para eliminar o deterioro e o descoido que vén sufrindo a Ponte Nafonso dende hai tanto tempo se complete a actuación coa reposición do peitoril orixinal e, polo tanto, se modifique o proxecto neste sentido e se realicen as obras conforme ao respecto e á importancia que ten como ben catalogado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza modificar o proxecto de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, para incluír nel a reposición do peitoril de pedra orixinal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:17:43

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:17:56

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 09:18:04

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:18:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data do pasado 23 de marzo, este Grupo Parlamentar presentou unha serie de iniciativas relativas ao proxecto de circunvalación que promove a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza no concello de Ribeira. Entre elas, preguntas para resposta escrita que, a día de hoxe, tres meses despois, seguen sen responder por parte do Goberno galego.

As actuacións encamiñadas a resolver os graves problemas circulatorios de Ribeira e a permitir o seu desenvolvemento como cidade xa foran prometidas polo propio presidente da Xunta de Galiza hai máis de 11 anos, na campaña electoral de 2009.

Dende entón, os problemas non fixeron máis que incrementarse e as solucións, cada vez máis necesarias, seguen sen chegar. Como tampouco chegaron aínda as respostas ás alegacións presentadas hai máis dun ano polos veciños e veciñas de Ribeira ao proxecto de circunvalación da Consellería de Infraestruturas.

Un proxecto que mesmo a Fundación Ría, especializada na paisaxe, considera moi mellorábel. Mais non só ela, tamén unha parte importante dos cidadáns e cidadás de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ribeira que o consideran invasivo, sobre todo ambiental e paisaxisticamente, cunha importante afectación a núcleos habitados e economicamente moi elevado.

Precisamente estas queixas foron as que levaron ao Pleno da Corporación ribeirense a aprobar, en outubro pasado, a realización dun estudo comparativo a cargo de técnicos independentes para valorar o impacto ambiental, social, as incidencias no tráfico e as posibilidades de desenvolvemento futuro de Ribeira entre o proxecto da Consellaría, o realizado por un arquitecto rianxeiro que obtivo o premio OVISA que concede a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros da Coruña e o de mellora da estrada CP-7301 entre os lugares de Xarás e Frións.

Este estudo comparativo vén de presentarse publicamente en datas recentes e, sorprendentemente, non se realizou nos termos nos que acordara o Pleno de Ribeira. Analizou só dúas das tres alternativas e, polo tanto, incumpriu claramente o que a Corporación tiña acordado. Das dúas restantes, a que considerou máis acaída foi a da propia Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade.

O malestar da maioría dos grupos políticos da Corporación é grande e un importante número de veciños e veciñas de Ribeira non entenden a decisión unilateral de desbotar unha das alternativas a estudar. Polo tanto, a situación actual -cun estudo comparativo no que non se levou a cabo o mandado polo Pleno do Concello de Ribeira e ao que hai que sumar a inxustificada falla de resposta da Consellaría ás alegacións presentadas- dista moito de ser a idónea socialmente para continuar dando pasos na materialización dun proxecto de tal envergadura.

E neste caso debe ser a Administración autonómica a que leve a cabo todos os esforzos para atender á cidadanía e para poñer en marcha todos os mecanismos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permitan que unha actuación tan necesaria e tan demandada se efective co maior grao de entendemento e consenso social posíbel.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para que as obras da circunvalación do concello de Ribeira se fagan co máximo diálogo e consenso social?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:23:39

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 09:23:44





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 09:23:51

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 09:23:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do mar en activo están obrigados a actualizar os seus coñecementos e, periodicamente, a obter os certificados de suficiencia correspondentes, imprescindíbeis para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata hai cinco anos a renovación deses certificados era un simple trámite administrativo polo que se pagaba a taxa establecida e se obtiña o certificado por outro período de cinco anos acreditando a experiencia necesaria. Na actualidade, a renovación deses certificados conleva a realización dun curso que só está dispoñíbel a través de empresas privadas que cobran arredor duns 200 euros polo mesmo.

Os certificados afectados son: “Formación Básica en Seguridade”, “Avanzado na Loita Contra Lumes”, “Embarcacións de supervivencia e Botes de Rescate Non Rápidos” e “Botes de Rescate Rápido”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No 2021 expirará a validez dos certificados emitidos no 2016 e os traballadores e traballadoras do mar deberán aportar os cursos correspondentes requiridos para asumir as tarefas, os cometidos e as responsabilidades necesarias a bordo.

Os certificados son obrigatorios para todas as persoas profesionais da flota de baixura e, a realización desa formación supón un custo moi difícil de asumir para un número importante de mariñeiros aos que xa lles custa manter a súa actividade e uns mínimos ingresos. Os cambios normativos non poden significar unha carga económica máis, que incluso podería abocar en moitos casos ao abandono da actividade ou ao seu desenvolvemento sen a obtención do necesario certificado.

Por outra banda, hai que ter en conta que o ISM dispón de centros de formación propios e de centros locais ou comarcais distribuídos polo territorio, que poderían asumir a impartición gratuíta dos cursos e evitar así que as traballadoras e traballadores do mar teñan que recorrer aos cursos ofertados por empresas privadas e facerlle fronte aos custos que supoñen.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou, ou vai levar, a cabo a Xunta de Galiza para que a exixencia aos traballadores e traballadoras do mar da obriga de facer os cursos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mantemento da competencia poda levarse a cabo en centros públicos e de xeito gratuito?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:26:54

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 09:27:02

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:27:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións a realizar debido á mortalidade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro das rías de Arousa e Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varias praias da ría de Arousa e da ría de Pontevedra víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Carril, Vilagarcía, Pontevedra ou Poio quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Una presa que carece de comportas e funciona cun sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso das praias de Rianxo, a mortalidade cóntase por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba, afectando sobre todo á cría de berberecho e comprometendo moi seriamente a campaña do vindeiro verán.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso de Carril e Vilagarcía, ademais da baixa salinidade, moito marisco foi arrastrado polos temporais e as perdas tamén son grandes no caso do berberecho, mais no caso da ameixa babosa son aínda maiores.

Aquí, a mortalidade dos últimos días veu a agudizar unha situación xa crítica dos recursos marisqueiros das concesións da agrupación de mariscadoras de Carril.

Este colectivo xa aturou unha sucesión de temporais no inverno de 2019 que danaron de moita consideración os bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia de Compostela-A Concha, producíndose xa daquela unha mortalidade altísima de berberecho, ameixa fina, babosa e xapónica.

A maiores, en outubro de 2020, os novos temporais converteron a situación en insostíbel pola acción combinada de acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.

A día de hoxe, as consecuencias destas reiteradas inclemencias en pouco tempo son un nivel de produción baixísimo e unha agrupación de 86 persoas que, despois de realizar un investimento de 80.000 euros de semente no banco de Compostela-A Concha, levan dende outubro paradas, moitas delas de baixa e moitas outras recorrendo aos servizos sociais para poder vivir.

Unha agrupación que, por esa acumulación de motivos, solicitou no seu día o cese de actividade á Consellaría do Mar por un período de seis meses nos dous bancos marisqueiros que explota para posibilitar e facilitar a recuperación dos mesmos e que obtivo un non por resposta, en contra do voto favorábel da maioría da propia agrupación. E diante da súa desesperada situación, a Consellaría tampouco tivo en conta o recurso de alzada que presentou abocándoa a acudir aos tribunais na procura dunha resolución ao conflito.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E, por último, as confrarías de Lourizán, San Telmo e Raxó, na ría de Pontevedra, manteñen os seus bancos pechados pola grande mortalidade de ameixa xapónica tamén provocada pola baixa salinidade da auga que lles impide mariscar por mor de non mover o substrato e non crear máis problemas aínda. Aquí suspenderon o marisqueo de xeito temporal agardando as vindeiras mareas vivas e coa expectativa da recuperación do marisco.

A todo isto debemos sumar a problemática xeral que ten provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos das mariscadoras e mariscadores.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para facer fronte á situación de mortalidade de moluscos e á previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa e Pontevedra após os últimos temporais?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 09:28:47

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2022 09:28:57

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:29:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme foi decorrendo o mes de xullo, tamén se foi confirmando o peor dos escenarios para os centros de ensino público do noso país. Aquela coñecida máxima da Xunta de Galiza durante a pandemia, “faremos máis con menos”, está definitivamente a se converter nun auténtico pesadelo para as comunidades educativas dos centros de educación secundaria galegos, tal e como no mes de xuño xa o fixera para os centros de ensino infantil e de primaria.

E é certo que se está a facer “máis con menos”, pois as ordes, absolutamente unilaterais e inflexíbeis que están a chegar da Consellaría de Educación están a conseguir facer máis estrago ca nunca nos cadros de persoal dos centros de ensino e están a ter como resultado, menos oferta educativa, menos garantías de atención á diversidade e ás necesidades do alumnado e menos posibilidades de poder manter as medidas vixentes nos centros para facer fronte á pandemia que aínda nos afecta.

Os recortes intolerábeis que se están a levar a cabo, coa conseguinte destrución de emprego no sector e o empeoramento das condicións laborais do profesorado en activo para o ano académico 2021-22, estase a producir en todos os casos sen existencia de diálogo previo coas direccións dos centros, unha vez rematado o curso e finalizada a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

matrícula e cando os pais, as nais e o alumnado están fóra dos centros e non teñen posibilidade de os avaliar colectivamente nin, moito menos, organizarse e mobilizarse en contra deles.

É, pois, unha actuación moi pensada por parte das autoridades educativas, destinada a seguir deteriorando a calidade do ensino público e tentando acalar calquera voz discordante.

E así vén de suceder tamén no caso do IES da Pobra do Caramiñal, un centro que viña ofertando ensinanzas de ESO, Bacharelato e Formación Profesional e que vén de quedar con 49 docentes dos 53 cos que contaba no curso 2019-20 e dos 54 dos que dispuxeron no 2020-21 e ao que agora vén de impoñérselle unha redución de 4 persoas, deixando o seu cadro de persoal por debaixo do existente no curso anterior á pandemia sen haber, a falta dos datos de setembro, redución significativa de matrícula que o xustifique.

Unha merma que vai significar aumentar a ratio de alumnado en todos os niveis e dun xeito escandaloso no caso de 1º de ESO. Nomeadamente, das 4 aulas existentes de entre 15 e 18 alumnos/as, quedarán 3, de entre 29-30 persoas o que, claramente, as converte en ingobernábais. Unha masificación que non só pode aumentar a conflitividade, senón tamén empeorar os resultados académicos e incrementar o fracaso escolar, e que se vai ver agravada pola impartición de distintas materias por profesorado non especialista nelas e pola carencia de aulas coa suficiente capacidade para acoller tal número de alumnos e alumnas.

Outra das negativas consecuencias vai ser a redución tamén da optatividade. Nada menos que dezasete materias menos se ofertarían como optativas para o vindeiro curso, con especial afección ás materias de continuidade no Bacharelato e, polo tanto,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao trato desigual e de oportunidades entre alumnado do IES da Pobra e o doutros centros.

Finalmente, a supresión de profesorado no IES da Pobra vai incidir directamente no desenvolvemento de gardas e vixilancia dun xeito moito máis grave que noutros centros similares. A administración educativa é perfectamente coñecedora das características arquitectónicas deste IES, que conta con tres edificios distintos e independentes, o que provoca que as gardas se teñan que multiplicar, sobre todo para poder cumprir protocolo sanitario obrigado pola propia Xunta de Galiza.

Malia aos esforzos da dirección do centro, que xa refixo a súa programación de horarios varias veces para poder cadrar as necesidades do alumnado á minguada asignación de profesorado, as contas resultan imposíbeis de cadrar sen levar a cabo unha gravísima redución na oferta educativa e na calidade do ensino do alumnado de educación secundaria, bacharelato e formación profesional que asiste ao centro, á que hai que sumar as restricións impostas pola pandemia sanitaria que continuamos a padecer con virulencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a paralizar a decisión de recortar o persoal docente do IES da Pobra do Caramiñal, de mermar a súa oferta e a súa calidade educativa de cara ao curso 2021-22?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 09:30:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:30:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a insuficiente atención ás necesidades específicas de apoio educativo no CEIP de Arzúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As ANPAs do CEIP de Arzúa están a demandar desde comezos do presente curso académico a recuperación da atención ás necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viñan atendendo no centro.

A oferta de profesorado especialista en pedagogía terapéutica no CEIP de Arzúa era dunha praza, ademais da dispoñibilidade horaria lectiva da directora que conta coa necesaria redución implícita ao desenvolvemento do seu cargo directivo.

No presente curso, coincidindo cun importante acrecentamento do alumnado identificado con NEAE a respecto do curso anterior, a Consellería de Educación decide reducir a praza de PT a unha oferta de media xornada compartida co CEIP de Boimorto.

A evidente desatención do alumnado deste centro educativo foi reclamada polas ANPAs en escrito dirixido ao xefe territorial de educación que segue sen responder ás familias transcorrido máis dun mes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai reparar o goberno no presente curso escolar a deficiente atención educativa provocada no CEIP de Arzúa pola redución horaria a media xornada da especialista en Pedagogía Terapéutica?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 09:48:01

Daniel Castro García na data 12/01/2022 09:48:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 09:48:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incumprimento do acordo unánime desta cámara da realización por parte do goberno do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou en 2019 o *Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista* elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Este informe presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos: traxectoria e características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos, etc.

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai sete anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza, así como tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuasen aos principios dispostos na devandita lei.

O incumprimento destas disposicións levou o grupo parlamentario do BNG a incluír na orde do día da Comisión de Educación e Cultura do sete de xuño de 2019 unha Proposición non de lei que foi aprobada con modificacións derivadas da aceptación dunha emenda do PP.

O texto aprobado finalmente por unanimidade foi este:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e remitir á Cámara antes de finalizar a actual lexislatura o Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Este plan incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:

- a) A avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- b) A configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia, priorizando aquelas acción que sexan máis urxentes.
- c) A incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan.
- d) Medidas encamiñadas ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal, de acordo co disposto na Lei 7/2004, galega de igualdade entre mulleres e homes.
- e) A planificación temporal para desenvolver as medidas e compromisos orzamentarios para implementar."

Rematada a X Lexislatura e no camiño do ecuador da actual XI, este acordo segue sen ser cumprido, o que compromete a credibilidade desta cámara de representación do pobo.

En novembro de 2021 a Xunta aínda non presentou o Plan de Arquivos da Xunta de Galiza e coas dotacións orzamentarias previstas para 2022 non parece que se poidan abordar as necesidades xa crónicas de espazos e persoal dos arquivos da Xunta proximamente, tal e como acaban de facer público desde BAMAD Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, cómpre que desde a Xunta se formulen accións para atender o desenvolvemento dos arquivos municipais, nomeadamente os dos concellos de menos de 10.000 habitantes, que deberían converterse en garantes da memoria rural e que están en grave risco de perda por falta de recursos propios e pola perda de poboación.

Neste sentido, a Xunta de Galiza debería actuar como eixo central da necesaria coordinación interadministrativa e principal axente dinamizador da conservación da memoria local.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que plan de actuación ten previsto desenvolver a partir de agora o goberno do PP para cumprir o acordo unánime desta cámara do Plan de Arquivos previsto na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galiza?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 10:21:45

Daniel Castro García na data 12/01/2022 10:21:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 10:22:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as axudas á adquisición de vivenda protexida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liña de axudas para a adquisición de vivenda protexida contempla a subvención pública de entre 12.000 e 20.000€ para as persoas que adquirisen unha vivenda protexida. A última convocatoria destas axudas foi realizada con data de 24 de xullo de 2021, un día despois da súa publicación no DOG. Segundo consta na Resolución de 7 de decembro de 2021 pola que se dá publicidade ao esgotamento de crédito destas axudas, a derradeira solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do crédito para a anualidade 2021 tiña data de entrada do día 28 de xullo de 2021 ás 15.34h, é dicir, que en catro días as axudas estaban esgotadas. Isto parece lóxico se temos en conta que o orzamento total para estas axudas era de apenas 450.000€.

Estas axudas enmárcanse nun modelo de vivenda protexida que non compartimos, xa que persegue exclusivamente a dinamización da construción e a posterior venda dos inmobles e carece de estratexia para o incremento do parque público ou de criterios de accesibilidade. Máis alá das consideracións sobre a idoneidade ou a prioridade destas axudas, resulta evidente que o principal problema é o seu nulo desenvolvemento práctico. Unha vez máis estamos ante axudas máis propagandísticas do que axudas con incidencia real.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que estas axudas dificilmente poden chegar a todas as persoas que cumpren cos requisitos. Primeiro, pola falta de recursos e, segundo, porque o feito de que se esgote o crédito no mes de xullo, supón de facto a imposibilidade de que todos os contratos asinados nos meses seguintes poidan optar a elas.

Segundo se establece nas bases reguladoras e na convocatoria para o ano 2021, para poder optar a estas axudas os contratos de compravenda destas vivendas deben estar subscritos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. Porén, os contratos asinados con posterioridade ao 28 de xullo non tiveron a oportunidade de beneficiarse destas axudas por estar esgotado o orzamento. Ademais, os posibles beneficiarios que asinasen o contrato con posterioridade ao 30 de setembro, data na que se pechou oficialmente o prazo para a presentación da solicitude, nin sequera puideron concorrer oficialmente.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que as axudas cumpren coas expectativas e as promesas anunciadas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 10:20:46

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 10:20:50

Alexandra Fernández Gómez na data 12/01/2022 10:20:57



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego.

Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas.

Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia promove convocatorias periódicas de distintos programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascende o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:22:51

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:23:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:23:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:23:41

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:24:13

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:24:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:24:41

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:24:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia, que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia.

Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia.

Tamén outras iniciativas como o Programa de Mentoring, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas.

O Programa de Mentoring exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance da primeira edición do Programa de Mentoring de apoio ao emprego das persoas autónomas?



Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:28:06

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:28:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:28:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:29:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:29:30

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:29:45

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2022 10:30:02

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:30:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O traballo é un dereito básico, tal e como recoñece a Constitución Española no seu artigo 35 e, polo tanto, precisa da actuación dos poderes públicos para a súa promoción, protección e garantía.

Este compromiso faise aínda máis necesario nun contexto como actual, no que a covid19 está a causar un gran impacto no mercado de traballo do conxunto do Estado.

Aínda hai galegos e galegas en situación de desemprego. Por ese motivo, é fundamental investir na súa formación xa que esta é unha peza clave que reverte directamente no incremento das súas oportunidades laborais.

Neste sentido, desatacan os programas de axudas e subvencións que a Xunta de Galicia convoca a longo do ano, a fin de promover actividades formativas orientadas á formación profesional e á adquisición de coñecementos e competencias no ámbito laboral.

Deste xeito, o Executivo galego adiántanse ás necesidades detectadas polos servicios públicos de emprego e ás demandas do mercado laboral.

Asemade, tamén parece idóneo que as medidas formativas que se poñan en marcha, teñan en conta o contexto actual, fortalecendo a súa flexibilidade para facilitar o desenvolvemento dos cursos nun escenario de pandemia a través de recursos como a teleformación e a aula virtual que garanten a continuidade da formación en circunstancias tan cambiantes e estritas como as actuais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:30:50

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:31:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:31:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:31:34

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:31:51

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:32:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:32:20

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:32:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Galicia dispón dunha ampla rede de técnicos de emprego que está especializada no impulso de novas actividades económicas no ámbito local e rural.

O Goberno galego está a potenciar o papel desta rede, financiando a contratación dos axentes, a través dunha convocatoria de axudas de carácter anual.

Este persoal xoga un cometido fundamental como motor do emprendemento e a creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas.

En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar a emprendedores e empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuíndo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno.

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

A rede distribúese fundamentalmente en concellos e entidades sen ánimo de lucro onde estes axentes prestan os seus servizos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:
Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento desta rede de apoio ao emprego e ao emprendemento?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:33:00

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:33:20

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:33:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:33:52

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:34:13

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:45:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:46:07

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:46:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A economía social tense demostrado como un motor de crecemento económico sustentable, xerador emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio, no que as entidades que a conforman xogan un papel decisivo.

Coñecedor desta realidade, o Goberno galego leva anos traballando intensamente para situar esta forma de entender a economía no lugar que lle corresponde.

Neste sentido cabe destacar a recente aprobación dunha orde de axudas co fin de consolidar a rede Eusumo e dun programa de axudas para apoiar o funcionamento das entidades máis representativas da economía social en Galicia.

A primeira medida ten como obxectivo fomentar a economía social a través de actividades formativas, divulgativas, de investigación ou de asesoramento, das entidades adheridas a rede Eusumo, que actualmente está conformada por 223 entidades (entre deputacións e concellos, cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio).

A segunda iniciativa procura un axeitado desenvolvemento das asociacións e organizacións máis destacadas da economía social, co fin de favorecer a súa consolidación, a través de apoios para financiar os gastos de funcionamento das entidades beneficiarias, dando así resposta a un dos retos da Estratexia galega de economía social 2019-2021.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:
Que actuacións ten previsto desenvolver a Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:46:47

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:47:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:47:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:47:32

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:47:49

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:48:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:48:16

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:48:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A base dunha política económica e social xusta debe pasar por un emprego de calidade, xa que está demostrado que non hai mellor ferramenta para unha verdadeira inclusión social que o emprego.

Por ese motivo, faise necesario impulsar políticas orientadas á promoción do emprego que favorezan a inserción no mercado de traballo.

Neste sentido, nacen actuacións como as unidades formativas para persoas desempregadas da Consellería de Emprego e Igualdade, que xa van pola quinta convocatoria.

O obxecto deste programa é a concesión de axudas para o financiamento de accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas con compromiso de contratación dirixidas, prioritariamente, ás persoas traballadoras desempregadas.

Esta iniciativa, coa que se financia o cen por cen da formación, ofrece unha segunda oportunidade ás persoas que están fora do mercado laboral ao tempo que atende as demandas do tecido empresarial galego, subministrándolle traballadores cunha maior cualificación.

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións, como as unidades formativas para persoas desempregadas, está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas traballadoras desempregadas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2022 10:49:10

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2022 10:49:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2022 10:49:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2022 10:50:05

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2022 10:50:20

Noelia Pérez López na data 12/01/2022 10:50:31

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2022 10:50:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2022 10:51:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incumprimento da denominación toponímica oficial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece no seu artigo 10.1 que os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega.

Correspóndelle á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais cos que se identifica o noso territorio, así como velar polo seu cumprimento interinstitucional.

Reiteradamente asistimos ao incumprimento desta máxima legal coa correspondente falta de respecto á sociedade galega, tal e como consta en reiteradas iniciativas rexistradas e mesmo debatidas neste Parlamento por parte do grupo parlamentario do BNG.

Nesta ocasión volvemos denunciar o incumprimento da legalidade toponímica por parte da compañía aérea Iberia.

As aeronaves de Iberia de fuselaxe ancha, destinada habitualmente a voos intercontinentais (Airbus 330 e Airbus 350) contan nas súas butacas, en todas as clases, con pantallas con sistema de entretemento para a pasaxe ofrecendo opcións como películas, series, xogos, documentais e tamén un mapa interactivo que vai amosando aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasaxeiros a ruta que segue o avión, onde se atopa, a distancia ao destino, temperatura, etc.

Neste mapa interactivo, ao se achegar o avión a Galiza, aparecen os topónimos de varios lugares deturpados; La Coruña, Orense, Villagarcía de Arosa, Vivero, Villalba...

Para alén do incumprimento da legalidade, non debemos esquecer que esta é a primeira referencia que reciben moitas persoas que viaxan por primeira vez a Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a implementar o goberno para resolver este novo incumprimento do artigo 10.1 da Lei de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:41:17

Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:41:21

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:41:31



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Marín Seco García, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Coincidindo cos diferentes gromos da Covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu o ano pasado un 42 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos.

Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite.

A consecuencia de todas estas circunstancias é que cada vez son máis os hostaleiros que deciden poñer o seu bar, cafetería, restaurante ou pub á venda, aluguer ou traspaso. No último ano, dous de cada dez establecementos de hostalería de Galicia víronse obrigados a baixar a persiana definitivamente. En total, no ano do coronavirus, case 3.400 hostaleiros/as da comunidade víronse obrigados a pechar os seus negocios, unha media de case 10 ó día.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.

A isto temos que engadir a improvisación nas medidas ás que están expostos tódolos locais de hostalería por parte da Xunta de Galicia e as escasas axudas postas en marcha pola administración autonómica para este sector tan golpeado por esta crise.

Por outra banda, a obrigación de presentar un certificado COVID para acceder ó interior dun establecemento hostaleiro e locais de ocio nocturno nos concellos con máis elevada incidencia do virus careceu de vixencia o non ser autorizada xudicialmente. Mentres o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) non rexeitou esta medida, os hostaleiros durante varias semanas tiveron que solicitar a súa clientela este certificado, perdendo así moitos clientes e en consecuencia perdendo moitos ingresos despois dun ano en crise deste sector.



O rexeitamento por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia á petición da Xunta de Galicia para que determinados establecementos tiveran a obriga de solicitar aos clientes o certificado da covid é un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico galego e da súa improvisación constante.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia concluíu que a medida non era axeitada, xa que non impide o contaxio, nin é necesaria, polo menos, "no grao que sería esixible".

Na súa resolución, os xuíces tamén consideran que non é "xusto demonizar o sector dos servizos de hostalería establecendo agravios comparativos con outras actividades comerciais que se desenvolven en lugares pechados, como establecementos comerciais ou grandes superficies nas que, a pesar do seu uso masificado, non é necesaria a exhibición de ningún documento médico para o seu acceso"

Por todas estas circunstancias o Grupo Parlamentario Socialista vemos imprescindible que a Xunta de Galicia elabore un plan de reactivación a medio e longo prazo para que a hostalería ó longo de 2022 poda recuperarse da crise pola que pasou no ano 2020 e pola que esta pasando neste ano.

Polo exposto, a deputada e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai elaborar a Xunta de Galicia un plan de reactivación para a hostalería a medio e longo prazo onde se recolla un plan de indemnización para os locais que tiveron que pechar, ampliar os aforos e horarios e medidas estables para que se leven a acabo tanto no interior coma no exterior dos locais de hostalería?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:42:11

Martín Seco García na data 12/01/2022 10:42:18



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas reclamamos á Consellería de Sanidade medidas urxentes no Centro de Saúde de Redondela. O Centro de Saúde conta nestes momentos con cinco médicos/as menos ó non realizarse substitucións do persoal



que está de baixa ou de vacacións. A esta situación súmase o feito que dende o pasado 26 de xaneiro, o Centro de Saúde non conta cun xefe/a de servizo, algo que empeora aínda máis a situación da Atención Primaria nesta vila.

A falta de persoal no Centro de Saúde –5 facultativos/as menos que os que ten asignado– inflúe negativamente na Asistencia Primaria xa que os médicos e médicas que agora están traballando, atópanse con que contan case que con 60 pacientes diarios nas súas axendas, cando habitualmente eran 40, co conseguinte deterioro do servizo e a gran carga de traballo para os facultativos/as ao ter que atender todo os pacientes de Redondela con menos persoal.

A situación na que se atopa a Atención Primaria en Redondela é moi alarmante, mostra delo é que existen cupos que non teñen médico de urxencias, pacientes aos que cada vez atende un médico/a diferente e que polo tanto non contan co seguimento que sería desexable e esperas de máis de 15 días para as citas telefónicas.

É unha vergoña a atención sanitaria que presta a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos veciños e veciñas de Redondela, pola contra a atención dos traballadores/as sanitarios do Centro de Saúde é excepcional, multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Redondela e así poñer fin o desmantelamento da atención primaria neste municipio.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:44:08

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:44:15

Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 10:44:22



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A quinta vaga da pandemia da COVID-19, con casos máis leves debido ao protagonismo da mocidade e ao progreso da vacinación, presionou principalmente na cidade de Vigo aos servizos de atención primaria e urxencias.

No Hospital Álvaro Cunqueiro viviron o verán con maior actividade da súa historia nas urxencias. Non só polas consultas relacionadas coa COVID ou coa súa vacinación, senón tamén pola sobrecarga dos centros de saúde.

A media diaria de visitas ó servizo de adultos do Hospital Álvaro Cunqueiro nunca baixou dos 300, no pasado mes de xullo alcanzou o récord estival das 400 consultas e en agosto 388.

As consecuencias desta situación é o esgotamento físico e mental dos profesionais que están neste servizo de urxencias na cidade de Vigo.

Por outra banda, a sobrecarga á que está sometida a Atención Primaria, co enorme volume de casos COVID leves ou asintomáticos que tiveron que xestionar na época de vacacións e sen substitucións, tamén derivou nun bo número de asistenciais ás urxencias hospitalarias. Uns 80 pacientes ó día chegan ó Hospital Álvaro Cunqueiro alegando que non atopan outra vía para ser atendidos.

Nestas circunstancias desde o servizo de urxencias deste hospital manifestan que non se está facendo o uso máis correcto do servizo de Urxencias, soamente un 60 % dos casos que atenden son realmente urxencias. Este debería ser un recurso que se chegara previo paso polo médico de familia, polo Punto de Atención Continuada ou por unha chamada O 061. Sen embargo, tan só unha cuarta parte chegan derivados.

Hai que destacar a importancia que ten para o servizo de Urxencias o labor que realizan os médicos de Atención Primaria. Entre outras cousas están percibindo como a sobrecarga da pandemia levou a un deterioro no seguimento de pacientes crónicos, chegan en peores condicións e requiren uns ingresos que antes



evitábanse. Por iso é tan importante o gran traballo que fan os médicos/as de familia.

Có elevado porcentaxe da poboación inmunizada frete a COVID-19, o 70 % na área da poboación, e o descenso da incidencia da quinta vaga, é un bo momento para retomar a cita presencial nos centros de saúde de toda Galicia. Así reduciríanse o número de consultas, xa que se evitaría a duplicidade dunha primeira chamada telefónica e unha posterior citación presencial ó considerar o médico que debe ver ó paciente. Tamén seguimentos telefónicos durante varios días que se limitarían a unha consulta de acto único cunha valoración presencial realizando unha exploración adecuada do paciente.

No pasado mes de outubro os socialista xa rexistramos unha iniciativa instando á Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde de Vigo e nos PAC para que os vigueses e viguesas teñan unha mellor atención sanitaria, especialmente en pediatría.

Un ano despois a situación non mellorou, senón que foi a peor, polo que volvemos a esixirlle ó Sergas que solucione a problemática que existe na sanidade galega e concretamente na sanidade viguesa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a retomar a cita presencial inmediatamente nos centros de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:54:26

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 10:54:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:54:32
Nº Rexistro: 27506
Data envío: 12/01/2022 11:54:32.117

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 10:54:42

Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 10:54:49

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No municipio de Oia existe unha grave problemática coa súa rede de saneamento desde fai máis de dez anos. O motivo é que as depuradoras desta vila seguen sen legalizarse, sen depurar correctamente, causando problemas e molestias aos seus veciños e veciñas.

O debate sobre a ilegalidade urbana das minidepuradoras de Punta Orelludas continúa despois de que se puxeran en funcionamento no ano 2010. En 2006 a Deputación de Pontevedra instalou as cinco controvertidas minidepuradoras para tratar as augas residuais deste municipio. As depuradoras están situadas nun campo a menos de 30 metros da costa e en terreos clasificados na normativa urbanística como parque acuícola.

Depuradoras que non son realmente tales, senón que son decantadoras ou dilaceradoras, que no caso de que funcionasen ben, levarían a cabo só o tratamento primario, aínda así os emisarios de todas están rotas e vértese practicamente á beira do mar carecendo de permisos administrativos, é dicir, que son ilegais, a isto hai que engadir que as parroquias de Loureza e Burgueira carecen de calquera tipo de depuración tendo unicamente fosa séptica e sen existir permisos de vertidos.

A veciñanza leva máis de dez anos soportando malos cheiros, ruído e vertidos de augas residuais xunto ás súas casas e están fartos desta situación insupportable.

E o problema non son só os cheiros. Os prexudicados/as afirman que as filtracións e vertidos de augas fecais son constantes, van directamente ao mar porque o sistema de depuración non funciona, ou a través das arquetas situadas xunto á PO-552, onde se observan os residuos orgánicos fedorentos tan pronto como se levanta a tapa.

Ós constantes cheiros e desbordamentos súmanse as consecuencias da contaminación sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros da zona. Hai anos esta



era unha zona de polvo e congrio, agora non hai nada. Estase matando os espazos naturais da costa, ao haber vertidos, desaparece o argazo e os peixes.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamámoslle á Xunta de Galicia que tome medidas urxentes para que a rede de saneamento e a depuración das augas residuais funcione correctamente no municipio de Oia. E así, deixar de causarlles tantas molestias os veciños e veciñas de Oia e deixar de contaminar o mar para que non rematar co seu ecosistema.

Tamén lembrar as sancións da UE a España porque non existe un tratamento correcto das augas residuais en varias zonas de Galicia por falta dun sistema de saneamento axeitado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia instalar unha nova EDAR en Oia para solucionar os graves problemas na rede de saneamento e na depuración das augas residuais que existen actualmente na vila de Oia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:57:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 10:57:11

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 10:57:20

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:55:04
Nº Rexistro: 27508
Data envío: 12/01/2022 11:55:04.507

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2022 10:57:31

Paloma Castro Rey na data 12/01/2022 10:57:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-Dz0JGTdZ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021, Galicia consegue subir 34 postos no ranking europeo. Se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nunha clave: o gasto en I + D nos sectores público e privado, que non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.

A Comisión Europea avalía 21 indicadores para avaliar o grao de innovación nas rexións, un factor clave que determina o grao de fortaleza das súas economías.

A Comisión Europea publicou o informe este verán actualizando o seu indicador rexional de innovación. Como calquera indicador sintético que ten en conta varios factores para concluír cun único número, non é nin perfecto nin indiscutible. Pero é o mellor existente para o conxunto de rexións europeas. É transparente e obxectivo e, en xeral, ten apoio académico. Por este motivo, a Xunta de Galicia debería examinar atentamente as súas conclusións para examinar onde se atopa a nosa comunidade autónoma, en que áreas está mellorando e en que é feble e que dinámica se segue. Isto pode permitírnos reorientar as accións e as prioridades. Non esquezamos que este indicador úsase nos informes elaborados por consultores de todo tipo sobre o atractivo das rexións para a recepción de investimentos estranxeiros.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo. A súa cualificación mellorou 16 puntos en dous anos ata o 78,9, sendo a media europea de 100. Si se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ranking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría "forte". Como o País Vasco ou Madrid.

A debilidade de Galicia está no I + D, que non é o mesmo que a innovación. A investigación mídese como o investimento para adquirir coñecemento e a innovación é aplicar ese coñecemento para aumentar o capital e ser máis competitivos. Os expertos argumentan que o I + D é o que permite sacar ao mercado produtos máis innovadores e disruptivos.



A comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación no investimento en investigación e desenvolvemento e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I + D sitúase agora no 64 % da media da UE, mentres que o desembolso empresarial só é do 32 por cento, o que leva a Galicia ata o lugar 68 por detrás do total de 240 rexións europeas.

E esta é tamén unha das principais diferenzas co norte de Portugal. No investimento privado en I + D, os portugueses case dobran a puntuación que lle dá a Comisión Europea a Galicia e tamén nos superan no gasto público en investigación.

En canto os baremos que están máis ligados á actividade empresarial, os portugueses volven estar á cabeza. Segundo a análise da Comisión Europea, o norte de Portugal obtén dobre nota que Galicia na "innovación de produto" e nos "procesos de negocio". Tamén é salientable a fenda nas solicitudes de marcas rexistradas onde os veciños portugueses sacan gran vantaxe á comunidade galega. De feito, Galicia empeora a súa puntuación neste indicador

A outra gran debilidade da nosa comunidade autónoma, a pesar de mellorar lixeiramente con respecto a 2019, está nas "aplicacións de deseño". A diferenza co norte de Portugal é abismal - triplica a puntuación obtida por Galicia - e tamén a comunidade está no 47 % da media europea.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o 24 de novembro do ano pasado unha proposición non de lei onde o grupo socialista insta a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española.

O noso grupo ante as cifras do último Informe de Innovación Rexional da Comisión Europea, queremos saber cal é o grado de desenvolvemento desta proposición non de lei que presentamos no ano 2020.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no 2022, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permita duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar Galicia na media española, tal e como se aprobou por unanimidade 24 de novembro de 2020?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 10:59:05

Martín Seco García na data 12/01/2022 10:59:13



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia que implantou o Executivo autonómico o pasado 15 de setembro permite, como principal novidade, a apertura de locais en toda Galicia independentemente da situación epidemiolóxica de cada municipio. Agora, os establecementos divídense en dous tipos - máis un terceiro, de seguridade, que as autoridades sanitarias activan se a situación epidemiolóxica empeora - en función das medidas que cumpran.

Así, os locais tipo un teñen as seguintes condicións e requisitos: 50 % interior, 75 % capacidade exterior; distancia de 1,5 metros entre mesas, exhibición pública de medidores, contador de CO² con notificacións como máximo cada 4 horas; máscaras cirúrxicas para persoal; carta en material que permita a desinfección e dúas horas de formación en protocolo Covid para o persoal.

Mentres tanto, o tipo dous de locais, con maiores esixencias, poden abrir o interior un 75 % e as terrazas un 100 %, pero deben ter un contador de CO² que faga anotacións constantemente e unha carta dixital, QR ou lousa. Tamén teñen que ter máscaras FFP2 para o persoal que o requira, deberá ofrecerse a realización de probas diagnósticas periódicas cada 15 días. A frecuencia será cada 7 días no caso de que o nivel de restrición aplicable ao concello sexa alto ou máximo. Os restaurantes deberán facer un rexistro de clientes. Nesta tipoloxía, ademais, as barras dos locais pódense usar de xeito individual ou cun máximo de dúas persoas sempre que convivan; e a distancia de 1,5 metros debería estar non só entre as mesas, senón tamén entre a clientela. O seu persoal tamén deben ter unha formación de 4 horas en protocolos Covid.

Estas normas obrigan a ter algúns procedementos a maiores que antes non había, como a formación dos traballadores e traballadoras e a realización de probas ós traballadores e traballadoras, a pesar de que a pandemia segue baixando no número de contaxios.

O grupo parlamentario socialista vemos necesario convocar de forma inmediata os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería. A día de



hoxe os locais deste sector non están cumprindo a propia normativa aprobada polo Goberno autonómico e publicada no DOG do 14 de setembro porque a dita formación non está convocada.

A maiores a Administración autonómica debería ampliar o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia, para que destes xeito os traballadores e traballadoras podan facer o curso e os locais podan adaptarse a toda a normativa e decidir con máis tempo a que nivel pode acollerse cada establecemento.

Entramos nunha nova etapa desta pandemia, con máis do 70 % da poboación vacinada, temos que ir cara a ter menos restricións para a hostalería, xa que a gran maioría da poboación está vacina.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai a convocar o Executivo autonómico os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería para que se poida formar o antes posible todos os traballadores e traballadoras deste sector?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:00:22

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:00:29



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A cidade de Vigo estase convertendo nun lugar de referencia turística a nivel de toda España, proxectando a súa imaxe como cidade e impulsando tamén o turismo en Galicia.

Desde o ano 2018 a cidade vén incrementando o número de turistas. Os datos de ocupación hostaleira así o amosan, entre novembro e xaneiro do ano 2019-2020 a ocupación media foi dun 81,68 %, sendo nas fins de semana a ocupación dun 90,20 %. Estas cifras supoñen un incremento do 10 % con respecto ao ano 2018. Datos que non teñen precedentes na cidade de Vigo.

No mes de decembro do ano 2019 as pernoctas en Vigo disparáronse, subindo un 50,99 %. O número de visitantes totais tamén increméntase nun 37,09 %. No caso das pernoctas e de turistas no mes de decembro, son os mellores datos desde que hai rexistro do INE. Vigo en número de visitantes nacionais crece nun 50,98 % .

A importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano é grazas á desestacionalización da súas ofertas (o Nadal, as Illas Cíes, as praias, feiras, festas...).

No mes de agosto de 2021, pese as restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90% e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido,...) Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi recoñecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A maiores, hai que ter en conta que Vigo é a cidade máis poboada de Galicia e a área con maior número de empresas da nosa Comunidade Autónoma, cunha relevante importancia no PIB. Por iso, a cidadanía e as empresas necesitan máis liñas aéreas para ter conexións con España, con Europa e có resto do mundo.



Os datos de ocupación dos avións no aeroporto de Vigo tamén amosan unha elevada ocupación, existindo moita demanda. Dita demanda xera prezos moito máis elevados do que se atoparían nuns marxes normais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia aportar recursos económicos equivalente ó que aportan conxuntamente o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador en Vigo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:01:59

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:02:05

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:02:18

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:02:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas da Xunta para reactivar as artes escénicas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos dezaseis meses do comezo da pandemia, en que os sectores culturais foron os primeiros afectados cunha inactividade total e de forma prolongada, aínda comprobamos recentemente como son os espazos culturais os últimos en veren ampliadas as normativas referidas á cabida.

A situación das empresas culturais galegas foi analizada polo Observatorio da Cultura Galega en sucesivos estudos ao longo do segundo semestre de 2020 e deste 2021.

Grazas aos diferentes barómetros puidemos ir seguindo a afectación da crise derivada da pandemia, nas sucesivas vagas, sobre un total de 300 empresas representativas do ecosistema cultural galego.

Da comparativa cos dous barómetros anteriores de xullo de 2020 e xaneiro de 2021, a entrega de xullo de 2021 conclúe que as empresas culturais proseguen o seu lento camiño da recuperación coa excepción das artes escénicas, onde segue a ter lugar a maior destrución de emprego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese ao carácter positivo global desta evolución, en comparación cos estudos precedentes, a segunda conclusión que se extrae dos datos é que a facturación das empresas nesta primeira metade de 2021 aínda se ve moi afectada pola pandemia, pois o 75,7% das empresas enquisadas segue a padecer unha facturación inferior á de 2019, das que o 27% relata perdas de máis do 50% con respecto a aquel ano.

As empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron caídas na facturación superiores ao 50%.

Probablemente, verbo desta caída dos ingresos, o 53,4% das empresas adiou ou desbotou os investimentos que tiña previsto realizar por culpa da crise da COVID-1, unha cifra pouco inferior á do pasado xaneiro.

Os dous problemas máis citados seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (74,7%) e as dificultades de tesourería (38%), manténdose inalterado o terceiro máis citado, as limitacións de capacidade dos locais (32,3%).

Nesta terceira edición do barómetro tamén se analizaron as repercusións dos programas de axudas públicas para as empresas da cultura.

Ningún dos tres niveis da Administración pública acada o aprobado polo seu apoio ás empresas culturais e a Administración autonómica, en quen recaen as competencias plenas en materia de política cultural é valorada cun 4,1.

Entre as empresas que prevén que a crise ofrezca oportunidades, destaca a dixitalización do sector, o aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación e o impulso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar, o aumento do consumo ou demanda de produtos do seu sector, o incremento da profesionalización e a mellora no funcionamento interno das empresas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai desenvolver o goberno para reactivar as artes escénicas en Galiza como consecuencia da pandemia?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 11:56:14

Daniel Castro García na data 12/01/2022 11:56:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 11:56:29



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

- a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.
- c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.
- d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.
- e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propondo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.
- f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.



g) Potenciar a mediación e a arbitrase para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidores/as e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que se reforce o Instituto Galego de Consumo para que poda levar a cabo tódalas funcións para as que foi creado dito ente. Neste momento ante a multitude de reclamacións interpostas, non están a tramitar tódolos expedientes pendentes.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia reforzar o Instituto Galego de Consumo con máis persoal e con medidas concretas para facilitar a resolución dos expedientes o antes posible?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:04:59

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:05:05



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.

Os xeodestinos turísticos que existen actualmente en Galicia están agrupados por concellos das catro provincias galegas, onde espazos de interese natural e histórico agardan ao viaxeiro.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais."* O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"as entidades supramunicipais interesadas"*.

O ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro e mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.



O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobreporse ó efecto da covid.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o pasado mes de marzo unha proposición non de lei onde o Grupo Socialista instaba a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

E ese mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e feitos os cambios oportunos, deberá adquirir un verdadeiro carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Abriu a Xunta de Galicia un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:21:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:58:51
Nº Rexistro: 27520
Data envío: 12/01/2022 11:58:51.570

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:22:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-Dz0JGTdZ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Padroado do Ifevi reunido o 10 de outubro de 2019 e presidido pola directora xeral de Comercio en delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia adaptou por unanimidade o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.

En consecuencia unha vez redactado e supervisado o proxecto técnico de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recinto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado.”

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do Padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

O Grupo Parlamentario Socialista reiterou a través da presentación da proposición non de lei levada a Comisión no pasado mes de novembro o interese público de ampliar o Ifevi e a urxencia da execución do proxecto que tiña que estar rematado en outubro de 2021 para permitir que a feira de Conxemar contase con máis espazo na edición deste ano.

Todos e todas sabemos que Conxemar é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo. Na edición deste ano Conxemar contou con 486 expositores procedentes de 28 países.

Compre salientar a importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de ampliar as instalacións do Ifevi.



A Xunta de Galicia non deberían ter demorado a ampliación do Ifevi, xa que Conxemar é clave para a nosa economía. E nesta última edición non estaba feita a ampliación.

Nunha das visitas da conselleira de Infraestruturas a Vigo, no mes de maio, anunciou: *“a mediados de setembro estará rematada a envolvente do edificio, dispoñendo xa provisionalmente de superficie para celebrar Conxemar, Navalía ou Mindtech”*.

O incumprimento por parte desta consellería prexudica ó Ifevi e ás feiras que alí se celebran, especialmente a Conxemar. O prexuízo ocasionado á economía da cidade de Vigo é notable, e desde o goberno da Xunta de Galicia débense dar explicacións por non ter a ampliación realizada para o mes de setembro, despois do anuncio da conselleira de Infraestruturas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os motivos do retraso por parte da Xunta de Galicia das obras da ampliación do Ifevi que fixeron que non estivera realizada no mes outubro para a feira Conxemar?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:23:52

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:24:00

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:24:10



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Galicia é onde existe un maior número de redeiras de todo o territorio español, sendo un colectivo formado no 99 % por mulleres que desempeña de modo artesanal a súa actividade e constitúe un traballo imprescindible para a pesca e para o sector.

O seu labor de reparación e confección de redes diferentes en función do tipo da arte de pesca, da técnica de confección da rede, mesmo a petición do armador, é fundamental para que os labores da pesca se poidan levar adiante. A arte de reparación e fabricación de redes é un dos máis antigos oficios mariñeiros.

Durante moito tempo o labor deste colectivo de profesionais que conforma as redeiras resultaba descoñecido para moita xente, pouco visible e minusvalorado; na actualidade empézase a recoñecer o seu importante labor grazas á loita das propias redeiras pola defensa dos seus dereitos e intereses. As redeiras agrupáronse en asociacións e estas á súa vez en federacións. Actualmente, existen sete asociacións e unha federación de redeiras no territorio galego.

A profesionalización e unha formación regulada son necesarias para dar estabilidade ao colectivo e para garantir o relevo xeracional. As redeiras desenvolven un labor tradicional manual e altamente cualificado. O colectivo das redeiras galegas loitan para dignificar a súa profesión.

Os barcos que chegan a porto descargan as redes deterioradas e recollen aquelas que xa foran reparadas para volver faenar. Sen a actividade das redeiras os labores da pesca non se poderían levar a cabo. Ademais, representa unha das sinais culturais de Galicia, que non é outra que a actividade relacionada co mar.

A xornada laboral é de oito horas, normalmente de 09:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00, se ben, en moitas ocasións, teñen que traballar ata a completa reparación das redes para que o barco poida saír faenar e evitar a perda de ingresos dos mariñeiros.



O oficio de redeira adoita transmitirse entre mulleres da familia e na actualidade hai un sector envellecido, pola falta de substitución xeracional (a media de idade deste colectivo está entre os 45 e os 60 anos)

Tradicionalmente viñan realizando os seus labores no porto, no propio peirao e á intemperie. Hoxe, na maior parte dos portos onde traballan, dispoñen de naves onde poder desenvolver o seu labor profesional.

Naves que nalgúns casos non compren as mínimas condicións de traballo, como pode ser a nave de redeiras do municipio de Cangas. Estas profesionais atópanse nunhas condicións laborais lamentables, apenas hai sitio para traballar, non hai lugar para descansar e non teñen nin vestiarios para cambiarse, porque a nave é un almacén de redes, non unha nave para desenvolver o seu traballo dignamente.

A nave quédase pequena polo aumento da carga de traballo que tiveron nos últimos anos na vila de Cangas.

Dita nave é de Portos de Galicia, esta institución é que ten que facer as obras de ampliación e reforma para mellorar as condicións de traballo destas redeiras.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai Portos de Galicia a ampliar e reformar, o próximo ano a nave de redeiras de Cangas para que estas profesionais podan ter condicións dignas de traballo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:25:23

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 11:59:51
Nº Rexistro: 27524
Data envío: 12/01/2022 11:59:51.039

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:25:30

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:25:39

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A cidade de Vigo estase convertendo nun lugar de referencia turística a nivel de toda España, proxectando a súa imaxe como cidade e impulsando tamén o turismo en Galicia.

Desde o ano 2018 a cidade ven incrementando o número de turistas. Os datos de ocupación hostaleira así o amosan, entre novembro e xaneiro do ano 2019-2020 a ocupación media foi dun 81,68 %, sendo nas fins de semana a ocupación dun 90,20 %. Estas cifras supoñen un incremento do 10 % con respecto ao ano 2018. Datos que non teñen precedentes na cidade de Vigo.

No mes de decembro do ano 2019 as pernoctacións en Vigo disparáronse, subindo un 50,99 %. O dato de pernoctacións globais neste mes son os mellores datos desde que hai rexistro do INE de Vigo.

O número de visitantes totais tamén increméntase nun 37,09 %. Igual que no caso das pernoctacións. O dato de turistas no mes de decembro, son os mellores desde que hai rexistro do INE de Vigo. Vigo en número de visitantes nacionais crece nun 50,98 %.

No mes de agosto de 2021, pese as restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90 % e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido,...) Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi recoñecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano é grazas á desestacionalización da súas ofertas o Nadal, as Illas Cíes, as praias, feiras, festas, etc.

Con estes datos a Xunta de Galicia debería comezar a apoiar o proceso de desenvolvemento turístico de Vigo, incrementando a presenza da cidade na súas



campañas de promoción que se fai de Galicia e apoiando economicamente á Administración local no seu obxectivo de converter a esta cidade como referencia do turismo nacional.

O Grupo Parlamentario Socialista reclámalle ó Goberno autonómico que apoie economicamente o desenvolvemento turístico de Vigo nos orzamentos do ano 2022.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A Xunta de Galicia vai apoiar ao desenvolvemento turístico da cidade de Vigo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:28:33

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:28:40

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:28:52



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai máis de quince anos a Xunta de Galicia pechou a Escola Balinfra, que estaba situada na parroquia de Camos no Concello de Nigrán.

O edificio foi construído hai máis dun século para fogar dos profesores e consta dunha construción 339 metros cadrados divididos en dúas vivendas encostadas. Cada unha destas dúas casas ten 80 metros cadrados de planta, dúas plantas e un xardín, nunha parcela de 2.789 metros cadrados. Así mesmo, a escola infantil á que estaba vinculada xa non cumpre esta función e por este motivo o anterior goberno socialista solicitara en 2010 á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do seu uso docente, concedéndose o 15 de marzo de 2015 e permitindo así ás escolas servir para albergar a asociación cultural VaiMillor ou ao grupo de pandereteiras da Asociación Cultural A Camoesa.

O concello solicitou a reversión dos edificios e conseguiu facerse coas aulas, que agora albergan actividades veciñais e culturais, e unha das dúas casas do complexo, que foi reformada cun dobre obxectivo: albergar os programas de respiro familiar do centro de atención á diversidade funcional Juan María e poder trasladar en caso de emerxencia a veciños que ocasionalmente quedan sen fogar.

O Goberno municipal de Nigrán solicitou que a única vivenda pública que queda neste concello da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, reservada para vivenda de profesores, sexa cedida a Administración local para darlle un uso social, como todas as demais do municipio que no seu día foron fogar dos profesores das antigas unidades e que hoxe albergan todo tipo actividades veciñais, recreativas, culturais e incluso terapéuticas.

O Concello de Nigrán a día de hoxe está en condicións de documentar ante a Xunta de Galicia que a casa está sen uso porque o seu consumo eléctrico segue practicamente inalterado, as persianas baixadas, a finca está en estado de crecente abandono e o peche perimetral derrubado, o que contradí as reiteradas respostas da Administración autonómica afirmando que está ocupada.



O Goberno municipal tomou a iniciativa de acreditarlo documentalmente desde novembro de 2020 á actualidade para tratar de desbloquear esta situación que prexudica ao municipio e indigna á veciñanza.

O pasado mes de marzo o Concello de Nigrán reclamou oficialmente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación da casa dos mestres da escola unitaria de Camos.

Entendemos que se dan as previsións establecidas no artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a petición dos Concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade ou unidades escolares e que de igual maneira poderán desafectarse aquelas vivendas que excedan do cadro de persoal dos mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a proceder a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectar, conforme á petición do Concello de Nigrán, a única vivenda dos mestres pendente, para que deste xeito a Administración municipal poda darlle un uso social?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:31:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:31:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:00:50
Nº Rexistro: 27528
Data envío: 12/01/2022 12:00:50.835

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 11:31:39

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:31:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-Dz0JGTdZ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O orzamento para 2022 en comercio é de 18.375.611 euros cae en 5.118.994 euros con respecto ó orzamento do ano 2021. Isto demostra que o comercio non é un sector estratéxico para a Xunta de Galicia.

Esta crise da COVID-19 ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non puideron facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia. Un sector formado por pequenos negocios con poucos marxes de beneficios e que dependen da capacidade de consumo da cidadanía.

Estímase que como mínimo e con carácter xeral os comercios de Galicia tiveron unhas perdas superiores ó 20 %, que xa comprometen en moitos casos a viabilidade do proxecto comercial. A media de perdas alcanzadas sitúase entre o 30 % e o 40 %. A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ó longo deste 2021.

E ante estes datos o Goberno autonómico baixa 5 millóns o programa 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia nos orzamentos para 2022.

Non é razoable que en 11.627 millóns que vai ter a Xunta de Galicia de orzamento para o ano 2022 non incremente a partida para comercio.

E por se isto fóra pouco no primeiro semestre do ano só se executou o 7 % do orzamento que ten o Goberno galego para ordenación, regulación e promoción do comercio de Galicia.

Ante a mala situación do pequeno comercio o que debería facer Feijóo e os seus conselleiros é polo menos ter executado boa parte do orzamento deste sector para impulsalo e apoialo. Esta é unha mostra máis da mala xestión do Executivo do Sr. Feijóo e tamén é mostra do pouco que lle importa o sector do pequeno e mediano comercio.



E con este ínfimo orzamento, a Xunta de Galicia debería executalo, porque na X Lexislatura deixou sen executar 18 millóns como se pode comprobar na partida 751-A.

É necesario actuar con contundencia e firmeza, e facelo xa, se queremos salvar o sector. Se ben é certo que se tomaron algunha medidas desde a Administración autonómica, pero son medidas totalmente insuficientes dada a extrema gravidade da situación que está vivindo o pequeno e mediano comercio.

Para iso fai falla completar e mellorar as medidas para preparar o regreso da actividade económica á normalidade unha vez que estamos xa nunha nova etapa da pandemia. Do contrario nada poderá evitar o peche masivo do pequeno e mediano comercio e a enorme perda de postos de traballo, así como as graves consecuencias que suporía para a economía a tódolos niveis.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia incrementar o orzamento no programa 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:34:15

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:34:22



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os menús dos comedores escolares de Moaña xestionados de forma indirecta pola Xunta de Galicia, a través dunha empresa de catering, están xerando gran malestar no municipio pola perda de calidade dos pratos.

A comunidade educativa de Moaña vén de trasladar a súa preocupación pola situación dos comedores escolares do CEIP de Tirán, Seara, Domaio, A Guía, Quintela, Abelendo e as escolas infantís Berducedo e de O Con. Son 286 alumnos e alumnas afectados por estas deficiencias no menú dos comedores destes colexios.

No último ano estase a constatar unha perda de calidade nos menús ofrecidos ós cativos e cativas, o que está a orixinar continuas queixas e reclamacións por parte das familias e dos responsables dos centros de ensino, que teñen en común múltiples aspectos negativos relativos á cantidade, presentación, elaboración e adecuación dos menús.

Esta situación estase a agravar desde o inicio do curso 2021/2022, e son numerosas as reclamacións efectuadas polos diferentes centros de ensino ante comedores escolares, un organismo dependente da Consellería de Educación. Sen embargo, as reclamacións non son atendidas e a calidade do servizo de comedor continúa a deteriorarse.

Sen cuestionar que os menús estean deseñados correctamente desde un punto de vista nutricional, é unha realidade que moitos dos menús ofrecidos son pouco atractivos para os seus destinatarios, ben porque o aspecto da comida non é agradable; porque se elaboren dous pratos fríos para compoñer un menú; porque as racións de comida sexan habitualmente escasas e en ocasións tamén se sirvan frías; ou porque os menús sexan elaborados en desacordo coa climatoloxía do momento.



Trátase dun tema que está a orixinar unha importante preocupación no seo da comunidade educativa de Moaña. A alimentación é unha cuestión vital para toda a poboación, e especialmente para os nenos e nenas, que están nun período de crecemento e que pasan moitas horas na escola desenvolvendo unha actividade intensa.

Non só é un feito importante a cuestión da calidade con que se atende as necesidades do alumnado, senón tamén o é como eles aprenden pautas saudables de alimentación para manter uns hábitos de vida san que lles acompañen sempre.

Pero, a realidade que estamos a vivir é outra, e en moitas ocasións os cativos marchan para as súas casas despois dunha experiencia frecuentemente negativa coa comida. As familias están preocupadas e alarmadas pola calidade da alimentación dos seus fillos e fillas e sentíndose frustradas por ter que facer uso dun servizo de comedor que debía servir para mellorar a conciliación familiar.

Esta grave situación que afecta os nenos e nenas de Moaña, e que impacta directamente sobre a súa saúde, debe ser corrixida, para o que é preciso que a Xunta de Galicia deixe de primar o criterio económico sobre o da calidade alimentaria, co fin de que se poidan presentar uns menús escolares correctos e saudables.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia modificar as condicións do servizo de catering nos comedores escolares de Moaña, tendo en conta que do servizo que se presta depende a alimentación dos nenos e nenas desta vila?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Luís Manuel Álvarez Martínez

Noa Díaz Varela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:03:23
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 12/01/2022 12:03:23.945

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:37:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:37:49

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2022 11:38:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto as e os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Unha clara mostra deses recortes a temos nos orzamentos da Xunta para 2022 onde o goberno de Feijóo reduce en 2 millóns de euros as partidas destinadas á Atención Primaria en comparación cos orzamentos de 2021.

A pesar do papel fundamental da sanidade pública para resistir a pandemia da Covid-19, soportar os diferentes gromos e promover a vacinación da cidadanía, os orzamentos do 2022 reducen os fondos dedicados á Atención Primaria.

Todo isto, nun contexto de listas de espera para as e os especialistas, problemas de saturación nos centros de saúde e cun sistema de saúde público que está na UCI.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por



pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención presencial das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas denunciámos que no Centro de Saúde de Vilaboa das catro prazas de médico de familia, dúas estiveron sen cubrir debido a xubilacións das persoas titulares das prazas. En setembro cubriuse unha praza de maneira temporal, pero deixando o servizo de asistencia en situación moi precaria, sen cubrir as vacacións, o cal foi en detrimento da atención médica que se presta en Vilaboa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos, coa maior urxencia, sexan cubertas as prazas dos facultativos de Atención Primaria en Vilaboa, xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a cubrir, de maneira urxente, as prazas vacantes dos facultativos de Atención Primaria do Centro de Saúde de Vilaboa para garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nesta vila?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:39:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:03:55
Nº Rexistro: 27533
Data envío: 12/01/2022 12:03:55.945

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:39:30

Marina Ortega Otero na data 12/01/2022 11:39:36

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En decembro de 2020 a nova concesionaria, unión temporal de empresas Lugove, substituíu ás empresas ATSA e Melytour, despois de cincuenta anos ao fronte do servizo de autobuses que une Baiona, Nigrán e Gondomar con Vigo. “Os novos autobuses traerán importantes novidades para as persoas usuarias. Entre elas, tres liñas rápidas que permitirán aforrar, segundo os cálculos da Xunta de Galicia, ata máis de media hora por traxecto á cidade mediante a redución de paradas, e a entrada en funcionamento dunha liña circular que unirá os tres concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar” segundo anunciara nesas datas a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O novo contrato mantivo o ámbito xeográfico do anterior e reordenou as conexións entre o Val Miñor e o Baixo Miño con Vigo, dun xeito que afecta aos concellos da Guarda, Baiona, Gondomar, Nigrán, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui. Os veciños e veciñas destas comarcas ían beneficiarse de melloras como máis desprazamentos directos á cidade a través de tres liñas de nova creación que se sumarían ás máis de 30 expedicións diarias ao Baixo Miño e ás máis de 80 miñoranas. A liña número 25 parte de O Rosal e percorre Tomiño e Gondomar ata Vigo. Reduciu o número de paradas de máis de 50 a 13 e cobrearía o traxecto nun tempo estimado dunha hora, 30 minutos menos do habitual. As liñas 26 e 27, que comunican a Guarda con Vigo pola costa, percorren distancias de 74 e 64 quilómetros con 16 e 15 paradas, respectivamente. As viaxes mantéñense en 1 hora e 20 minutos e reduciríanse en 40 minutos con respecto ás anteriores co mesmo percorrido, segundo os datos que ofreceu o departamento na súa presentación.



Estas melloras anunciadas en decembro do ano pasado pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo - A Guarda quéixanse continuamente de que non se cumpren os horarios, fundamentalmente na época estival e non se reduciu o tempo, as liñas non son mais rápidas como se anunciara fai un ano.

Outra queixa moi preocupante é que non se limpan os autobuses diariamente, só se fai os sábados. Coa anterior empresa de autobuses a limpeza dos vehículos facíase tódolos días por dentro e por fóra, nin tan sequera en plena pandemia da COVID- 19 limpáronse os vehículos todos os días.

E a maiores está o problema dos condutores e das condutoras; non teñen baños. Coa anterior concesionaria tiñan nas cabeceiras de cada liña tres baños para homes e dous para mulleres e 4 lavabos.

Estas reivindicacións as levan facendo desde fai un ano os usuarios e usuarias desta liña de autobuses sen que desde a Xunta de Galicia se faga absolutamente nada para dar solución a estas queixas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia esixirlle á empresa concesionaria a garantir a limpeza diaria dos autobuses da empresa que realiza a liña Vigo – A Guarda?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:41:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:41:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:41:21



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observamos case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, se usa para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesarios, polo que terminan por se deterioraren e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.



O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

O concello de Burela dispón de varios parques e espazos ao aire libre pero ningún deles está expresamente destinado ao ocio da xuventude, quedando sempre relegados a unha pequena zona pouco funcional e que non satisfai as súas inquiredanzas e necesidades. Formúlase a proposta de dedicarlles un espazo en exclusiva, que poidan sentir como propio, pensado para cubrir diferentes aspectos propios da idade, nun espazo seguro e facilmente accesible que se poida desfrutar por diferentes idades da xuventude segundo os seus gustos, afeccións ou preferencias.

Un espazo que reúne as ditas condicións é a parcela fronte ao número 7 da travesía do Porto, integrada dentro do espazo portuario. A parcela atópase nun extremo, polo que sería facilmente prescindible para o sistema xeral portuario e sería moi necesario que se recuperase para os sistemas locais de espazos libres. É unha parcela de aproximadamente 1.900 m. cadrados, rectangular e sensiblemente horizontal.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade da parcela número 7 da Travesía do Porto (Burela) a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:01:42





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:04:41
Nº Rexistro: 27537
Data envío: 12/01/2022 12:04:41.695

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:01:56



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Pleno**.

O turismo de cruceiros na cidade de Vigo tivo o seu récord en 2011, cando 118 cruceiros atracaron na cidade. Desde entón todo empeorou e ningún dos responsables portuarios puido volver remontar as cifras. A competencia que supoñen A Coruña e Oporto (Leixoes), con acordos comerciais para colaborar en detrimento de Vigo, é demoledora.

Os datos non enganan. Este mes de novembro de 2021, A Coruña fixo pública a súa previsión para 2022. Segundo o presidente da Autoridade Portuaria, o próximo ano contarán con 170 escalas, o que suporía un 42 % máis que o récord acadado ata agora de 120 buques en 2017. A cidade herculina esperaba recibir uns 140 barcos o próximo ano, pero tras un Congreso en Madrid organizado por Cruises News Media Group, o número ascendeu a 170 ataques.

A Autoridade Portuaria de Vigo conta a día de hoxe cunha previsión de 70 buques para 2022. É certo que aínda se está a negociar con navieiras e operadores, pero as cifras finais non variarán moito, nin sequera co habitual incremento que se produce por escalas imprevistas. En todo caso, sen contar os dous últimos anos pola pandemia (7 barcos en 2020 e 25 en 2021), a cifra tamén se reduce con respecto ao curso anterior vixente, en 2019, cando houbo 74 cruceiros.

E é que desde aquel 2011 no que Vigo chegou ao seu teito, a cifra non parou de baixar. En 2014, os peiraos da cidade recibiron 81 embarcacións e en 2017 tivo lugar o anunciado "sorpasso" coruñés. Agora hai cinco anos A Coruña alcanzou o seu máximo histórico, cos 120 barcos mencionados, e Vigo quedouse en pouco máis da metade, 61.

O Concello de Vigo e o Porto de Vigo acordaron este mes de novembro crear un Comité Turístico de Cruceiros para ofrecer unha imaxe integradora do Porto e do destino e poder así influír na programación de escalas dos próximos anos.

Esperemos que o Porto de Vigo empece a decatarse da diminución continua deste turismo na cidade e comece a tomar máis medidas para incrementar o número de cruceiros no seu porto.



A Xunta de Galicia, e concretamente a Axencia de Turismo de Galicia, debería tamén tomar medidas para incrementar o turismo de cruceiros na cidade de Vigo e volver polo menos as cifras do 2011.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que xestións están facendo desde a Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no Porto de Vigo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:43:33

Noelia Otero Lago na data 12/01/2022 11:43:39

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:43:50



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesario, polo que terminan por se deteriorar e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, por proposta do Grupo Parlamentario Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade



autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Parlamentario Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara galega, a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e saíu aprobada a iniciativa por unanimidade. Portos de Galicia debe posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal.

Os sendeiros azuis son itinerarios que enlazan, atravesan ou parten de praias, portos ou centros de interpretación que foron galardoados coa Bandeira Azul en 2021. A vontade da iniciativa é a de fomentar a conexión da rede de lugares con Bandeira Azul mediante sendeiros que axuden a poñer en valor espazos naturais e de interese cultural e patrimonial próximos a praias ou portos deportivos que contén coa Bandeira Azul.

Burela conta cun sendeiro azul, a “Ruta do litoral burelés”. O trazado da senda achégase ata o “Mirador da Limosa” pero debe regresar sobre os seus pasos por non contar con continuidade no trazado.

O Mirador da Limosa é un espazo singular, tanto polas atractivas vistas ao porto de Burela e ao Mar Cantábrico, sendo doado desde o mesmo identificar e explicar a dinámica de traballo e funcionamento dun porto destas características, como pola importancia arqueolóxica e xeolóxica do seu enclave. Nel atopáronse restos do Hipocausto Romano do Campón, en setembro de 2004, e os técnicos de Patrimonio concluían que os restos atopados configuraban os vestixios dunha terma romana.

A zona xeolóxica de Castrelo -O Perdouro- é un dos espazos máis interesantes, xeoloxicamente falando, da península Ibérica e está actualmente catalogado como LIC (lugar de interese comunitario). No enclave obxecto desta exposición, onde se situaba a antiga praia de Castrelos, atópanse pregos de escala métrica, que forman a rasa Cantábrica.

Dado os múltiples intereses que conflúen na zona é necesario mellorar a súa contorna para facela máis accesible, atractiva e didáctica para o conxunto da poboación, así como aquelas persoas que visitan a vila.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Cales son os motivos polos que Portos de Galicia se nega a reverter a titularidade do enclave coñecido como o Mirador da Limosa de Burela, a dominio municipal?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:02:45

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:02:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O informe do Eixo Atlántico de 2016, sobre o Porto Seco de Monforte de Lemos, reflicte que: “O Porto Seco de Monforte é un proxecto que leva demasiados anos estancado, especialmente se consideramos a importancia que ten, dende o punto de vista estratéxico e económico, non só para o eixe interior de Galicia, o menos desenvolvido, senón para a fachada marítima, en termos portuarios, e *por ende*, para o conxunto dunha euro rexión na que viven 7 millóns de cidadáns, e na que intentan traballar sen ter que emigrar novamente, a maior parte deles”.

Estancado no tempos atópase este proxecto de plataforma loxística que xa foi anunciada polo señor Fraga no ano 2011 e inaugurada polo señor Feijóo no ano 2014, e máis de 7 anos despois desta inauguración non existe alí instalada ningunha empresa.

Polo tanto, é urxente que canto antes se lle poña remedio a estas carencias que leva arrastrando o Porto Seco de Monforte dende a súa inauguración e é o momento de que unha vez por todas a Xunta de Galicia cumpra os seus compromisos con Monforte de Lemos.

O Porto Seco de Monforte é competencia da Xunta de Galicia pero teno totalmente abandonado e non atende á necesidade de dotar a este centro loxístico intermodal duns accesos que lle permitan ser operativos mediante o viario de conexión coa N-120. A estas alturas segue pendente a execución do tramo de menos de 1 km de largo que contemplaría os accesos do Porto Seco coa N-120. Ata o de agora o seu único acceso viario vai dar ao viario que une Monforte coa Pobra de Brollón, unha vía de comunicación estreita e sen beiravía, pouco axeitada para o tipo de tráfico que debe de xerar este parque empresarial.

E que nin sequera foi capaz o Goberno galego de construír o peirao de carga e descarga, dispositivo fundamental este para que o parque industrial se poida considerar intermodal, xa que sen un sistema así non sería posible o trasvase de mercadorías operativo entre a terminal ferroviaria e nas parcelas acondicionas ao seu lado.



Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten pensado o Goberno galego rematar a conexión do Porto Seco de Monforte de Lemos coa N-120?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:03:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:04:04



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Chavín (Viveiro) supón, por desgraza, un novo revés para a Mariña de Lugo, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de autonomía atribúe ao Goberno galego a competencia exclusiva en “fomento e planificación da actividade económica de Galicia”, o Partido Popular non fixo absolutamente nada ao respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16 %. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto coa galega, o peso da industria no PIB acada o 33 %.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os noso veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta de Galicia.

A Mariña lucense, que leva tempo inmersa na preocupación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora a ameaza de peche dunha nova industria importante, para a comarca e a súa provincia, sen que chegue dende o Goberno galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

O PSdeG reclamou en varias ocasións ao Goberno da Xunta de Galicia un plan de industrialización para a Mariña lucense e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cómpre lembrar que xunto coas competencias mencionadas no punto 1, do artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2), así como os “programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas” (punto 7b) e os “programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”.

A Mariña lucense está a sufrir unha crise industrial de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo.



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, preguntan:

Ten pensado o Goberno galego levar a cabo un plan de reindustrialización para a Mariña lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:05:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:05:20

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:05:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:05:48



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 512B de construción, conservación e explotación de estradas, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 512B relativa á construción, conservación e explotación de estradas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:17:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:17:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 513A de construción, conservación e explotación portuaria, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 513A relativa a construción, conservación e explotación portuaria?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:18:25

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:18:39



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 514A de infraestruturas pesqueiras, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 514A relativa a infraestruturas pesqueiras?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:19:47

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:20:00



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:21:13

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:21:26



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:23:17

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:23:30



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 27 de setembro a conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia anunciaba na parroquia de Aldurfe, no concello de Riotorto, que nese núcleo se instalaría a nova planta de residuos que daría servizos aos concellos da contorna: A Pontenova, Meira, Pastoriza, Pol e Ribeira de Piquín.

Pero trala presión dos veciños e veciñas, que viron como este proxecto da planta de residuos afectaba ás súas explotacións gandeiras e incluso ás súas vivendas, a Xunta de Galicia e o Concello de Riotorto recuaron con esta radicación, e nestes intres están a buscar un novo emprazamento dentro do concello de Riotorto.

Os alcaldes da contorna do concello de Riotorto tamén amosaron o rexeitamento a radicación manifestada pola Consellería de Medio Ambiente e polo Concello de Riotorto e enviaron unha carta ao Goberno galego no que se queixaban da falla de transparencia e opacidade coa que Sogama, dependente da Consellería de Medio Ambiente, e o Concello de Riotorto estaban a actuar en relación coa nova radicación da planta de residuos urbanos.

Os alcaldes da Pontenova, Meira, Pol, Pastoriza e Ribeira de Piquín amosaban o seu desacordo con que Riotorto sexa o núcleo elixido para a esta nova planta, xa que construír esta planta nese emprazamento encarecería considerablemente os custes económicos desta nova dotación, xa que o punto limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) xa conta con infraestrutura e non se partiría de cero como no caso de Riotorto. Ademais de que a estes concellos implicados lles afectaría negativamente o emprazamento en Riotorto por mor da distancia e dos quilómetros existentes entre os concellos.

Polo tanto, consideran que o mellor emprazamento para esta nova dotación, que ten que dar servizo a todos estes concellos: Riotorto, A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol e Ribeira de Piquín, é o punto limpo da Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) que xa conta con dotacións de auga, luz e accesos, no que só habería que ampliar as instalacións, e non afectaría nin a explotacións gandeiras nin á veciñanza da contorna.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cal ou cales son o motivos que xustifican que a Xunta de Galicia queira instalar a nova planta de residuos no concello de Riotorto?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:24:51

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2022 11:25:10

Paloma Castro Rey na data 12/01/2022 11:25:27



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Mariña lucense conta con dúas das principais lonxas europeas: Burela e Celeiro, xuntas moven case o 26 % da facturación e o 23 % dos peixes e mariscos frescos de Galicia. As cifras falan por si soas: 423 millóns de quilos e 1.258 millóns de euros nos últimos 10 anos.

A pesar destas cifras nesta comarca non se poden formar patróns de litoral e outros mecánicos navais. Os traballadores da Mariña lucense teñen que se desprazar para facer esta formación a outras comarcas cos inconvenientes e dificultades que isto implica, xa que A Mariña de Lugo é a única gran área pesqueira do noroeste español sen ensinanzas náutico-pesqueiras.

Polo anteriormente exposto é necesario que estas ensinanzas se realicen na Mariña. Dende Celeiro o propio sector reclama que para o vindeiro curso en Viveiro se imparta o ciclo medio de FP que forme patróns de litoral e outros mecánicos navais. Persoal titulado que tanto precisan as frotas de Celeiro e de Burela, xa que faltan mandos para os seus barcos. Situación esta que se podería ver agravada aínda máis nos vindeiros anos polas inminentes xubilacións.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten pensado a Xunta de Galicia implantar na Mariña lucense, no vindeiro curso académico, ciclos formativos da familia Náutico-pesqueira que formen patróns de litoral e outros mecánicos navais?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:27:35





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2022 12:09:56
Nº Rexistro: 27552
Data envío: 12/01/2022 12:09:56.898

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:27:48

CSV: BOPGDSPG-Dz0JGTdZ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A principios de ano celebrouse unha reunión das 10 comunidades e cidades autónomas con competencia na xestión da Rede Natura 2000 Mariña, co secretario de Estado de Medio Ambiente, dentro do proxecto LIFE INTEMARES.

Nesa reunión, o Goberno de España reafirmou o seu compromiso de acadar o 30 % das áreas mariñas protexidas para 2030, polo que é imprescindible para iso a coordinación interadministrativa e a implicación nas actuacións conxuntas de conservación mariña. Reto de acadar o 30 % en 2030 de Áreas Mariñas Protexidas, tal e como marca a Estratexia de Biodiversidade 2030 da Unión Europea e a Declaración de Emerxencia Climática do Goberno de España.

O medio mariño é o máis exposto a danos medioambientais irreversibles. Agora chegan menos sustratos ao mar, pero máis fertilizantes. O maior problema do noso litoral é a eutrofización, como principal ameaza para o ecosistema na zona costeira, non sendo a pesca a culpable da situación na que se atopan os recursos.

Por iso, son necesarias medidas, como está a reclamar o sector, para garantir o bo estado das augas e así protexer os recursos pesqueiros e o ecosistema.

É preciso minimizar as afeccións das diferentes actividades humanas sobre os caladoiros e zonas de pesca, con especial atención ás pesquerías tradicionais. Tamén é necesario, como reclama o sector, ampliar e reforzar a Rede de Reservas Mariñas en Galicia, que non foron máis aló das Illas Atlánticas e as de Interés Pesqueiro nunha zona pequena da Costa de Morte (creada no ano 2007 nos Miñarzos, Lira) e a da ría de Cedeira en 2009. É necesario reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro como motor de conservación e rexeneración do recurso pesqueiro e apoio á pesca artesanal, ao tempo que se acadaría o rendemento máximo sostible sobre as poboacións de especies comerciais e reducir a afección das actividades pesqueiras sobre a biodiversidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:



Considera necesario o Goberno galego reforzar e ampliar a rede de reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:29:14

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:29:27



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai máis de 11 anos e medio, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fose presentada polo PP, o partido no goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesares da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesares do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na Provincia de Lugo. E tamén a pesares das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña o longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para promover a actividade turística que xoga un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é máis urxente que nunca, na comarca da Mariña lucense, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas polas necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na web oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.



En data 21 de abril de 2021 apróbase por unanimidade nesta Cámara unha proposición non de lei en comisión do PsdeG, transaccionada co Grupo Parlamentario Popular cuxa parte resolutiva di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer o carácter oficial da ruta xacobeá coñecida como Camiño do Mar, que discorre polas vilas lucenses de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo e prosegue pola provincia da Coruña, vía Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón ata Neda, e o inclúa en todas as accións de promoción turística, divulgación e reactivación económica ligadas á celebración do Ano Xacobeo 2021-2022”.

A mediados de xuño deste ano obtíñase o recoñecemento da Igrexa ao Camiño do Mar. Polo tanto, dábase un paso máis para que a Xunta axilizase os trámites para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá. É preciso que a Xunta oficialice de maneira administrativa esta ruta.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales foron os pasos dados pola Xunta de Galicia, dende o último acordo do Parlamento de Galicia de data 21 de abril de 2021, para oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá?

Pazo do Parlamento, 22 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:30:50

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2022 11:31:05

Martín Seco García na data 12/01/2022 11:31:15



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Onte, día 22 de novembro de 2021, Galicia vivía un día histórico coa viaxe en probas do AVE a Galicia, que conecta Ourense con Madrid. A partir do día de hoxe os billetes para esta viaxe poranse á venda e a partir do día 21 de decembro comezarán a circular os trens comerciais, confirmándose, por tanto, o compromiso do Goberno central de que a posta en servizo do tren de alta velocidade a Galicia chegaría a finais deste ano.

Pero a pesar dos compromisos do Goberno central comunicados ao Goberno galego en relación coa data de chegada do AVE a Galicia, foron numerosas as declaracións do Goberno galego cuestionando e negando publicamente que estas obras estarían rematadas en 2021.

A Xunta de Galicia dicía a finais de 2020 que tiña serias dúbidas de que o AVE chegara a Galicia en 2021. O presidente da Xunta chegou a afirmar que o tren de alta velocidade non estaría listo no ano 2021, e para iso aludía a informes que manexaba o seu goberno. Pero é que o señor Feijóo foi máis aló nas súas declaracións e chegou a afirmar “É bo non enganar a ninguén. Non imos ter tren de alta velocidade ni en 2020 ni en 2021, pasará o ano Santo e Galicia non terá tren de alta velocidade que a conecte con Madrid”.

A verdade é, que a postura negacionista do Goberno galego en relación cos avances en materia de infraestruturas que chegan dende o Goberno central, non se cingue só á chegada do AVE a Galicia senón que tamén aconteceu o mesmo no relativo á chegada das bonificacións históricas nas peaxes da AP9, nos que o Goberno galego chegou a afirmar, (enganando á cidadanía, como os feitos así o confirmaron,) que a Xunta tiña que se enterar polos medios de comunicación que en xullo no habería descontos na AP9, e que a ver se chegaban en agosto.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Por que a Xunta de Galicia mantén unha posición negacionista no relativo á chegada de avances e melloras nas nosa infraestruturas por parte do Goberno



central, nomeadamente coa chegada do AVE a Galicia e coas bonificacións das peaxes na AP9?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:32:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2022 11:32:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza para dar cumprimento ás medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial reguladas no Decreto 52/2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de maio de 2019 publícase no DOG o Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

O seu artigo 1 determina que este Decreto ten por finalidade declarar ben de interese cultural do patrimonio cultural inmaterial de Galicia as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, para recoñecer o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e colaborar á concreción de medidas para a súa salvagarda, segundo o descrito no anexo I deste Decreto.

Na actualidade, as embarcacións tradicionais son conservadas nos portos galegos, como patrimonio cultural colectivo de alto valor social e reflexo dunha das caras da cultura do país, grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que, cada vez en menor medida ao non se garantir a continuidade da profesión, manteñen a súa actividade viva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito os portos galegos ofrecen mariñas tradicionais vivas que salvagardan o patrimonio ao tempo que aseguran o mantemento da transmisión do seu legado como un reforzo da identidade local co obxectivo de garantir a súa pervivencia e continuidade.

A cultura de protección, mantemento e difusión das embarcacións tradicionais, dos barcos históricos e a cultura marítima e fluvial, así como a súa incardinación no tempo presente como un valor sociocultural propio, está a ser desenvolvida desde hai máis de vinte anos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

O Decreto 52/2019 establece, entre as medidas específicas de salvagarda da carpintería de ribeira, a elaboración dun Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.

Neste sentido, o Decreto regula que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

Este censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As embarcacións que fagan parte deste censo de embarcacións tradicionais serán obxecto das exencións e bonificacións previstas na lexislación vixente en materia de navegación marítima e portos dependentes da comunidade autónoma.

Na actualidade, superados os dous anos e medio da publicación deste Decreto no DOG, o mencionado censo aínda non se realizou por parte da Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural, o que está a prexudicar os propietarios das embarcacións tradicionais, así como á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, gravándoos economicamente Portos de Galicia e contravindo o disposto na normativa a respecto das exencións e bonificacións que corresponden a este tipo de embarcacións tradicionais unha vez censadas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está a facer o goberno para elaborar o censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza tal e como regula o Decreto 52/2019?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:10:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:10:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:11:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Recentemente, levábase adiante o acordo entre a UE e Noruega, que lle permite a España, e especialmente ás frotas pesqueiras de País Vasco e Galicia, a captura de 5.300 toneladas de bacallau ártico.

Tamén nestas datas pechábase o acordo de reparto de cotas pesqueiras para o ano 2022. No Consello de Ministros de Pesca da UE, celebrado neste mes de decembro, negociáronse e pecháronse TAC, totais admisibles de capturas, e cotas para o vindeiro exercicio 2022.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cal foi o a aportación da Xunta de Galicia de cara Ás negociacións de TAC e cotas para 2022, así como para a negociación entre a UE e Noruega no reparto do bacallau ártico?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2022 11:33:23

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2022 11:33:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os criterios da Xunta de Galicia para acceder profesionalmente a un ben do dominio público como é o Monte do Gozo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chegou ao coñecemento do grupo parlamentario do BNG que unha empresa do sector cultural galego interpuxo unha demanda contra a Xunta de Galicia por ter solicitado a utilización do auditorio do Monte do Gozo, para a realización dun ciclo de concertos durante os meses de xullo e agosto deste ano 2021, e non ter recibido resposta ningunha.

No entanto, a mesma empresa que fai o Festival O Son do Camiño (a UTE Old Navy Port Producciones S.L. e Esmerarte Industrias Creativas S.L.) puido empregar ese mesmo auditorio para realizar un ciclo de concertos denominado “O Son do Camiño Perseidas” entre o 14 de xullo e o 18 de agosto.

Desde o sector fáisenos chegar ao grupo parlamentario do BNG, con profunda preocupación, que poida estar existindo no sector galego da produción de espectáculos musicais un trato de favor á referida UTE por parte da Xunta de Galicia, por canto parece non existir outra empresa no sector capaz de producir festivais ou ciclos de música no Monte do Gozo, á vista da negación de resposta a outras empresas demandantes dese espazo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esta desconfianza cómpre engadir que os portais de contratación da Axencia de Turismo de Galicia e da Axencia Galega das Industrias Culturais recollen que esa UTE leva recibido, entre contratos e subvencións, máis de 9 millóns de euros entre 2018 e 2021, case 10 veces máis que o resto do sector no seu conxunto.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o procedemento que determina a Xunta para acceder ao uso dun ben do dominio público como é o Monte do Gozo e onde está publicado e accesíbel á sociedade?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:13:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 12/01/2022 12:13:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:13:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 18 de outubro o DOG publicaba a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrência non competitiva, a través dos bonos culturais.

O artigo 2 recolle como finalidades da devandita convocatoria as seguintes:

1. Incentivar a demanda cultural, axudando economicamente as persoas consumidoras, e fomentar o consumo nos establecementos culturais adheridos á campaña.
2. Propiciar o fortalecemento do sector cultural, dinamizar a actividade dos establecementos culturais, mellorar o fondo de manobra dos establecementos culturais; e reducir o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade de determinados establecementos culturais como consecuencia da situación ocasionada pola COVID-19.

O Bono Cultura está dirixido á compra de produtos culturais como música gravada en formato CD, vinilo, material audiovisual en formato físico, libros, videoxogos, entradas para salas de cine, concertos de música e espectáculos escénicos;





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de entradas para calquera tipo de institución cultural (museo, casa-museo, etc.), e para a adquisición de calquera outro tipo de ben cultural.

Pola contra, quedan expresamente fóra do programa os produtos de papelería, os equipamentos, software e consumibles de informática e electrónica, os xogos de calquera tipo e os libros de texto para o ámbito educativo non universitario.

A campaña está dirixida a maiores de 18 anos e desenvolverase só durante os dous últimos meses do ano.

O 1 de novembro activouse a APP para a descarga dos bonos por parte das usuarias interesadas, que xa podían acceder á oferta de establecementos acollidos ao programa.

Mentres que a posibilidade de se adheriren máis establecementos comerciais continúa aberta ate o 18 de novembro, 1 mes en total desde a publicación da Orde, a opción de acceder a un bono cultura ao conxunto da sociedade pechouse en escasas horas o que para o grupo parlamentario do BNG é proba do elevado interese da sociedade galega por acceder á cultura e recuperar hábitos culturais perdidos durante máis de ano e medio de pandemia, tal e como indican os informes do Observatorio da Cultura Galega.

Consecuentemente, o feito de que a oferta de 39.000 bonos cultura se esgotase antes de rematar o primeiro día reafirma o carácter absolutamente insuficiente, ademais de tardío, desta proposta que desde o BNG levamos máis dun ano propoñendo en sede parlamentaria contando co voto en contra por parte do PP.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como pensa reforzar o goberno o consumo cultural e a fidelización de públicos á vista da alta demanda social?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:17:02

Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:17:06

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:17:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a oferta de actualización en materia de competencia lingüística en galego no Plan anual de formación do Profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Asemade, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuíta e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa, ao longo de toda a súa vida laboral, desde a perspectiva da necesaria actualización didáctica que aproxime a transferencia do coñecemento á realidade próxima ao alumnado.

Segundo o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado, a Administración educativa galega debe planificar, a través do plan estratéxico e dos plans anuais, as actividades de formación permanente do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesorado, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

O Plan anual de formación do profesorado responde, xa que logo, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego e atención a todos os campos nos que este debe estar formado e actualizado, entre os que destaca *unha ampla e variada oferta de accións formativa* correspondente ao bloque de Linguas.

Neste apartado o actual Plan anual de formación do profesorado céntrase unicamente na formación e actualización en linguas e culturas estranxeiras, obviando a necesaria formación continua do profesorado en lingua galega como lingua propia e vehicular de diferentes materias curriculares.

Tampouco se recolle oferta formativa, diversificada e específica, referente á didáctica das linguas en contextos bilingües ou orientada a contextos en proceso de normalización e dinamización lingüística como é o galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que formación específica oferta a Xunta de Galiza para elaboraren e implementaren os centros educativos os Plans lingüísticos de centro cada curso escolar?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:20:49

Daniel Castro García na data 12/01/2022 12:20:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2022 12:21:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razoábel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe chegar





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de València, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións compromete a Xunta de Galiza para asegurar un proxecto de futuro para os terreos portuarios da Coruña que non supoña unha carga económica para a cidadanía e impida un trato discriminatorio?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:41:39

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 12:41:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do abandono e dos erros da Xunta en canto á infraestrutura de saneamento de Noia xa vén de lonxe, pois foi necesaria a nova construción do colector de base debido á chapuza nas obras de 1995 cando se instalaron moitos tramos contrapendente. Unha problemática que foi levada ao Pleno da Corporación Municipal en novembro de 2010, quedando aprobada unha proposta para trasladar á Xunta -quen adxudicara as obras- a necesidade de esixir responsabilidades a quen correspondese pola deficiente execución daquela obra. Do mesmo xeito, o BNG trouxo ao Parlamento galego, en febreiro de 2011, unha iniciativa para que a Xunta esixira estas responsabilidades por mor da mala execución das obras, cuestión á que se negou a maioría absoluta do PP, que optou por cargar no erario público as consecuencias daquela desfeita.

Para paliar aquelas obras ineficientes, e tamén para modernizar e mellorar a rede de saneamento de Noia, no ano 2008, a Xunta redacta, a petición directa do Grupo Municipal do BNG de Noia, daquela con competencias en Urbanismo e control da Obra Pública, un primeiro Plan Director de saneamento de Noia. Un Plan Director cuxa execución conlevou unha mellora considerable do funcionamento da rede de saneamento mentres se puxo en marcha, como mesmo reconece o segundo Plan Director de Saneamento de Noia, que vimos de coñecer o ano pasado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia do Plan Director do 2008, no mandato municipal 2011-2015, a Xunta fixo investimentos de arredor dos 4'5M€ que serviron para paliar a mala situación dos colectores que se tiñan realizado contra pendente, coa construción dun novo colector base, e para a construción de novas estacións de bombeo que contribuíron ao aumento do caudal xestionado pola EDAR nos primeiros anos de funcionamento, durante o goberno municipal anterior. Dende a posta en marcha daquelas infraestruturas, e coincidindo coa entrada do Partido Popular na alcaldía no 2016, a Xunta esqueceuse do desenvolvemento daquel Plan Director e o novo goberno municipal de facer as xestións necesarias para buscar a súa colaboración na mellora da rede de saneamento, tan importante ademais para a calidade das augas da ría de Muros e Noia, principal motor económico no plano local e comarcal.

A día de hoxe, tanto a falta de investimento por parte da Xunta para a boa operatividade de todo o feito e para continuar coa planificación do anterior Plan Director, como o abandono das labores de mantemento por parte do actual goberno local de Noia, provocaron que as estacións de bombeo e a propia EDAR teñan un funcionamento deficiente que está a chegar aos niveis previos aos investimentos que se puxeron en marcha no ano 2013.

Como se pon de manifesto, aí ficou o Plan Director de Saneamento de Noia do 2008, nuns investimentos moi necesarios no 2013 pero nun posterior abandono por parte do Partido Popular na Administración galega e na local, o que propiciou un deterioro total da rede de saneamento que levou á redacción do segundo e actual Plan Director, un documento que comeza con mal pé polos inexistentes investimentos recollidos nos orzamentos da Xunta para esta anualidade.

Atopámonos logo cun Plan Director de 2021 que nos sinala unha situación moi deficiente. O equivalente a 4.100 habitantes, o 25% da poboación, vertendo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente ao medio, en moitas ocasións directamente aos ríos e á ría. Unhas cifras, ademais, que non deixan de empeorar cada ano, tanto nun inferior volume de augas xestionadas pola EDAR como nunha maior cantidade de puntos de vertido incontrolado no municipio. A isto hai que engadir, no caso da poboación que si está conectada á rede, que a infraestrutura no seu estado actual tan só é quen de xestionar, no mellor dos casos, o 42% das augas residuais que chegan ao sistema.

Por se todo o anterior non fora suficiente, hai que sumar aínda un polígono industrial que, alén de non ter desenvolto o chan para poder medrar, conta cun saneamento ineficiente e que verte directamente ao medio, factores que imposibilitan claramente o desenvolvemento industrial de Noia e a súa comarca e que a Xunta permite coa súa inacción.

En palabras textuais do Plan Director: “Como se observa na evolución do volume xestionado na EDAR, coa posta en servizo, no ano 2013, das novas estacións de bombeo principais do sistema de saneamento de Noia, prodúcese un incremento progresivo do volume tratado coa EDAR, alcanzando o seu máximo no ano 2016; a partir deste ano, obsérvase un descenso importante do volume no ano 2017 e no ano 2018 do 45% respecto do ano de máximo tratamento, incrementándose substancialmente esta tendencia nos anos 2019 e 2020”. (...) “En definitiva, esta secuencia indica que, se ben coa posta en marcha das novas estacións de bombeo no ano 2013 se produciu o efecto desexado (redución de verteduras e incremento de volume tratado), as deficiencias de mantemento cando non o abandono das novas infraestruturas de bombeo, teñen xerado unha involución nos datos de volume tratado que, de seguir na tendencia actual, rematará por reproducir a situación precedente á execución das novas estacións de bombeo do sistema de saneamento”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se pode comprobar, esta situación, pois, non a inventa o BNG, senón que é certificada pola propia empresa que redactou o Plan Director de Saneamento de Noia, a encargo de Augas de Galiza.

Moi ao contrario, tal e como se puxo de manifesto recentemente na tramitación dos orzamentos para o 2022, foi o BNG quen apostou por comezar dende xa a poñer solucións a esta situación, incluíndo nas emendas un investimento de arredor dun 1.325.000 € para realizar o primeiro paso deste Plan Director que se corresponde coa actualización e mellora da EDAR de Noia, unha emenda á que o Grupo Popular votou en contra.

O desleixo do Goberno galego cos problemas estruturais da rede de saneamento noiés é manifesto, e esta grave situación débese paliar canto antes coa posta en marcha das accións recollidas no novo Plan Director e coa colaboración entre Xunta e Concello para mellorar os labores de mantemento da rede.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que medida ten previsto contribuír a Xunta de Galiza co Concello de Noia para dar cumprimento ao Plan Director de Saneamento elaborado por Augas de Galiza no 2021?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2022 12:38:20

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 12:38:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao convenio colectivo de XEAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroalixes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao “adelgazar” cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificable a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

convenio propio. Despois das tres reunións mantidas no marco da mediación solicitada polo comité no Consello Galego de Relacións Laborais para desbloquear as negociacións, a empresa rachou as mesmas de xeito unilateral, coa vontade meridiana que o convenio propio perda vixencia e decaia, para así aplicar o sectorial, de condicións inferiores.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, é incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á situación de conflitividade laboral que existe a día de hoxe, que ameaza o mantemento do emprego e condicións laborais nas fábricas de Cee e Dumbría.

Atendendo a isto, é difícilmente xustificábel manter unha posición equidistante por parte do goberno galego, máxime cando estamos a falar dunha empresa que se beneficia de axudas públicas e que pode estar incumprindo, atendendo aos pronunciamentos xudiciais, as condicións dunha concesión pública sobre a que a Xunta ten competencia. E sobre todo, cando ese comportamento empresarial pon en perigo o mantemento de máis de 250 postos de traballo.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Ante isto, so cabe que o goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación. Sendo moi necesaria a mediación política do goberno galego para atopar unha saída á tensa situación sociolaboral que se vive na comarca, facendo valer as prerrogativas que lle confire o feito de tratarse dun complexo industrial anoadado, de xeito indisolúbel, á concesión da explotación de centrais hidroeléctricas que constitúen un recursos público.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a exercer as funcións de control e supervisión do cumprimento por parte de XEAL das cláusulas de vinculación de actividade industrial e explotación hidroeléctrica?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2022 13:35:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2022 13:35:59

Daniel Pérez López na data 12/01/2022 13:36:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área metropolitana da Coruña segue agardando por actuacións que permitan unha mobilidade adaptada aos tempos actuais, que se adapte ao seu crecemento urbanístico, que conecte os seus polígonos industriais, que permitan desprazamentos sostíbeis e que teña uns estándares equilibrados para os homes e mulleres que a diario se moven entre concellos sexa cal sexa o medio de transporte que usen. A rede viaria metropolitana é insuficiente e caótica o que fai que non haxa unha mobilidade sustentábel, vertebradora o que en moitos casos dificulta as relacións sociais mais crea moitos problemas na actividade económica e empresarial

Desde a presentación en maio de 2001 do “Plan Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros”, promovido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda até a actualidade ten transcorrido un longo camiño de 20 anos que se converten nun magnífico tempo perdido para actuar en positivo neste necesario polo de impulso socioeconómico para unha comarca densamente poboada como é a da Coruña.

Finalmente, tras sucesivas mudanzas, foi en setembro de 2004 cando, sendo Conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publícase no DOG a resolución “Pola que se fai publico o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo)”.

Mais ese plan sectorial deixa en suspenso o trazado do vial 13 (Vía Ártabra) dicindo o seguinte no 1.4: “Déixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión A9/A6/N-VI (Cambre-Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A6. O Planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre AP-9 e a A6.”

Desde ese momento moitos foron as mudanzas e cambios de criterio por parte da Xunta incluídos incumprimentos coas alternativas que se lle pediran no seu momento á corporación municipal mencionada con anterioridade. O certo é que en Agosto de 2009 a Xunta aproba un proxecto en que desaparece a conexión da Vía Ártabra coa AP 9 coa A-6 unha proposta que fora consensuada con todos os concellos da área metropolitana.

A finais de febreiro do 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra co anuncio da licitación do tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses, dando comezo no verán do mesmo ano. O certo é que o proxecto chega con polémica pola afectación a unha zona natural, todo isto a pesares de existir outras alternativas con menor impacto e tamén porque ao non facerse a conexión coa A 6 perde o seu verdadeiro obxectivo que é vertebrar a mobilidade en toda a área.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E nesta altura, en pleno verán de 2021, coas obras proceso e coa consecuente afectación na mobilidade viaria e na seguridade, os medios de comunicación informan da parálise total das obras até a vindeira primavera de 2022.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade afirma que se debe, por unha banda, «ás afeccións das liñas de gas e de media tensión» e, pola outra, “á falta de permiso para continuar coa conexión coa autoestrada de titularidade estatal», algo que coñecían desde o ano 2017 xa que segundo se fixo público había un informe do Ministerio de Fomento a este respecto onde se dicía que tendo en conta que era preciso modificar o actual contrato co titular da concesión na actuacións coa AP9, sería preciso subscribir, con carácter previo á execución das obras, un convenio entre as administracións implicadas (Fomento, Xunta e Audasa).

Un argumentario que, ao entender do grupo parlamentario do BNG, visibiliza o alto grao de improvisación con que actúa o goberno do PP na Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a levar a cabo o goberno galego para reactivar, á maior brevidade, as obras da Vía Ártabra?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2022 13:41:31

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2022 13:41:35

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2022 13:41:40



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos alude á importancia do control cidadán sobre a actividade governamental nunha democracia non entendida tan só como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás.

No mesmo sentido, establece que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

A dita lei establece no artigo 2 os principios reitores que se sinalan:

“a) Principio de transparencia, polo que toda a información pública é accesible e relevante e mais toda persoa ten acceso libre e gratuíto a ela, coas únicas excepcións previstas na lei.

b) Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

c) Principio de participación cidadá, polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

d) Principio de veracidade, en virtude do cal a información pública será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.



e) Principio de responsabilidade, que supón que as entidades suxeitas ao disposto nesta lei son responsables do cumprimento das súas prescricións.

f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, que supón que as entidades suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei arbitrarán os medios necesarios para poñer á disposición da cidadanía a información pública na lingua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

g) Principio de reutilización da información, polo que se facilita a difusión dela en formatos abertos para que a cidadanía poida aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.”

Xa que logo, reforzar a transparencia do noso sistema político, ademais dun mandato legal, é unha das funcións mais salientable que debe cumprir o conxunto dos poderes públicos de Galicia, dando resposta á crecente demanda cidadán existente neste sentido.

É neste contexto no que se propugna esta iniciativa , que ten por obxecto que instar a Xunta de Galicia a creación da Oficina de Control Orzamentario, dotada da necesaria independencia respecto do poder executivo da Xunta de Galicia e co fin de garantir o necesario asesoramento parlamentario nas cuestións que fan referencia á execución orzamentaria, así como para afondar nas análises económico–financeiras nos traballos a desenvolver pola Cámara lexislativa galega.

Daríase resposta deste xeito á necesidade de articular no Parlamento de Galicia un mecanismo eficaz de asesoramento técnico que vén sendo demandado desde os diversos grupos parlamentarios, baseado nos principios de obxectividade, transparencia e independencia, e co obxecto de facilitar igualmente a información dispoñible para o conxunto da cidadanía galega.

Así, a Xunta de Galicia deberá en todo momento, vía informática, e por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados, informar ao Parlamento de Galicia da súa execución orzamentaria.

Entre as funcións asignadas a esta Oficina de control orzamentario estarían as de:



- a) Asesorar tecnicamente aos grupos parlamentarios en materia orzamentaria.
- b) Servir de apoio aos órganos da Cámara, aos grupos parlamentarios e a os deputados e deputadas no control continuado na fase de execución dos Orzamentos anuais da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico dependente dela.
- c) Informar aos grupos parlamentarios e aos deputados e deputadas, especialmente aos membros da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, da documentación relativa á aprobación, execución e liquidación do orzamento.
- d) Elaborar informes, comunicacións o resumes sobre a documentación á que se refire o apartado anterior, así como sobre a documentación de carácter económico e orzamentario recibida na Cámara, tanto por iniciativa propia da Oficina de Control Orzamentario, como por solicitude dos grupos parlamentarios ou da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.
- e) Facilitar aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a documentación suficiente que afecte a cada comparecencia con carácter previo.
- f) Asesorar á Ponencia da Comisión correspondente na tramitación do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.
- g) A información, asesoramento e apoio sobre calquera outra actividade parlamentaria de seguimento e control continuado do orzamento.

Ademais a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar tanta información considere e solicitar, no seu caso, as oportunas explicacións. Ao fronte deste departamento podería ser nomeado un director ou unha directora, entre persoas independentes e con experiencia nas disciplinas económicas e orzamentaria.

A creación desta Oficina de Control Orzamentario igualmente afondaría nos aspectos da información periódica de carácter orzamentario e financeiro que debe ser facilitada pola Xunta de Galicia, no tocante ao grado de execución das diversas partidas que conforman o gasto público, á vez que completa a información non soamente aos orzamentos limitativos da Administración xeral



autonómica e dos seus entes autónomos, senón para o conxunto do sector público galego, obtendo unha información máis ampla e integral.

Mais cando o conxunto de sociedades, entes de dereito público e fundacións do sector público, moven unhas dotacións de centos de millóns de euros, e dos que actualmente non se recibe información periódica no transcurso do correspondente exercicio económico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a creación dunha Oficina de Control Orzamentaria, independente do poder executivo e adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, contribuiría de xeito importante ao necesario control que a cidadanía, a través dos seus representantes, deben ter sobre as actividades do goberno, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 09:23:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 09:23:54



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia viña experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada. A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte: En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.

En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10. Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) Cantos proxectos adicionais en Galicia están en marcha? Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros? Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes.

En setembro do 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos case 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos. Un aforro, que motivado pola crise da Covid-19.



A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para fomentar o impulso do investimento en Galicia, que atenda a captación externo como ao procedente do aforro dos galegos e das galegas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2022 13:46:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2022 13:46:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de darlle continuidade ao proxecto de investigación CovidBens.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que a finais do mes de novembro o proxecto CovidBens iniciado no mes de abril de 2020 rematará por falta de financiamento.

Este proxecto de investigación púxose en marcha entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, a UDC, Universidade da Coruña e o Inibic, Instituto de Investigación Biomédica. Un proxecto consistente en realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, para vixiar a evolución da epidemia.

A información facilitada permite detectar con antelación a presenza de patóxenos, e polo tanto anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos o antes posíbel.

Durante este máis de ano e medio foron quen de detectar, cunha antelación de como mínimo dúas semanas, o impacto do SARS-CoV-2 nas augas residuais procedentes de arredor de 400.000 fogares da área da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera que non podemos permitírnos o luxo de non darlle continuidade a todo o coñecemento adquirido, á investigación, aos modelos estatísticos para predicir o impacto, á detección de variantes.

Se algo nos ensinou a Covid 19 é que hai que seguir alerta, que non se pode baixar a garda e polo tanto é fundamental ter capacidade para detectar a presenza de virus, bacterias ou outros patóxenos para anticiparse a ameazas ou pandemias futuras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Vai atender as demandas do grupo de investigación CovidBens e poñer en marcha a nivel galego unha rede de vixilancia epidemiolóxica para a detección e alerta anticipada de virus nas augas residuais partindo do coñecemento deste proxecto de investigación?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:23:34

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 09:23:43

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 09:23:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todas as decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta de Galiza foron na dirección de condicionar a atención sanitaria da área de Vigo, para garantir a súa dependencia da sanidade privada.

Nesa dirección foi a redución de camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e a infrautilización doutras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto millonario con Povisa.

Un modelo asentado en converter en negocio para as empresas privadas a atención sanitaria. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario. Un modelo polo que lle teñen entregada á empresa privada unha parte importantísima da atención hospitalaria do sur da provincia de Pontevedra.

As consecuencias desta estratexia privatizadora do PP son os 1.400 millóns de euros que temos que pagar as empresas concesionarias polo Hospital Álvaro Cunqueiro até 2035.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta estratexia vemos como continúan a dar pasos decididos, o último o 26 de outubro coa publicación dun Acordo Marco para a prestación de servizos sanitarios na Área Sanitaria de Vigo.

Un contrato de millóns de euros para que os hospitais privados rebaixen a lista de espera da Área Sanitaria de Vigo. Un acordo marco para que os hospitais privados presten os servizos sanitarios que tiña que prestar a sanidade pública, a unha poboación de 566.352 cidadáns con tarxeta individual sanitaria pertencentes a 26 concellos: Arbo, Baiona, A Cañiza, Cangas, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Garda, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Ponteareas, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui e Vigo.

Un acordo que significa destinar á sanidade privada 16.500.000 en dous anos, que con modificacións e prórrogas poden chegar aos 49.500.000 euros.

É inaceptábel que o Sergas na vez de adicar estes recursos á sanidade pública para dar resposta ás necesidades sanitarias, opte por deixala baixo mínimos mentres destina millóns de euros a empresas privadas para facer unha actividade que se pode e debe realizar nos hospitais públicos.

Un dos grandes beneficiarios deste contrato marco vai ser Povisa/ Ribera, que temos que lembrar que é un grande perceptor de diñeiro público a través do concerto de máis de 80 millóns de euros anuais, supón arredor do 40% da totalidade da actividade sanitaria que o Sergas concerta con entidades privadas, para que xestione a asistencia sanitaria de 140 mil persoas da Área Sanitaria de Vigo. En xuño deste ano tiña 2766 persoas en lista de espera cirúrxica, e a pesares desta situación, o Sergas na vez de esixirlle responsabilidades, decida premiar a este hospital e aumentar aínda máis a súa financiación, cun máis cartos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

As decisións do Partido Popular en materia de sanidade non son inocentes, ao final sempre está a sanidade privada e o negocio.

É claro o obxectivo da Xunta de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns.

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade, ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

A Xunta está actuando como comercial das empresas privadas, dos fondos de investimento. Pretende normalizar o traslado constante dos cartos da sanidade pública á sanidade privada, a vez que non só está privatizando o sistema sanitario, senón tamén incentiva a baixa calidade asistencial.

É preciso que a Xunta rectifique, que deixe de actuar como comercial, das empresas privadas, dos fondos de investimento e empece a defender o dereito da veciñanza da Área Sanitaria de Vigo a unha sanidade pública de calidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera unha aposta pola sanidade pública destinar a contía de 49.500.000 a un Acordo Marco para que os hospitais privados rebaixen a listas de espera da Área Sanitaria de Vigo, na vez de destinar eses recursos ao fortalecemento da sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 09:31:02

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 09:31:07

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2022 09:31:16

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 09:31:23

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:31:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á construción dunha escada de peixes no río Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No río Deza estanse acometendo obras para realizar unha escada de peixes na presa de Saídres, nun tramo que discorre polos concellos de Silleda e Vila de Cruces.

Resulta sorprendente que esta escada, moi precisa dende hai moitos anos, se estea realizando xusto cando está a punto de rematar a concesión do aproveitamento hidroeléctrico, e que ademais non resolve o problema, xa que o mantemento de caudal ecolóxico do río non é respectado pola concesionaria, cando menos unha parte importante do ano, fundamentalmente no verán,

Todo fai sospeitar que esta obra non é outra cousa que a xustificación para conseguir a prorroga da concesión. Temos que lembrar que, pese a ter varias sentenzas dende hai máis dunha década que obrigaban á concesionaria a construír a escala de salmónidos, esta nunca a executou. Este abuso persistiu ao longo dos anos pola conivencia do PP coas empresas eléctricas que en vez de obrigalas a cumprir mira para outro lado, ao igual que diante dos continuos vertidos que sofren os ríos Arneiro e o Deza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o río Deza leva máis dun século de aproveitamento privado das súas augas, do que a concesionaria obtivo cuantiosos beneficios sen deixar nada no territorio, salvo o deterioro da vida no río, e que está a punto de vencer, o BNG considera que unha vez remate a concesión, o Deza debe quedar libre de presas que impidan a libre circulación dos peixes e o desove dos salmónidos nas Trigueiras.

O BNG defende que o río Deza volva ao seu estado orixinal, libre de calquera obstáculo que impida a libre circulación dos peixes e o acceso dos salmónidos ás Trigueiras onde poder desovar.

Rexeitamos unha nova concesión ou prorroga da actual, é preciso que a Xunta explique o por que da realización das obras nestes momentos, se cumpren a normativa vixente de pesca fluvial, se hai realizado e aprobado estudos de impacto ambiental e todas as autorizacións que obriga a lexislación, así como si se teñen feito inspeccións e o resultado das mesmas.

Por estes motivos formúlase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

É coñecedora a Xunta de Galiza das obras que se están levando a cabo no río Deza, nun tramo que discorre entre os concellos de Vila de Cruces e Silleda, para a construción dunha escada de peixes?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:33:26

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 09:33:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para evitar o desafiuzamento de familias de vivendas en mans da SAREB no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda é dereito teórico, recoñecido na lexislación, mais que na práctica é inaccesíbel para unha ampla maioría da poboación. A vivenda segue a ser concibida, tanto polo Goberno galego como polo Goberno do Estado, coma un ben de investimento e non coma un dereito. As políticas que levan a cabo dificultan constantemente a miles de persoas o dereito a unha vivenda digna, expulsando á xente das súas casas, tronzando proxectos vitais ao privarlas dunha vivenda na que poder habitar.

A política de vivenda que levan a cabo está pensada non para favorecer o acceso á mesma, senón para favorecer a especulación e o negocio. Un claro exemplo é o que está acontecendo no concello de Silleda, onde a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, SAREB, esta a forzar o desafiuzamento de varias familias. Trátase de familias que vivían nun edificio na rúa Emilio Alonso Paz, en réxime de alugueiro, onde o promotor e construtor era o arrendatario. Tiñan establecido con este de xeito verbal unha opción a compra.

A maioría d@s inquilino@s fixeron investimentos nas vivendas para poder entrar a vivir nas mesmas porque estaban sen equipamentos: mobles, cociñas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

electrodomésticos, pequenas reformas... agardando acadar a súa propiedade, chegando nalgún caso a gastar ata 15.000€.

A situación actual ven derivada de que a pesares de que @s inquilin@s pagaban o alugueiro correspondente, o promotor non foi pagando a hipoteca polo que o banco procedeu á execución hipotecaria.

Posteriormente, o banco cede os pisos á Sareb e comeza unha negociación cos avogados para buscar unha solución, fose de alugueiro ou de compra dos inmobles. A pesares disto, neste verán a Sareb rompe unilateralmente as negociacións, sen atender a razóns, e insta no xulgado a orde de desaloxo de cando menos 10-12 familias, con nenos de moi curta idade.

Esta posición por parte da SAREB está causando graves prexuízos ás familias, primeiro de índole económica, xa que realizaron un investimento nos pisos que non van recuperar, supónlle abandonar as vivendas sen ter outra alternativa nin para vivir nin para depositar os mobles e aparellos que son da súa propiedade, mais segundo tamén todos os prexuízos que teñen a ver co cambio de zona de residencias como pode ser a actividade laboral ou a escolarización d@s nen@s xa iniciado o curso.

É paradóxico que no mesmo verán a Sareb fixera pública unha nova na que dicía que poñía a disposición dos concellos vivendas para alugueiro social, mentres desaloxa aos inquilinos das súas.

A débeda provocada pola desastrosa xestión realizada polas entidades bancarias converteuse en débeda pública que temos que asumir tod@s con orzamento público, salvan aos bancos, facéndose cargo dos activos tóxicos, e despois permítenlles seguir actuando en función dos seus intereses e non dos da maioría. Se a débeda da Sareb é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publica, as súas vivendas tamén deberían ser públicas, e deberían estar para resolver os problemas da poboación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai realizar a Xunta de Galiza algunha actuación para que a SAREB estableza unha negociación c@s inquilin@s afectad@s de cara a evitar o seu desaloxo e que poidan manter as súas vivendas?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2022 09:35:03

Alexandra Fernández Gómez na data 13/01/2022 09:35:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:35:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza opta por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación e nas condicións laborais dos/as traballadores/as. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando, de xeito que son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre está privatizado, a través de diferentes concursos. O BNG considera que como servizo esencial non pode estar en mans de empresas privadas, que teñen como obxectivo acadar beneficios, defendemos a necesidade de que o mesmo se realice mediante a prestación directa por parte da Xunta, na xestión, na provisión e na titularidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego asumir a súa responsabilidade de prestar unha atención de calidade e iniciar o proceso para prestar o servizo de Transporte Sanitario Terrestre de forma directa na xestión, na provisión e na titularidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 09:37:44

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 09:37:49

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:37:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a coñecer as accións realizadas pola Xunta para efectivizar o acordo que solicita a transferencia das competencias en materia de saúde penitenciaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021 aprobouse por unanimidade o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado:

1.- O traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio, de xeito que a atención a este colectivo se realice na rede sanitaria pública galega. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios humanos, económicos, e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior co Sergas.»

É preciso que non haxa máis demora neste traspaso de competencias, a integración dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias no





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo Galego de Saúde non é unha mera cuestión de distribución de competencias, trátase de mellorar a saúde das persoas presas e é recomendada por diversas disposicións internacionais. A transferencia tería efectos beneficiosos sobre a saúde da poboación reclusa.

En xeral as persoas presas adoitan ter unha saúde máis precaria que o resto da poboación, debido fundamentalmente á falta de servizos sanitarios de calidade, de probas diagnósticas rápidas e de tratamentos axeitados. Sen eses recursos, nas prisións moitas doenzas convértense en crónicas e ás veces terminan coa coa vida das persoas reclusas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para facer efectivo o acordo unánime da comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 24 de xuño 2021, demandando o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galiza para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 09:42:50

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 09:42:54

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 09:43:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á morte dun doente nunha ambulancia sen condicións técnicas nin persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ven de denunciar o falecemento o pasado 16 de setembro dun doente mentres era trasladado ao hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria, ademais de contar unicamente cun condutor.

Segundo a información facilitada o doente viaxaba no interior da ambulancia acompañado por un familiar e sufriu unha indisposición, diante da cal non se lle podo realizar as necesarias tarefas de atención, xa que nin se contaba co material necesario para facelas, nin espazo, nin co persoal. O vehículo é de tipo A e non está adaptado para poder prestar asistencia sanitaria e na mesma só ía un condutor.

As peticións de que é preciso reforzar o servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo veñen de lonxe. Reforzo preciso para que o 061 teña vehículos na súa propia rede, adaptados para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e cunha dotación de dous profesionais co título de técnico. As peticións son sistematicamente desatendidas por parte do Sergas, do 061, que na vez de reforzar con medios propios, continúa prestando servizos en precario, botando man de empresas sen realizar





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

licitacións e sen as condicións precisas. No caso de Vigo co Colectivo Extremeño de Ambulancias (Coexam).

Segundo veñen denunciando esta empresa presta servizos para o 061 con até catro ambulancias, tres delas son de tipo A, polo que non están preparadas para prestar asistencia sanitaria, en ocasións usan de tipo B, pero cun só condutor/a, que non está permitido na normativa de transporte sanitario de Galiza. A maiores non conta con instalacións axeitadas en Vigo para realizar as labores de limpeza e desinfección e agarden os vehículos mentres non son activados para realizar os servizos.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade. Son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo. Infelizmente este non é un caso illado, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

O BNG considera preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións, depure responsabilidades e rectifique, diante do fatal desenlace da morte dunha persoa nunha ambulancia, que todo indica que non cumpría a normativa do transporte sanitario que en Galiza ven regulado no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, no que se establecen as condicións técnicas requiridas aos vehículos, ambulancias, que prestan o servizo de transporte sanitario por estrada, así como a dotación de persoal precisa e a cualificación profesional requirida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como xustifica a contratación por parte do 061 de ambulancias para transporte urxente de doentes que non cumpren nin os requisitos técnicos, nin de dotación de persoal, nin espazo establecidos na lexislación?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:08:04

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:08:12

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:08:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicidio consumada prodúcese 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas públicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:10:43

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:10:46

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:10:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algunha lección nos deixa a Covid 19 é a importancia de ter unha Atención Primaria forte e ben dotada para protexer á poboación. Si o seu reforzo e cambio de modelo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

Esta constatación fixo pensar que a Xunta de Galiza ía tomar nota e rectificar a súa política de acoso e derribo, fixo albergar a esperanza de que se ía proceder ao impulso, á mellora da Atención Primaria.

Que despois do enorme esforzo realizado pol@s profesionais, se ían poñer en marcha medidas para rematar coa sobrecarga asistencial crónica, coa precariedade.

Máis a realidade é que moi ao contrario o PP está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo manténdoa colapsada, con falta de profesionais, sumida nun pozo máis e máis profundo.

No medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos, cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aproveita o PP para afondar no afastamento dos servizos sanitarios e da resolución dos problemas da poboación , na vez de impulsar unha atención de calidade e próxima.

Atención Primaria atópase nuns niveis de saturación inadmisibles. Aumento da presión asistencial pola multiplicación da demanda, sobre de todo nos concellos de aumento da poboación polo turismo, e que teñan que afrontar o traballo cuns cadros de persoal aínda máis reducidos do habitual ao non substituír as ausencias, vacacións ou xubilacións.

Era imposíbel atender a presión asistencial existente, antes da quinta onda (co aumento dos contaxios), da campaña de vacinación e das vacacións do verán e moito menos con todos eses elementos, e as consecuencias afloraron con toda crueza este verán.

As consecuencias son o persoal exhausto, e a poboación sen a atención debida, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos por un profesional distinto, listas de espera de semanas para a atención telefónica e presencial.

Están nunha situación límite desde @s celadores/as e PSXs pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo. Axendas interminábeis de ata 70 ou 80 doentes, en quenda de mañá, ao ter que asumir a atención habitual, as e os doentes crónicos, e tamén as d@s profesionais que non son substituíd@s, das persoas desprazadas ou das urxencias, ademais do proceso de vacinación e facer o diagnóstico e seguimento de todas as persoas positivas pola Covid 19 que se están multiplicando dun xeito exponencial, polos déficits tremendos do sistema de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rastrexo, ao que hai que engadir a habilitación da Chave 365 e os certificados de vacinación.

O Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental tanto d@s profesionais como da poboación coa situación na que ten a Atención Primaria; lonxe de aportar solucións fomenta o enfrontamento da poboación co persoal da sanidade pública.

Ten que producirse un cambio de rumbo, medidas para que Atención Primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario e deixe de estar secundarizada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:21:20

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:21:45

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:21:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade dun Plan de Mellora da Atención Primaria con recursos humanos e orzamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante a primeira fase da pandemia orixinada pola COVID-19, de contención do virus, o elemento sanitario chave foron as Unidades de Coidados Intensivos (UCI) e a atención hospitalaria, porén, a Atención Primaria tórnase en fundamental á hora de detectar novos casos e facer o seu seguimento.

É preciso poñer en marcha un Plan para a Atención Primaria que recolla o aprendido nesta crise mais tamén todas as demandas que existían con anterioridade

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios da última década polo que se o seu reforzo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para enfrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación. Mais tamén urxe un cambio de modelo, reverter as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da Sanidade Pública Galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxe a preparación da Atención Primaria a través dun Plan dotado no inmediato con 200 millóns de euros; partindo dos traballos realizados polas 16 comisións técnicas do Consello Técnico de Atención Primaria de Galiza para a reforma deste nivel asistencial.

Por todo isto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa a auténtica porta de entrada ao sistema sanitario?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:26:58

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:27:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo tanto o que teñen é un material obsoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Non coida que 26 anos desde a publicación do Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria é tempo dabondo para iniciar a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2022 10:28:26

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 10:28:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:28:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dxs galego falantes na Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os galegas e galegos só atopamos dificultades para vivir con normalidade en galego. O noso idioma sofre marxinación en ámbitos tan diferentes como no ensino, na administración, na xustiza, no audiovisual, no lecer, medios de comunicación, edición de libros...

Ter unha lingua propia é unha riqueza, é un tesouro. Normalizar a lingua é normalizar a existencia plena do pobo galego.

Por iso é incomprensíbel que o PP, con Feixóo á cabeza, se empeñe en debilitar a lingua propio do pobo galego, facendo que perda protagonismo polas políticas de desprezo e agresión que practican.

Dentro do incumprimento xeneralizado por parte da Xunta de Galiza a Consellaría de Sanidade é das que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados xs doentes, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial...

É inaceptábel que o Goberno galego na vez de impulsar o coñecemento, o uso e o respecto dos dereitos lingüísticos das galegas e galegxas sexa o principal incumpridor, e aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai rectificar a Consellaría de Sanidade a súa política de agresión ao idioma galego tomando de inmediato todas as medidas precisas para garantir os dereitos lingüísticos dxs galego falantes?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:30:10

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 10:30:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A situación da Atención Primaria en Galicia está no límite. A sobrecarga asistencial á que son sometidos as e os profesionais choca con anos de recortes e desatención do sistema por parte do Goberno autonómico que afrontan, agora, as súas crúas consecuencias.

A pandemia provocada pola Covid foi un test de estrés absoluto para o sistema sanitario, e de maneira moi especial para a Atención Primaria que foi a primeira fronte de batalla ante a avalancha de casos, necesidades de probas, avaliación de cada situación individual, seguimento e protección da poboación en termos de saúde comunitaria. O rendemento do conxunto das e dos profesionais do sistema galego público de saúde foi excepcional, mais a realidade é que case dous anos despois o sistema reséntese de atoparse ante o voluntarismo extremo destes profesionais como principal arma. Se xa antes da chegada da Covid a Atención Primaria clamaba por unha necesaria reformulación, froito do aumento da súa carga asistencial (avellentamento da poboación, cronicidade...), pero tamén como oportunidade ante a posible incorporación de novas profesións e ampliación de capacitacións dos profesionais xa existentes, a pandemia acelerou todos os problemas e puxo ao sistema ante o espello de si mesmo para comprobar a debilidade dalgunhas costuras.

Por afrontar algúns datos: en termos de déficit de persoal, o principal eixo dos problemas actuais do sistema, a sanidade galega ten agora mesmo case 1.000 profesionais menos en Atención Primaria que no ano 2009, o que evidencia a política de recortes e como esta afectou especialmente ao nivel de primaria.

A maiores disto, en termos de formación dende 2009 e a chegada dos gobernos de Núñez Feijóo a Galicia a Comunidade Autónoma renunciou a formar ata 150 médicos de familia e comunitaria que podían ser ofertados a través das distintas convocatorias MIR, que ademais nunca foron potenciadas polo Goberno estatal ata a convocatoria 2019, a primeira dende a moción de censura de xuño de 2018. O Goberno de España non permitía aumentar a convocatoria e Galicia non ofertaba todas as prazas posibles renunciando a formar profesionais que hoxe estarían dispoñibles. Hoxe estas convocatorias MIR abertas polo Goberno de



España aumentaron nun 40 % para médicas e médicos de familia e un 30 % no caso da pediatría.

As condicións laborais que se ofertan no sistema galego están entre as de peor calidade de España para Atención Primaria, con contratación moi precaria sobre todo en termos de temporalidade. Os contratos de continuidade, para cubrir substitucións, teñen duración menor e maior inestabilidade xeográfica que as demais comunidades autónomas que os ofertan.

Os recortes de persoal, sumados a unhas precarias condicións laborais e a renuncia a formar profesionais ofrecen agora un duro panorama. Non en tanto, aínda son posibles algunhas medidas que Galicia tarda ou evita potenciar. Entre elas, fundamentalmente, está a aposta pola multidisciplinariedade real no eido da Atención Primaria, fuxindo dun sistema excesivamente médico – centrista que permita ampliar o abanico de profesionais, diversificando as posibilidades de atención, liberando aos facultativos de espazo e tempo e facilitando unha atención máis específica das problemáticas das e dos pacientes. A incorporación dun verdadeiro número de fisioterapeutas, a conectividade real da saúde mental coa Atención Primaria (que xa ten sido testada en programas piloto hai tempo dentro do propio Sergsd con resultados prometedores), a incorporación de servizos de podoloxía, maior número de traballadoras sociais, a ampliación real de capacitacións de enfermería, a creación de novos espazos como a xestión de caso e demanda ou a formación de persoal administrativo específico para atención primaria permitiría desafogar un sistema que mantén un funcionamento que provoca nós e embigos nos procedementos. A pesares de existir estas propostas en todos os debates, diálogos e comisións de traballo que se constitúen, non existe unha política decidida de afrontamento dun verdadeiro cambio de modelo, que devolva as xerencias en atención primaria dentro das direccións das áreas sanitarias, con autonomía e capacidade orzamentaria e de xestión.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao límite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno de Galicia que ten a capacidade de afrontar realmente un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue ás e aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 10:34:44

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 10:34:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a axilizar a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Silleda e Lalín levan realizando a petición de inclusión dos mesmos na Área de Transporte Metropolitano de Santiago desde hai varios anos, sen que até a actualidade se teña producido a mesma.

Os dous concellos teñen unha relación preferente con Santiago, xa que forman parte da mesma Área Sanitaria co que iso supón de necesidade de desprazarse tanto para consultas, tratamentos ou hospitalizacións. Outro motivo de desprazamento é a relación académica tanto a nivel universitarios como de ensino secundario, ao que hai que engadir a relación coa Administración ou os desprazamentos por motivos comerciais, de ocio ou culturais.

O BNG defende o transporte público como alternativa competitiva, eficiente e máis sostíbel medioambientalmente e consideramos preciso facilitar a accesibilidade e a mobilidade da poboación promovendo as redes de transporte público urbanas e interurbanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha evidencia a importante mobilidade da veciñanza destes concellos con Santiago, ao igual que a nula alternativa de ningún outro transporte colectivo que non sexa o autobús. Isto fai preciso que desde as administracións se dean os pasos precisos para facilitar a comunicación dxs veciñxs.

A inclusión na Área de Transporte Metropolitano é un avance nesa dirección, xa que xs usuarixs poden obter vantaxes económicas coma a bonificación do prezo da viaxe ou os transbordos gratuítos, descontos adicionais a determinados colectivos e a gratuidade xs mozoas que dispoñan da tarxeta Xente Nova.

Consideramos precisa a integración como primeiro paso para acceder ás vantaxes que a mesma ofrece, mais parella á mesma é necesario avanzar en mellorar e aumentar o servizo, as rutas e as frecuencias, de xeito que as mesmas respondan ás necesidades da poboación e coincidan cos horarios de consultas, aulas, comerciais...

Toda vez que os concellos de Silleda e Lalín teñen solicitado a integración na Área de Transporte Metropolitano de Santiago e que en decembro de 2019, a Xunta de Galiza publicou unha orde na que regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da súa competencia, de xeito que os menores de 21 anos poderán viaxar gratis no transporte público interurbano das áreas metropolitanas e en toda a provincia de Ourense, co compromiso de ir estendendo progresivamente a medida a todo o territorio; formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón de que non se teña producido a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago a pesares de telo solicitado os mesmos anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé


Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2022 10:39:22

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2022 10:39:32





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

